-El conocimiento de la empresa que se había montado en O Castro había llegado a América, y allí tuvimos varias proposiciones para repetir la experiencia al otro lado del Atlántico. La frustración que supuso la entrega de las tierras sargadelianas a los alemanes, y una esperanza que nacía en la Argentina con el cambio de régimen, además de la ilusión que suponía

ponerme en contacto con la intelectualidad gallega que se encontraba allí exiliada y que de hecho representaba la tradición y el futuro que en Galicia estaban marginados, me animaron a trasladarme a Argentina.

En este época, recién salidos de la IIª Guerra Mundial, empezaba la preocupación por la reforma de la empresa, claro está, de la empresa capitalista, pues se supone que la empresa del Estado no lo era. El desprestigio de la empresa capitalista venía de la consideración de lo injusto de un sistema de relación: el capitalismo, pero no se quería caer en la colectivización.

En esa época se puso de moda el capitalismo popular, y la empresa que formamos en Argentina siguió este modelo, que al igual que todas las del capitalismo popular, terminó como tal en fracaso, porque enseguida los más vivos se fueron haciendo con la mayoría, adquiriendo pequeñas participaciones que a nadie interesaban.

-¿Cómo estaba constituida la empresa de O Castro entonces?

-O Castro estaba constituida por 3 socios que tenían el 100% del capital: al irme yo para América, se incorporaron los 3 socios del equipo industrial, a los que se entregó el 27% del capital, estructura societaria que sigue hoy.

Para poder atender la empresa formada en la Argentina y la de O Castro, entre 1955 y 1968 crucé el Atlántico 20 veces en un sentido y otras 20 en el otro. La experiencia argentina me sirvió de mucho, pero sobre todo para contribuir en un proyecto de empresa atípica que tuviese como horizonte recuperar la memoria histórica de Galicia. Luis Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Núñez Búa, Antonio Baltar, Blanco Amor, Arturo Cuadrado y Alberto Vilanova estuvieron en las discusiones teóricas. Con Luis Seoane formé una sociedad en 1963, el Laboratorio de Formas de Galicia, que junto con Cerámicas do Castro, iba a ser dinamizador del grupo empresarial que luego se organizaría.

Con el transcurso de los años se van creando empresas, seminarios, museos, etc., con el denominador común de la cultura gallega.

En 1968 ya había una idea concreta de lo que se iba a hacer. En ese momento empezaba a trabajar un sector de la planta circular de Sargadelos en plan experimental. En 1970 se inauguraba ya toda la planta circular, y en

O Castro se inauguraba la primera sala del Museo Carlos Maside. Ediciós do Castro había iniciado ya en el 63 la edición, con lo que en ese momento dejaban publicar, que era muy poco.

En el año 72 se constituye e inicia su tarea el Seminario de Sargadelos, y se instala en Barcelona la primera Galería Sargadelos (en 1975 se crea la Galería de Madrid y en el 78 la de Santiago).

Y un año después se crea el Laboratorio de Industria y Comunicación de O Castro, que va a proveer de mejores instalaciones al Museo Carlos Maside, recoge el Laboratorio Xeolóxico de Laxe Isidro Parga Pondal, las Ediciós do Castro –Artes Gráficas do Castro/Moret-, talleres de diseño, escuela de cerámica, etc.

Lorenzo Varela, recién llegado del exilio, aporta la idea de crear un Instituto de Información en el año 77; después de muchas discusiones surge el proyecto firmado por la Fundación Penzol y el Laboratorio de Formas de Galicia, proyecto que por dos veces hubo de ser considerado de interés público y utilidad social para permitir ubicarlo en San Marcos, sufriendo diversas modificaciones y ampliaciones. Actualmente está en construcción, y su peso recae fundamentalmente sobre las empresas del grupo Sargadelos.

-Todas estas iniciativas cumplen el objetivo último de perpetuar el legado histórico de Galicia?

-Sí. Porque se trata de un grupo de empresas atípico en relación con los intereses que en general mueven a las empresas: la esperanza de hacerlas rentables y lucrativas. Nuestras empresas, que fueron todas ellas hechas por autofinanciación, tratan de cumplir la función de recuperar la memoria histórica de Galicia para proyectar hacia el futuro una solución mejor para nuestro país. Ésta no es una tarea nada fácil porque el panorama en general es el de hacer negocios por el camino más corto; de esta manera se ponen todos los recursos en manos ajenas, y esto supone que con frecuencia grandes negocios se convierten en grandes ruinas para sus propios autores. Y lo peor es que nuestros administradores, aconsejados por despilfarradores más que por auténticos economistas, están legitimando esa función destructora del país.

Aquí hay mucha “pandorquería” dentro del mundo empresarial, somos unos provincianos imbéciles que no sabemos reconocer nuestros valores.

-En todo este “enjambre” empresarial, ¿qué función cumple usted?

-Siempre digo que la más importante es la de templar gaitas y limpiar mierdas. Mis interlocutores se ríen y toman mi respuesta como una broma, cuando desgraciadamente esto es cierto. Los sociólogos saben muy bien que todas las sociedades humanas padecen eso que se llama entropía social, es decir, esa pérdida de energía disciplinada que, al poco tiempo de formarse las sociedades, se empieza a registrar en casi todas las empresas y agrupaciones, proporcionalmente a la incidencia del factor humano en relación con el producto o mercancía obtenido.

-¿En todos estos años ha habido algún intento de compra de alguna de las empresas de Sargadelos?

-No, porque tampoco se iban a vender. Estas empresas nadie las quiere, no resultan rentables para comprarlas por su carácter atípico de estructura y funcionamiento.

-¿Cuál ha sido la relación entre los distintos gobiernos gallegos y sus empresas?

-Las empresas no se meten en política.

Isaac Díaz Pardo, pronunciando un discurso que ninguén entende

Entrevista recollida no libro *Galicia S.L.*. Edicións Xerais de Galicia, 1995.
Daniel Romero e Manuel Rúa.

-Non, non, non é que sexa xudeu... É que meu pai estaba moi ligado á empresa de Isaac Fraga, esa empresa cinematográfica da que aínda existen descendentes e de aí vén o meu nome.

-¿Quen era Isaac Fraga?

-Fraga tivera un gran desenvolvemento e decidiu montar en Santiago un centro para producir carteis nun tipo de imprenta intermedio entre a litografía e o offset de agora. Meu pai, que nacera en Ferrol, veu para Santiago nos anos 20 a traballar nese taller.

Isaac Díaz Pardo entra no mundo da tinta e do deseño ben cedo, porque os Fraga “alugaron unha casa na rúa das Hortas, construíron un alpendre na parte posterior, onde estaba o taller de escenografía e no baixo da casa instalouse a empresa de carteis. Alí nacín eu no ano 20”.

Fillo do Camilo Díaz Balño, paseado en Compostela en 1936, recorda: “Meu pai fora fundador das Irmandades da Fala da Coruña, e na rúa das Hortas acordo entrevistas con Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Antonio Fraguas, Constantino Candeira...”.

-O arquitecto?

-Si, o arquitecto que dirixiu a restauración da Quintana, a Casa da Parra e moitas das obras que se fixeron en Santiago por aquel entón. Candeira era membro do Seminario de Estudos Galegos e foi quen financiou a primeira edición de *A Fiestra Valdeira* de Dieste. Quero facer fincapé en Constantino Candeira porque como non o coñece ninguén...

-¿Que lembra dos seus primeiros anos en Santiago?

-Vivimos polo menos dous anos, na casa que se chamaba da Tumbona. Chamábase así porque o labor das ‘tumbonas’ era ensinalle ás putas a tombarse.

Este padriño meu, Isaac Fraga, era un home moi lanzado e aos dous anos tivemos que ir a Madrid, porque decidiu poñer alí outra instalación, levou a meu pai e ao cabo de ano e medio volvemos para a casa da Tumbon e aí estivemos ata o ano 27 en que mercou a casa un cóengo, don Calixto. Miña irmá e máis eu -polo que escoitabamos na casa- con toda a inocencia pintamos uns letreiros polas paredes atacándoo: “Don Calixto es muy listo, que listo es don Calixto”. Era toda a nosa reacción contra o cóengo... ¿Estoume alargando moito?

-Non se preocupe. Nace vostede baixo o signo do tránsito e das artes gráficas e semella que un pouco de todo houbo na súa vida: longas viaxes, deseños... Pero estabamos na saída da casa da Tumbona.

-Fomos vivir ao número 20 da mesma rúa e alí estivemos ata o ano 1931 en que meu pai se foi á América coa Coral de Ruada. Nese ano veu para Santiago un entrañable amigo seu, Ánxel Casal, o da Imprenta Nós. Parece ser que cambiamos de casa para deixarlle o baixo aquel para montar a imprenta.

-E xa estamos na chegada da Segunda República. ¿Que recorda daquela época?

-Eu aínda non tiña 11 anos. Enterounos da proclamación na Academia Gelmírez o seu director Xosé Texeiro, outro dos que logo padeceron a historia. Xa no ano 36 participei no taller de meu pai, facendo carteis do Estatuto de Autonomía. O Estatuto nace a iniciativa do Seminario de Estudos Galegos, que no ano 31 fai unha publicación que foi o primeiro proxecto de Autonomía dunha rexión en Europa. Baseándose neste anteproxecto, a Asemblea de Concellos do ano 32, convocada polo Concello de Santiago, fai o seu proxecto, que non é o do Seminario. As ideas en certo sentido reaccionarias prevaleceron na Asemblea, por exemplo chamarlle Xunta de Galicia ao goberno galego. O de Xunta foi porque tomaron o nome das Juntas Superiores del Reino de Galicia, de Asturias ou León do século XVI, creadas polo poder central para fiscalizar estes reinos, que tiñan unha certa independencia. O Seminario con bo criterio non se chamaba Xunta, senón Consello de Galicia, e así lle chamou Castelao no exilio ao goberno que creou.

-Debeu ser unha época dura.

-Había unha politización moi grande da mocidade, era outra cousa totalmente distinta ao que é hoxe, ¿non? Eu estaba nas Xuventudes Unifica-

das, naturalmente fomos os que perdemos a guerra, os que sufrimos saqueos na casa... Aínda que era moi novo, estiven medio ano agachado. Despois, durante a guerra, tiveron que traballar nun taller de pintura industrial para poder subsistir e manter a familia, porque nos quedamos absolutamente sen nada. Facendo balance do que pasou no 36 foi verdadeiramente dramático porque aquí nos atraparon coma a ratas nunha rateira.

Sobre esta traxedia persoal e colectiva escribiu o noso entrevistado

¹ : “(.. Teresa, unha veciña que axudaba a miña mai, trouxo de volta o almorzo que lle levara a meu pai, pois según lle dixeron puxéranos en liberdade pola noite. (...) Cando miña nai escoitou que o seu home saíra da cadea perdeu o sentido e non o volveu recobrar de todo nos dous anos que sobrevivíu ferida por un cancro. Ámbolos dous tiñan 47 anos”.

“A miña irmá -20 anos, case 5 máis ca min- saíu a enterarse onde podería estar meu pai, e ao pouco volveu dicindo que o levaran para a cadea de Arzúa e que ía alí acompañada da muller dun vello amigo de meu pai, e nai dun amigo meu -Rodolfo López Veiga-, dixo tamén que eu non podía durmir na casa pois aquela noite podían vir buscarme. Ao día seguinte chegou a miña irmá. Si, a noite anterior tiveran a meu pai unhas horas na cadea de Arzúa, pero non sabían para onde o levaran cara a Lugo. A miña irmá viña desolada. Cando un quere relatar estas cousas decátase de que puiden saber máis cousas das que sei e agora non sei os pasos que deu a miña irmá para saber o de Arzúa e sospeito que ela xa sabía o que pasara.

“Aquela noite durmín na casa de Teresa (...). O de durmir é un dicir, pois non puiden pegar ollo pola sospeita inconsciente do que podía estar pasando (...) Cedo volvíñ para a miña casa e ao pouco chegaron da Coruña os irmáns do meu pai, a tía Camila e o tío Indalecio. Eles xa sabían todo e viñan a recollernos. Don José Puente Castro faláralles e indicáralles que era necesario recollernos inmediatamente pois ao parecer eu corría perigo.

¹ Epílogo de *Os que non morreron* de Xerardo Díaz. Edicións do Castro, 1982; pxs. 167 a 170.

“(...) Xa na Coruña (...) fun co meu tío Indalecio, que vivía coa súa muller no 2º piso dereita do nº 23 da Praza de Pontevedra. Alí pasei medio ano agachado tragando saliva, desesperado máis que pola miña sorte pola que estaba padecendo e aínda ía padecer o pobo español.

“ (...) Pese a que eu vivín sempre cun sentimento de culpabilidade na sospeita de que meu pai morreu para me salvar a min, ou pagou por min débedas que eu podía ter, coido que é notorio que eu fixen todo o posible por superar o trauma e enterrar todo resentimento, ollando para diante, poñendo por riba unha esperanza para o futuro para axudar a vivir a todos, un futuro que hai que facer sen esquecemento da historia, pois malo sería un futuro construído sobor dunha historia mentida ou ignorada; tan malo e tan falso que tarde ou cedo haberían de dinamitalo e facelo saltar polos aires. (...)”

-Pasou a guerra...

-Marchei a Madrid. A ilusión do meu pai era que eu fose arquitecto, pero esa carreira era carísima, moi selectiva, para xente privilexiada, que tivese moitísimos cartos, e claro, fixen algo máis barato que era Belas Artes. Fixen Belas Artes en dous anos.

-¿E iso?

-Gañei unha bolsa da Deputación e fixen Belas Artes tan rápido porque terminada a guerra a xente podía adiantar as carreiras, algún adiantabaas tanto que lle poñía diante do profesor unha pistola e dicía: “bueno, yo vengo a que me apruebe dos años, estuve combatiendo en la guerra...”. E así se fixeron tantas cousas. Non, non é coña isto, ¿eh?

-Rematada a carreira...

-Terminei no ano 42 e fun a Barcelona con vinte e dous anos á Escola Superior de Belas Artes, e alí estiven un ano con Luís Montaner exercendo de profesor de debuxo. Tiven tamén a beca Conde de Cartagena e en plena Guerra Mundial estiven en Italia, en Florencia, pasando unha fame tremenda.

-¿Vostede non participara nunha experiencia de deseño industrial con Carlos Sáenz de Tejada?

-Iso foi no 41. Carlos Sáenz de Tejada foi o principal cartelista de Franco. Fora a París cando empezaba en Europa a idea do deseño industrial. Estaba informado diso e, como era franquista, propúxolle a Contreras, Marqués de Lozoya, director de Belas Artes, levar a cabo unha experiencia na principal das Escolas de Artes e Oficios, facer un gabinete de deseño de maneira que o que se estaba a facer alí tivese algún sentido. Convocaron unha especie de bolsas para cinco rapaces de Belas Artes e cinco de Arquitectura. Fun un dos elixidos, isto era no 41 e durou ata o 42.

-O deseño industrial debía ser moi novidoso para a época.

-Foi practicamente a primeira experiencia que se fixo de deseño industrial, aínda que en Cataluña estaba tamén o Gatepac, unha asociación de arquitectos que empezaban a deseñar e que desfixo o franquismo. O franquismo desfixo todo o que fixera a República. En canto algo lles cheiraba a intelectualidade, ían por el: “este pensa, e se pensa hai que acabar con el”, claro. A experiencia de Sáenz de Tejada fracasou porque os propios profesores da Escola nin nos deixaban entrar nos talleres. Confináronnos na secretaría, na biblioteca, mentres que eles o único que facían era dedicarse a copiar láminas... Eran uns funcionarios deformados, e iso de que viñeran alí a meterlles ideas novas...

Logo de Barcelona volvíñ no 43 outra vez para Madrid e foi cando empecei a facer exposicións, unha en Londres cando terminou a guerra, no 46. Dende o 43 ao 47, esa foia a miña vida profesional e no 47 canse de estar pintando e vendendo cadros. Non tiña vocación.

-Non sería só por iso, ¿non?

-Había algo que a min me molestaba moito. Todo o movemento intelectual do país estaba fóra e triunfar nese momento era fácil: no reino dos cegos o torto é o rei. Pero era unha inmoralidade tamén dicir: “coño, están todos fóra, traballando e loitando contra isto e un está aquí aproveitándose. En Madrid o mesmo o incorporaban a un a pintar o Val dos Caídos ou así... “. ¿Sigo?

As fábricas

Probablemente pola parte que lle toca, Díaz Pardo non só sexa o herdeiro da marca, senón tamén do espírito do vello Marqués de Sargadelos, aquel Ibáñez que revolucionou a industria en Galicia e en España.

No ano de 1791 e na provincia de Mondoñedo, Antonio Raimundo Ibáñez, comerciante de Ribadeo, ergue algo insólito nunha Galicia case feudal, un complexo industrial integral de altos fornos, unha siderurxia que explota a riqueza mineira do sochán próximo: a fábrica de Sargadelos; curiosamente, o primeiro produto é o tradicional pote de ferro que pendurado da gramalleira era elemento principal da cociña tradicional, e despois a subministración de material de guerra para o Estado co que acada o recoñecemento de Real Fábrica, logo viría a produción da louza fina tipo Bristol... Escuramente acusado polos seus inimigos de afrancesado, Ibáñez, a quen o pobo fixo Marqués de Sargadelos, morre a mans deles en 1809, e despois de pasar por sucesivas mans, a factoría pecha definitivamente en 1875. Contan na bisbarra que nos anos seguintes mil casas foron abandonadas e mil familias colleron o camiño da emigración. Na memoria dos galegos permaneceu esta fábrica entre a historia e a lenda. Como di o noso entrevistado: “¿pero como deixamos morrer isto?”

-Vostede ten a intuición de que é necesario recuperar Sargadelos. ¿Por nostalxia, continuidade histórica...?

-Fundamentalmente porque supuxo a primeira experiencia industrial do capitalismo español. Ibáñez, aínda que era un capitalista, era un capitalista puro porque entón non había sociedade capitalista. Tiña unha idea moi construtiva: reunir recursos e con eles satisfacer necesidades concretas que houbese no país. Mentres o capitalismo foi, por outra banda, polo negocio, especulando con todos, Sargadelos foi unha empresa integral que a partir do momento que se pecha, provoca un sentimento de nostalxia pola súa recuperación.

-No 48 funda a súa primeira empresa, Cerámica do Castro, en Sada.

-Si. Empezamos no Castro con dous socios, José Rey Romero, o irmán do que era editor de La Voz de Galicia, e Federico Nogueira. Puxemos un capital igual cada un dos tres. Era unha especie de laboratorio que empezou a ir moi ben. Ao pouco tempo tiñamos cento e pico de empregados traballando e xa estabamos vendendo e exportando.

-¿Que acontece entre o 48 que nace a empresa e o 51, no que se fai a primeira exposición de cerámica do Castro?

-Comezamos case de cero. Houbo que facer laboratorios de ensaio e formar algunha xente de fóra. Cando se empeza a comercializar foi no 50-51. Pero en canto souberon os alemáns que había un bo caolín que daba unha porcelana magnífica, pois por medio do Banco Urquijo metéronse alí e quixeron incluso deixar de vendernos aos provedores españois e absorbelo eles. Daquela as fábricas de Rosenthal en Alemaña tiñan que traballar con outros caolíns, porque estaban privados do mineral que lles viña do Setzlitz, nos Sudetes, baixo influencia soviética.

-¿Como reaccionan vostedes?

-Pois teño unha conversa en Vigo, no despacho de Valentín Paz-Andrade, con Moisés Álvarez -a quen había meses que non lle subministraban caolín- na que me promete o seu apoio para tentar impedir o que xa víamos vir. Como a única alternativa que tiñamos era xuntar o grupo do sindicato de vidro e cerámica, convencemos ao presidente e procurámonos o apoio de valencianos e cataláns. Entre todos deseñamos unha estratexia conducente a forzar a convocatoria dunha xuntanza do subgrupo de louzas cunha orde do día na que non se facía constar o problema do caolín xa que, de facelo, acabarían por prohibir a reunión.

-¿Conseguiron celebrala?

-Si, por fin un día chegounos a convocatoria do grupo de fabricantes de cerámica. Á xunta tamén asistiron un representante dos alemáns, un avogado do Banco Urquijo (foi o que deu a cara) e o coronel Menéndez Parada que abriu a reunión loando a eficacia destas reunións (non se reunirán nunca) e despois deixounos cun funcionario da organización sindical. O funcionario tratou de impedir todo acordo e que entrásemos no do cao-

lín, pero os cataláns insistiron no tema e conseguiron que puidese intervir. Unha vez que expuxen o tema, o avogado do Banco Urquijo chamoume mentireiro e insinuou que era roxo. Nestas estabamos cando intervén Moisés Álvarez dicindo que eles levaban seis meses sen recibir caolín. O avogado, todo sorprendido, díxolle ao señor Álvarez que pasase polo seu despacho, que el se comprometía a amañar inmediatamente esta situación, momento que aproveitaron os cataláns para insistir en asegurarse que non nos faltaría caolín. Así foi, non faltou aínda que o noso avogado tivo que facer unha requisitoria legal para que entregasen as partidas correspondentes.

-¿Como se viviu na zona que os alemáns se apropiasen do caolín?

-As historias de cando desembarca Felipe Rosenthal no seu avión e viaxa á costa dan moito que contar. Foi o Bienvenido Míster Marshall, pero moito máis dramático. Para min foi unha nova frustración e decido marchar a América.

O xornal El Ideal Gallego do 29 de maio de 1958 facíase eco desta visita nos seguintes termos: “VISITA DEL CONSEJO DE ADMINISTRACIÓN DE LOS CAOLINES DE BURELA. Mondoñedo.- 28.- Desde Santiago de Compostela, donde estuvieron con motivo de haber celebrado una reunión de carácter administrativo, llegaron a nuestra ciudad, de paso para Burela en cuyo término municipal proyectan la instalación de una fábrica de cerámica, los miembros del Consejo de Administración de la Sociedad Explotadora de los Caolines de Burela. Dichos señores eran don Felipe Rosenthal, director de la famosa fábrica de porcelanas del mismo nombre (...). Primeramente visitaron el Ayuntamiento donde fueron obsequiados con una copa de vino español por el alcalde accidental don Angel Castañal (...). En honor a los visitantes se celebró una cena en el edificio de las antiguas Casas Consistoriales, concurriendo especialmente invitados el diputado provincial y director del Instituto Laboral, doutor Mayán Fernández; el alcalde, señor Maril; el escritor Álvaro Cunqueiro, don Ricardo Mourelle y don Efrén Rego Martínez. Amenizó la cena la rondalla que dirige don Manuel Ledo (...).

-Despois do sucedido co tema do caolín, vostede marcha a América aceptando unha invitación para facer na Arxentina unha empresa semellante á de Sada.

-Si. Iso foi no 55. Ao que non mataran na guerra estaba no exilio. Había que recuperar o movemento renovador da arte galega, a obra e a documentación. Foi en América, discutindo coa xente que estaba alí mantendo a nosa cultura -Blanco Amor, Lorenzo Varela, Núñez Búa...- onde se xesta a idea de recuperar Sargadelos, de crear o Laboratorio de Formas, que era un proxecto de Seoane.

-¿Como foi a creación da empresa na América?

-Voume para a Arxentina e alí cometo, he, he, outra das equivocacións da miña vida.

-¿E logo?

-Fundamos Cerámicas de Magdalena e facemos unha cousa moi nova: desenvolver os principios do neocapitalismo. Claro, rematada a Guerra Civil e a europea, o capitalismo estaba moi desacreditado e o comunismo metía medo, estaba avanzando moito.

A idea era con moitos capitalistas pequenos facer capitalistas obreiros, esa era a novidade. Foi unha carallada, porque ao pouco tempo os mesmos obreiros eran os primeiros en vender. ¿Que lles interesaba, ter unhas accións na empresa? Axíña as vendían e o capital non tardaba en volver a concentrarse nas mans dos capitalistas.

-¿Que reflexión tirou desta experiencia?

-Que se tratou dunha trampa, claro. Unha trampa histórica que despois foi substituída pola sociedade de consumo, unha causa desorientadora da conciencia humana. A forma de que a xente non pense é distraéndoa, dándolle drogas e un benestar ficticio para que pensemos que con automóbiles, TV, máquina de bater as xemas -como dicía o Celso Emilio- temos isto e o outro. Pero non temos o poder, claro.

Magdalena foi un modelo de empresa neocapitalista e como tal modelo foi un fracaso. Hoxe o neocapitalismo xa desapareceu. Todas as formas de renovación ou modificación da empresa capitalista, fracasan.

-¿Cal é o modelo de xestión empresarial que aplica vostede?

-O modelo que cabe, que é o capitalista. Non hai forma de facer outra cousa. Coido que habería que facer unha cousa mellor, ¿non?

-Pero Magdalena segue a traballar.

-Si. Concentrouse nunha soa man, que non somos precisamente nós, porque coa inflación que houbo alí a nosa participación perdeu valor, pero seguimos vinculados a ela subministrándolle tecnoloxía.

-¿Iso foi o que o fixo volver outra vez para aquí?

-Ao pouco tempo de chegar alá -paréceme que foi no 62 e nós comezamos no 55-, cae Arturo Frondizzi. Os militares, o crego, e os caciques de turno andaban detrás do proxecto, que estaba en marcha patrocinado polo Goberno da Provincia de Bos Aires, a Universidade da Plata e nós (O Laboratorio Cerámico de Magdalena, L.C.M.) que incluía un Laboratorio de Formas e, igual que facían aquí, aproveitaron a ocasión para facerse con el. A partir de aí díxenlle a Seoane e aos outros: “non hai nada que facer. Isto vaise ao carallo. Hai que volver outra vez a Galiza e facer alá o Laboratorio de Formas”.

-¿Que era o Laboratorio de Formas de Galicia?

-Non é un laboratorio en si. É unha entidade que nace en convenio con Cerámicas do Castro para elaborar e discutir a creación de iniciativas recuperadoras da memoria histórica de Galicia.

Érguese para coller dun andel unha publicación na que explica os obxectivos do Laboratorio de Formas (L.F²): “Axiña o L.F. decatouse de que máis que crear cousas novas, a primeira e principal tarefa que se impuña en Galiza era a de restaurar a memoria histórica, pois por unha serie de circunstancias, que a ninguén se lle escapan, producírase un fondo corte de dúas xeracións e Galiza sufría e aínda sofre unha desmemorización que valeira de contido transcendente todo o que se fai, se non se supera este atranco, pois entre outras cousas córrese o risco de inventar cousas que hai tempo que están inventadas. Nesta orde non se podía esquecer que Galiza tivera unha institución novísima

² I. Díaz Pardo, *Tradición e futuro*, Ediciós do Castro, 1986.

para o estudo e deseño do futuro do país, que practicamente está na base de todos os nosos coñecementos: o Seminario de Estudos Galegos, que abarca todas as áreas de traballo, sendo un deber de honestidade intelectual situalo como antecedente, e, na medida do posible, restauralo.

Así, a carón de emprendementos para producir e reproducir obxectos industriais, había que recoller para o seu estudo e divulgación a obra e documentación do movemento renovador da arte galega a partir de Castela; había que promocionar e espallar o estudo da historia contemporánea de Galiza; había que recuperar a imaxe do que fora Sargadelos, onde hai 200 anos deseñárase unha empresa industrial pioneira de plantexamentos xurídicos e éticos aínda non superados; había que mellorar a imaxe da información e da comunicación, e, en xeral, realizar e apoiar todo tipo de investigación que tivese Galiza no seu horizonte”.

-En 1963, ligado ao novo Sargadelos, aparece a figura de Luís Seoane, exiliado... Non sería o tipo de socio máis presentable para o réxime daquela época...

-Si. Cando o do Castro asociárame cuns señores que máis ben estaban conformes co réxime que había, eran ricos e entón iso non asustaba, o que asustaba era se eras pobre, he, he, e isto foi un pouco salvando as cousas. Cando se crea o Laboratorio en Sargadelos, ten moita oposición, moita resistencia do Ministerio de Industria. López Bravo fixo todo o posible para que non se montase alí... Tivemos moitos preitos, ¿eh?, e moitas dificultades para saír adiante mesmo con socios de dentro, porque egoísmo haino por todos lados.

-A inauguración foi en 1970.

-Cun Seminario de Deseño Industrial que financiaba a Vicesecretaría de Ordenación Económica de Madrid e que nos propuxeron que se organizase conxuntamente co Colexio de Arquitectos de Galicia (presidido por un socio noso que era Andrés F. Albalat) e co Laboratorio de Formas. O curso duraba tres ou catro días e era en Sargadelos, no Castro e na Coruña. O primeiro día inaugúrase a Planta Circular de Sargadelos cunha especie de

festa na que hai unha misa en galego, e iso espertou moito interese en Galicia naqueles momentos. Aquilo encheuse de xente e asistiu o Gobernador Civil. Recordo que non sabía que facer porque nin Seoane, nin García-Sabell, Ramón Piñeiro, Del Riego... querían atendelo. “Non, non, tes que atendelo ti...”. E para el, todos aqueles eran ‘roxos’, claro. Leveino onde Ánxel Fole e presenteillo:

-Fole, o señor Gobernador Civil.

Fole mira para o Gobernador e logo para a fiestra e di:

“Aí vén o exterminador de pescadas”, por Valentín Paz-Andrade, que entraba; entón eu agarro a Fole e dígolle:

-Oes, Fole, o señor Gobernador está aquí. Saúda.

Fole dálle a man e dille: “eu coñecín moitos gobernadores”.

-Unha situación típica do franquismo.

-Pero non parou aí a cousa porque na misa o crego, que era Manuel Espiña, meteunos no ceo a Seoane, ao construtor da planta, Albalat, e a min, e ás autoridades meteunas no inferno, he, he. O Gobernador ao pouco tempo marchou, “no me encuentro bien”, e ao día seguinte mandou a dous deses mataobreiros para deternos a Chávarri, que era o secretario dos Seminarios, e a min.

-¿Como rematou aquilo?

-Chávarri chamou a Madrid: “... el gilipollas del Gobernador Civil quiere echarnos abajo el seminario este porque son todos rojos...” (había cento e pico persoas de todas partes de España, algún da América) e ao final non nos pasou nada, pero os cataláns e andaluces dixeron que a Organización Sindical era unha merda... Foi a morte dos encontros de deseño de tipo oficial.

-En todo este proceso tería que facer concesións.

-Concesións non. Había que ter moito coidado. Eu nunca fixen política dentro da empresa. Houbo total liberdade e metéronse persoas que estaban co réxime, aínda que hoxe digan que non, he, he, pero ben se lles vía. A forza de silencio e de transixir nesas cousas saímos adiante.

No Castro, por exemplo, recibíase tres ou catro veces ao ano á muller de Franco, e había que saudala, atendela... O certo é que eu non podo dicir que ela comercialmente abusase nunca de nós.

-¿Sargadelos segue o modelo organizativo do Castro?

-Quíxose reformar a empresa no sentido de facer un grupo técnico e un equipo de traballadores, grupo nº 1 e grupo nº 2. Nas nosas empresas temos feito o grupo primeiro, o de técnicos. Por exemplo, no Castro, cando eu marchei a Arxentina, constituíuse un grupo técnico e en Sargadelos fíxose ademais outro á parte que se chama Grupo Técnico Organizador de Cerámica de Sargadelos, unha sociedade que intervéen co 15% do capital de Sargadelos. Despois quíxose facer o grupo segundo, o dos traballadores, pero non houbo forma. Ofrecíáselles o 30% liberado, nas mesmas condicións que os outros. Nada. Os sindicatos opuxéronse e non houbo forma.

-¿Como se distribúen as participacións en Cerámicas do Castro?

-O Castro é unha sociedade limitada, de tres persoas primeiro, que se amplía a seis e segue sendo unha sociedade limitada.

-¿E as participacións en Sargadelos?

-Pois tamén é unha sociedade limitada formada por tres socios colectivos: Cerámicas do Castro, o Laboratorio de Formas e o Grupo Técnico e Organizador da Cerámica de Sargadelos. Logo teñen unha pequena participación oito socios persoais: os seis do Castro, Luís Seoane e Varela que puxo unhas pesetas. Fundamentalmente quen domina Sargadelos é O Castro, porque ten o 38% do capital.

-¿Que porcentaxe de participacións ten vostede?

-Teño o 23% do Castro, logo temos practicamente o 50% no Laboratorio de Formas, que á súa vez intervéen en Sargadelos co 18%... Unha maraña. Tal é así que cando os franquistas quixeron meterse con Sargadelos toparon cunha arañeira formada e caeron na presa. Algún por pouco vai á cadea. ¿Vostedes coñecen o libro meu Galicia hoy ³, ¿non?... pois se recordan, alí falo de como en 1976 tivemos unha inspección do Servicio de Información da Presidencia do Goberno porque nos acusaran de recibir ouro

³ I. Díaz Pardo, *Galicia hoy y el resto del mundo*, Edicións do Castro, 1987.

de Moscú para financiar a subversión en Galicia e do documento que asinei denunciando a corrupción na Administración de Xustiza.

-¿Podemos dicir que é un Laboratorio que vostede controla e que quizais fose moi distinto de non estar aí Isaac Díaz Pardo?

-Pois non o sei. Fago todo o posible para que as empresas marchen soas. Se se pelexan entre elas, ese é o seu problema. As xentes pelexan por egoísmos e hai que estar constantemente poñéndoas de acordo. A min cando me preguntan ¿que é o que fas nas empresas?, pois templar gaitas e limpar merdas.

A xente tómao de coña, pero é o problema fundamental. A técnica resólvese como se nada, o problema é a imaxe da empresa e a filosofía que está detrás. Estas empresas teñen un horizonte que é recuperar a historia para servir ao país, non facer libros de historia que non vullan para nada. Fun dominando as cousas porque se non tivese ese equilibrio xa me terían desprazado. O capitalismo puro non ten conciencia e sempre se serve da ignorancia.

-¿Cal pode ser o futuro do grupo se vostede desaparece?

-Teño a idea de que se pode constituír un padroado, un órgano semipúblico con capacidade para fiscalizar a finalidade que cumpren estas empresas, que respecte a propiedade de todos poñendo uns períodos de amortización que poderían chegar ao mellor ata os netos... Despois está o problema de entregar unha empresa aos poderes públicos. O grupo ten que seguir sendo rendible para que despois non teñan que sostelo. Non o sei, aínda non o teño moi concretado. Se é que desaparezo eu e as cousas non van ben, moito do que teña valor para Galicia terá que pasar a institucións públicas.

-Algúha figura xurídica e legal pública xa teñen, ¿non?

-Nós fomos respectuosos coa idea de Sargadelos. No ano 1972 solicitamos que se declarase conxunto histórico-artístico e conseguímolos, concedéronllo ao Laboratorio de Formas. Tamén propuxemos crear un padroado que logo coa Autonomía transferiron á Xunta. É un Real Padroado, que preside a Raíña. Déixannos facer porque teñen confianza, porque non o estamos utilizando politicamente.

Isaac Díaz Pardo: Un proxecto sociocultural para Galicia ⁴ é o asinado título escollido por Xavier Seoane para facer o seu particular percorrido pola personalidade, pensamento e obra interdisciplinar de Isaac Díaz Pardo:

A magnitude do seu labor como artista, pintor, deseñador, debuxante, ceramista, teórico, investigador, recompilador, intelectual, escritor, axente socio-cultural, empresario..., figura magnificamente escolmada na obra citada na que un dos seus fillos, Xosé Díaz, referíndose á traxectoria empresarial do seu pai, formula as seguintes conclusións ⁵: “(...) Contemplando hoxe a traxectoria industrial de Isaac chego á conclusión de que O Castro representou a etapa de rompemento e rexeitamento cun entorno estéril e contradictorio, Magdalena, a etapa de reflexión e preparación, e Sargadelos a consolidación e a plenitude (...). Non é fácil comunicar o fenómeno Sargadelos, por complexo e por extenso. Dende logo non son alleos os conceptos de tradición, prestixio, imaxinación, honestidade, memoria, transcendencia, planificación... Teño un amigo que di que Sargadelos é a formulación culta máis importante da Galicia de hoxe. Eu penso que, cando menos é a formulación económica e industrial de maior releve que se ten feito en Galicia”.

Dos da vella escola

“(..) Recoñecendo sen falsos pudores, que o lucro actúa como móbil importante, non sempre a traxectoria do home de empresa se esgota na consecución de tan estreito apetito. Por riba de devezos de enriquecemento persoal atópase case sempre a vontade de fundación, de creación, de progreso social. Máis que da teima de acumular fortuna privada, trátase de perpetuar ‘a vida na obra’. De prolongar máis alá da morte e incluso do círculo familiar hereditario o froito da iniciativa individual e da enerxía e valentía para realizalo (...).”

⁴ Artigo do mesmo nome en *Isaac Díaz Pardo: un proxecto sociocultural para Galicia*, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 1990, páx. 13.

⁵ “*As industrias da memoria*”, en op. cit., páx. 8

“(...) Fixo todo o que é. Só necesitou o pensamento e a acción para concibir o seu mundo de traballo e o seu imperio fabril. Ten un especial sentido da organización e da aplicación dos métodos e sistemas, e unha peculiar opinión dos instrumentos de xestión da empresa. Os balances, as contas de perdas e ganancias, os cash flow flow, as proxeccións económicas, son para el pouco máis que formularios inevitables (...)”⁶.

Esta particular concepción empresarial á que se refire Alfonso Paz-Andrade, esperta unha intensa polémica con dous bandos claramente decantados: o que loa a concepción ética de Isaac Díaz Pardo e o seu tesón por devolverlle á sociedade os beneficios que xeran as súas empresas; pola outra, os que a consideran obsoleta e un atranco para un maior desenvolvemento das súas fábricas.

-Hai empresarios que opinan que, de estar noutras mans as súas empresas cos produtos que teñen, facturarían moito máis, que o seu grupo se rexe máis por criterios ético-culturais que empresariais.

-Pode que sexa así, a min preocúpame outra cousa que coido máis importante para o país.

-Xeraría máis valor engadido, máis riqueza no país.

-Si, pero eu procurei unha empresa rendible e ao mesmo tempo manexable. Prefiro que a xente veña a mercarnos aquí que abrir fóra. As galerías que máis venden son as que están pegadas ás fábricas, sobre todo no verán, pola xente que vén de fóra: ingleses, franceses, alemáns... A xente comentounos iso de facer unha ampliación moitas veces, pero eu... Que veñan outros e que sexan eles quen se metan nesas cousas. Na economía do país o noso é máis ben un divertimento, se se quere exemplar no de engadir valor, que aplicado á explotación dos nosos grandes recursos, si poderían transformar o país, enriquecéndoo e sacándoo da colonización que padece.

⁶ V. Paz-Andrade, “Un galego como hai poucos”, en op. cit., páxs. 91-93.

-Segundo vostede, ¿o grupo ten a dimensión óptima?

-Non. As empresas están preparadas para producir moito máis, pero non nos interesa. Se do mesmo que estamos facendo se dá unha progresión enorme, ao mellor escarallamos todo. As cousas que son moi identificativas, se se repiten acaban desvalorizándose.

-¿E esa tensión dentro do propio Grupo?

-Si que a houbo, pero afortunadamente eu son o máis vello e foi prevalecendo o meu criterio. ¿Que sentido ten que nós nos puxeramos a montar unha fábrica para facer grandes exportacións? Para min, ningún. Se para o país o tivese, habería que velo, pero a nós nunca nolo preguntaron, e iso que axudamos algunha vez a outros. Nós nunca tivemos ningunha axuda. Tivemos, iso si, todos os enxangamentos. Eu xa non me meto máis.

-Falando de singularidades. ¿Por que non recorren case nunca ás entidades de crédito?

-Por tratar de ser independentes. Practicamente, todo se foi facendo por autofinanciamento, polo que foi xerando o propio grupo. Pódese pedir un diñeiro nun momento para cubrir un furado, pero nada máis. Nós somos da vella escola, eu polo menos, e prefiro ir moi lentamente nas cousas, non por ir amodiño senón por tratar de facelas máis seguras. Ao mellor estou equivocado, claro.

-Non deixa de ser curiosa na sociedade actual esa forma de financiamento.

-O diñeiro non existe, non ten realidade. Antes aínda tiña o respaldo dos metais raros. Hoxe é un papel, uns números, nun ordenador, non é nada. Esta rapaza recibe un diñeiro que eu lle pago e méteo no banco, o banco préstallelo a vostedes, e logo a rapaza necesita outra vez o diñeiro e así o prestan cen veces. Se mete un millón de pesetas no banco con iso pode comprar un piso pero, se pasa un ano, con ese millón que estaba no banco xa compra só o 80% do piso. ¿Quen se quedou co 20%? O banco.

-¿Que lle parece a publicidade? Porque tampouco a utilizan.

-A min abúrreme moito. Nós non temos interese ningún na publicidade ao uso porque non creo que no noso caso repercutise nada na decisión

do comprador. A maior publicidade é que o produto que reciba a xente sexa atractivo, que produza suxestión.

-Sen embargo hai unha preocupación evidente pola modernización no deseño industrial.

-Eu non lle chamaría industrial, hai unha preocupación polo deseño en xeral das cousas, pola intención que vai nelas, que nas nosas pezas tamén teñen un pouco de apreciación moral e forma parte da ética da empresa. As cousas teñen que estar evolucionando. Tradición quere dicir traspaso e a tradición mantense mellor facendo evolucionar as cousas que meténdoas en alcohol.

-¿Como definiría o proceso produtivo que seguen no grupo: semi-industrial, industrial-artesanal...?

-É industrial no que permite o labor. Sargadelos produce milleiros e milleiros de formas e decorados distintos e iso non pode ter unha gran normalización. Presumimos de que o noso decorado é mecánico, que non imita ser a man, senón que ten a autenticidade de ser como é: feito con trepas, con patróns. Vese perfectamente que é con presillas e mecánico. Unha das cousas que se desbotou é o traballo en cadea, tratouse de que a xente fixese algo que dalgunha maneira lle pertencese. Se van ás fábricas verán que o traballo está organizado dun xeito vertical -os tipos de traballo- e horizontal-por técnicas. Ás pezas, aínda que estean producidas en serie, poden poñerlles unha letra debaixo que marca quen as fixo e esa persoa ten a súa responsabilidade, o orgullo se a fai ben ou a pena se a fai mal. Tratamos de humanizalo o máximo posible.

-¿O deseño das obras, sempre é un traballo colectivo?

-Máis que nada trabállase en equipo, agora que tamén colaboraron xentes que fixeron cousas persoais, pero todo dentro dun mesmo deseño xeral de empresa.

Hai calor no Instituto Galego de Información -o último proxecto do grupo-, onde conversamos e fóra chove sobre Compostela e os cristais da oficina. Na mesa, enredando entre os papeis e o vidro embazado pola auga, voa hai uns minutos unha mosca. O noso entrevistado interrompe a conversa incomodado, busca unha

pequena raqueta e proba ata que remata con ela. Igual é unha metáfora. Satisfeito, ri e comenta: “Estamos máis tranquilos así,, non? Con todo o que levamos falado aquí, fan unha enciclopedia”.

Xa é ben noite. Afastado da cidade pola aba dun outeiro, o edificio do Instituto Galega de Información colle certo aire de melancolía. Dende fóra, pódese ver acesa a luz dun despacho sobrio e austero, e unha figura que atravesa a pasarela camiño do auditorio. Apágase a luz e préndese outra un pouco máis arriba que contrasta co escuro do monte. Esta casa enorme e acristalada, feita para albergar o bule bule de toda unha redacción dun xornal, de estilo humanista como gusta dicir o arquitecto Albalat, fica esta noite cun só morador. Isaac Díaz Pardo é hoxe o único habitante deste gran espazo no que ten que vivir/traballar diariamente. Repasa papeis, escribe, ordena os andeis, ata que fai a última ronda como o vixiante polas dependencias do castelo. Sobe ao cuarto e apaga a derradeira luz desta arquitectura de colmea humana sen máis humanidade cá del.

-Nesta casa onde estamos, houbo durante moito tempo un cartel enorme que dicía que aquí se faría o xornal “Galicia”. Unha cabeceira histórica do xornalismo deste país, que en tempos dirixiu o seu amigo don Valentín Paz-Andrade. ¿Como vai ese proxecto?

*-Pois empezará a traballar, a ser un elemento comunicativo, pero hai que agardar o momento oportuno. Estas cousas hai que facelas moi ben. Antes había moitos xornais, moitos, ían vivindo sen grandes investimentos, pero hoxe hai que facelos cuns alardes tremendos e aínda así hai algúns que se veñen abaixo. Os máis técnicos do país fallan. Aí están os exemplos de El Globo, feito polas xentes que máis entenden en España disto (El País), os de Anaya (El Sol) tamén fallan... En cambio, un periodiquiño de nada, cunha mala máquina, ao mellor deféndese. Miren o *Diario de Pontevedra*.*

-Pero vostede terá algún modelo na cabeza, porque aparentemente a independencia é moi difícil.

-En Alemaña están facendo experiencias de montar xornais sen propaganda, pero esas cousas hai que velas a medida que se vaia tropezando cos problemas. Os proxectos están feitos, pero primeiro quero terminar toda as cousas.

-Un xornal integramente en galega semella outra aventura.

-Xa saíu algún e parece que vai haber máis. O problema non é facer un xornal en galego. O galego é moi importante, pero non tanto como para que vaia transformar o país. O problema é que hai que construír unha información histórica e económica, un espírito crítico para dar resposta aos acontecementos. Iso é o que falta porque ¿deportes?, están barbaramente, ¿internacional?, o que din as axencias, nós non conseguiríamos máis, ¿carácter científico?, non podemos competir cos suplementos de El País, están extraordinariamente ben, do melloriño de Europa... Pero da realidade nosa, da relación economía/política, non se di nada.

O exilio, os galeguistas e a empresa

Falar de exilio, de América e do que significou para Galicia, sobre todo despois da guerra de 1936, é dicir palabras maiores. Dono de moitas vivencias, medos compartidos, comunicación epistolar que se nega a publicar ou revelar -sempre cita o exemplo do testamento de Tarradellas, depositado nun mosteiro- porque entende que non é aínda o momento. Pero é como un guerreiro que saca o escudo e parapeta sempre a memoria ou o labor dos exiliados. É este un tema mítico e transcendente na súa vida.

-¿Por que en toda a súa traxectoria sempre hai unha referencia aos exiliados?

-A diferenza entre os emigrantes e os exiliados está en que uns foron alá por necesidades, para mellorar a súa vida; en cambio, os exiliados foron porque amaban a patria que deixaron, pero como había situacións coas que non estaban de acordo, tiveron a dignidade de sacrificar a súa vida para estar protestando por aí. Ese é o gran valor que ten o exilio. É un fito da vontade moral dun pobo como non houbo nunca.

-Semella que houbo máis dunha desavinxa entre os galeguistas do interior e os exiliados.

-Eu teño a obriga moral de defender os exiliados. Despois de que regresaron Seoane, Dieste... a xente de aquí foise convencendo de que os exiliados non comían os nenos crús, non eran deses ultra comunistas que mataban ás nais, he, he. O máis díscolo era eu e comprobaban, he, he, que non comía nin un bocadillo. Eran galeguistas e nada máis.

Aconteceu que Antonio Baltar veu aquí en 1956 cun mandado das xentes que estaban na Arxentina para recuperar o Seminario de Estudos Galegos (SEG), porque Castelao morreu dicindo que había que recuperalo. Aqueles mesmos anos fixérase un intento de recuperar os estudos sobre Galicia coa xente que pertencera ao Seminario -Isidro Parga Pondal, Valentín Paz-Andrade, Cruz Gallástegui, etc.- e publicárase alí na América. Baltar chegou e viu que o do Seminario non era posible, pero quixo recuperar a Sociedade de Economía para que se puidese comezar a traballar. De aí veu que o combatesen, porque crían que era axente do Kremlin.

-Un convencemento moi tardío, porque cando regresaron os exiliados encontráronse con que eran practicamente uns descoñecidos.

-Si, é certo. O réxime anterior xustificou o exilio e tamén houbo intelectuais que quedaran aquí que se atopaban máis cómodos co feito de que os mellores xa non competiran con eles e fixeron todo o que puideron para impedir a divulgación da cultura do exilio. Persoalmente, asistín ao retorno dalgúns dos nosos exiliados e do drama que se presentou nalgún caso.

Cando na América os animaba a volver porque aquí os esqueceran, Dieste non o cría, pero despois de levar varios meses en Galicia escribiulle a Luís Seoane dicíndolle que eu tiña razón.

O propio Luís Seoane, malia vir rodeado dun prestixio internacional, non foi recibido, en xeral, coa calor que se merecía e que o animara a quedarse definitivamente e andou indo e vindo ata a súa morte.

O mesmo poderíamos dicir de Eduardo Blanco Amor, pero o maior drama foi o de Lorenzo Varela, quen o único saúdo que recibiu ao regresar no 77 foi unha nota en *El Progreso* de Anxel Fole facendo máis ben literatura anecdótica. Ao pouco tempo de estar en Galicia convenceuse de que se equivocara en seguir vivindo. Viña coa saúde moi quebrantada. Sabía que tiña que rexeitar o tabaco e o alcohol. Viviu unha tempada na miña casa e comezou a beber da noite á mañá, sen dúbida buscando un desenlace que encontrou axiña. De todo isto falo máis polo miúdo en *Galicia Hoy*. ¿Sigo?...

Por iso penso que é positivo todo o que contribúa a recuperalos, como dedicarlle o Día das Letras Galegas a Seoane, a Dieste e agardo que o próximo sexa Lorenzo Varela.

-Lorenzo Varela, que foi quen aportou a idea do Instituto Galego da Información.

-Un día díxome que se necesitaba unha institución que traballase na información, na recuperación da historia moderna de Galicia, na comunicación, se queríamos restaurar a conciencia intelectual do país. Inviteino a facer un anteproxecto que tomamos como base para xuntar, na casa de Ramón Piñeiro, unha comisión consultiva da que saíu o proxecto do Instituto Galego de Información.

-¿Que lle aporta o exilio ou o trato coas persoas do seu contorno para a creación das empresas do grupo?

-No exilio, esta xente coa que me relacionei tiña pouco que ver coa industria. Algo máis co comercio, pero fundamentalmente eran escritores, artistas e científicos. Idea clara de empresa non a tiña ningún.

En Galicia, antes da guerra non había empresas verdadeiramente importantes, a única General Gallega de Electricidad, hoxe FENOSA. De todos os xeitos, cómpre dicir que Pedro Barrié de la Maza era de dereitas e todo iso, pero tivo un sentido de facer as empresas neste país, pero que non foi el quen as levou a Madrid. Logo viñeron outros, foron quen as levaron. Todas teñen a cabeza fóra. Aquí padecemos diso, non hai unha conciencia patriótica, que domine por riba da empresa. Ese é o gran problema.

-Falabamos hai uns momentos de Isidro Parga Pondal, home que expulsaron da Universidade en 1936, represaliado, e que posteriormente ten moita relevancia na investigación en Galicia. ¿Que relación tivo con Sargadelos-O Castro?

-No 1956 Baltar marcha deixándome encargado de facer que Parga Pondal escriba un libriño sobre xeoloxía de Galicia. Cando se atopou vello dixo: “non lle vou dar o laboratorio á Universidade que me destruíu xa un”. Deixounos o laboratorio e o que fixo Sargadelos foi poñerllo preto da Coruña onde vivía el, para que puidese preparar a outro xeólogo e continuar o seu labor.

-¿Que importancia ten nos estudos de minería?

-Non hai que ver só o aspecto económico das empresas industriais. Parga Pondal inflúe para que logo se faga unha industria cementeira impor-

tante. Estuda Galicia e ve que hai vetas calcáreas, fai o proxecto das fábricas de Oural e ofrécellelo aos capitalistas que tiña máis preto, os Fernández.

-¿Estaba ligado ao grupo dos Fernández?

-Non. Déronlle unha parte pola súa aportación ao proxecto da empresa e agora os familiares xa venderon todo. É así: un técnico chega a uns acordos cuns capitalistas, pero logo, cando as cousas van ben, veñen as ampliacións de capital, o técnico non pode poñer máis e eles van quedando con todo. Claro que non está sucedendo o mesmo nos países máis desenvolvidos. É o que está sucedendo sobre todo en Norteamérica, onde medrou unha economía moi distinta, o que se chama tecnoestrutura da economía, na que a técnica é a nai e entréganlle a maioría. A técnica é a que move as cousas.

-Hai unha idea de que os galeguistas eran xentes da literatura, da arte e da política, pero non da empresa.

-Iso de que o galeguismo era só de poetas é cousa dos inimigos de Galicia e do galeguismo, pero non era así.

Cando vén o franquismo e destrúe o Seminario de Estudos Galegos, destrúe todos os estudos e proxectos científicos, económicos, sociais e xurídicos. O único que deixa no Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos son as humanidades. Acabo de falar de Parga Pondal e de Cruz Gallástegui, investigadores, pero Valentín Paz-Andrade era un home de empresa, que sabía moi ben por onde ía, fixo moito pola economía de Galicia e non era economista, era avogado. Vanse cumprir cen anos do nacemento en Vilalba de Lois Peña Novo, que tamén estaba dedicado á economía. Moito máis tarde Euloxio Gómez Franqueira, que era do Partido Galeguista, crea as Cooperativas ourensás (COREN). Entendía a realidade do país. Podía ter outras condicións como ser un pouco cacique e ata ditador, pero como industrial fixo unha cousa ben feita.

-Euloxio Gómez Franqueira, Valentín Paz-Andrade e Isaac Díaz Pardo, ¿poden ser a plasmación dunha idea de facer empresa comprometida co país?

-Nós somos un caso moi pequeno no dimensionamento, pero na intención si, claro.

De sindicatos, empresarios e macroeconomía

-¿Que relación hai cos sindicatos nas súas fábricas?

-Non pasa nada, porque non nos atacamos.

-¿Como percibe as relacións laborais un empresario como vostede?

-Tratamos de facer as cousas coa xente o mellor posible, nunca houbo ningún trauma por iso.

-¿Que opina dos sindicatos?

-Antes da guerra tiñan unha idea de transformar a sociedade, estaban ligados a partidos políticos. Hoxe non teñen unha idea revolucionaria, son entidades civilizadas ou domesticadas, que lle veñen moi ben ao capitalismo.

-Terán máis funcións na sociedade.

-¿Vostedes cren que hai algún sindicalismo que estea pensando en transformar a sociedade? Non. E sen embargo, se non se transforma a sociedade, non se socializan certas cousas, non se pon a ética polo medio para ser xusto e solidario...

-¿Reafirmase na súa tese de que non se preocupan máis que de problemas intrascendentes?

-En Francia están tratando de solucionar o problema do desemprego repartindo o traballo. Ese é o gran dilema. As persoas aceptan reducir o tempo de traballo, pero non están dispostas a repartir os cartos. Non están dispostas: menos horas si, pero seguir gañando o mesmo. O home chegou ata a lúa, pero os problemas fundamentais de solidariedade non se resolveron. Saímos da selva e tratamos de quedarnos co labor dos demais e traballar nós o menos posible. Ten que haber unha disciplina moral para poder colaborar todos, e hai que ter unha ideoloxía que non a hai. Os sindicatos están defendendo unha parcela da sociedade.

En España hai oito millóns de pobres de solemnidade, iso non lles importa nada porque están defendendo as persoas que están cotizando para eles. ¡Os sindicatos, de socializantes, non teñen nada!

-¿Cal sería a alternativa?

-Tiña que haber, por un lado solidariedade e, por outro, crear unha gran institución que obrigase á xente a cumprir coas súas obrigas, unha disciplina férrea para facer un acto de correspondencia coa solidariedade. Ata Lenin sabía que de cada un, segundo a súa capacidade, e a cada un, segundo a súa necesidade, pero a pesar de todo veñen logo os badulaques. Ese foi o problema que botou abaixo a URSS, non é botarlle a culpa ao comunismo, a culpa foi da contradición do home.

-¿Ten solución o enfrontamento sindicatos-empresarios?

-O vello sindicato vertical franquista non funcionou pero, de todos modos, facer un sindicato no que os traballadores se encontrasen cos empresarios podía ser unha cousa boa. Creo que foi unha pena desbotar iso. Había que desfacer a organización sindical, pero que ao mesmo tempo houbera un sindicato horizontal no que a empresa discutise cos traballadores. Ao mellor era un achegamento á modificación da empresa, que podía discutir as cousas de ti a ti, pero agora non hai ningunha outra solución.

-Tampouco parece que teña moita simpatía polas organizacións empresariais.

-Cando escoito falar a José María Cuevas botándolle a culpa ao Estado do déficit, e penso no Cuevas presidente de Euroforestal que quería cargar ao Estado cos cincuenta e nove mil millóns de pesetas a fondo perdido, unha sociedade que resultou ser unha verdadeira estafa...

-¿Que deberían facer entón?

-Servir as necesidades que ten o país, non o negocio. Todas as grandes empresas de aquí teñen a cabeza en Madrid, pero a culpa témola nós porque hai moitos cipaíos.

-Vostede vai por libre.

-Se o capitalismo, con sentido patriótico e mesmo autárquico dixese: “imos utilizar recursos nosos...”. Autárquico non é tan antediluviano como se cre. Os norteamericanos son moito máis autárquicos ca nós. Temos que facer cousas proporcionadas ao noso tamaño, non copiar aos norteamericanos, en todo caso utilizar a técnica transferida que nos poden mandar.

-Pero estamos nunha economía que contradí moito do que vostede defende.

-A culpa tena a sociedade, que está comercializada. Posiblemente o 80%, digo unha cantidade por dicir, da actividade económica do país, está ligada á industria do automóbil e hai que meterlle estradas, co que custan. Sen embargo, fálase de que o camiño de ferro non é rendible cando o tren paga a súa propia infraestrutura e o automóbil non, ten que pagala o Estado, as Comunidades. Están investindo nunha cousa que ademais consume. O Mercado Común...

-¿Que opina da Unión Europea?

-É unha asociación de mercaderes, que o que queren é vender, e como nós non temos forza para impoñer o noso, porque iso tiña que vir dunha conciencia colectiva de pobo, os que van negociar a Bruxelas –os da pesca ou o leite atópanse que non teñen forza-. ¿Construír Europa?, iso sería formidable, unha cousa que sempre tivemos na cabeza. Pero claro, non temos unha protección das producións primeiras -do campo e o mar, o básico do sector primario- e queremos cambiar todas as cousas. Producimos aquí o 65% do peixe que se recolle ou se recollía na Península Ibérica e resulta que importamos peixe, ¡coño! Aquí producimos o 22% da enerxía eléctrica total, pero as empresas tributan en Madrid ou Bilbao. As entidades de crédito, máis que facer o típico negocio dos bancos, están mandando diñeiro e negociando no Interbancario de Madrid.

E sempre en Galicia

Se algo non se pode negar do noso entrevistado é que Galicia está sempre no fondo da súa reflexión, unha especie de ladaíña ou credo que repite en todo lugar. Motivación íntima ou plástica, filosófica ou política na que bate teimosamente. Ás veces dun xeito sarcástico ou irónico:

“O mellor era crear unha máquina boa, inoxidable, dos mellores materiais, cos mellores venenos estranxeiros e logo producir nela un suicidio colectivo de todos os galegos. Producir na historia unha badalada tal como deron os nosos antepasados no Medulio”. E *outras esperando*: “O primeiro sería recuperar, porque Galicia é un país moi rico, enormemente rico. A crise aquí non se está notando porque, malia todo, queda bastante marxe para alimentarnos e vivir...”.

Ante tal panorama, ofrecémoslle a posibilidade de se imaxinar investido Presidente da Xunta de Galicia e ofrecer medidas urxentes. “He, ¿Se son Presidente da Xunta de Galicia? Mañá mándanme aí e digo: renuncio. Dimito porque non sei por onde empezar”.

-Faga entón unha análise da situación económica de Galicia.

-Son unha serie de fracasos históricos dende que Galicia ten unha personalidade e vérteza en Portugal. Portugal é unha creación de Galicia, dálle ata a súa lingua, pero os estados facíanse na cama e ás veces na cama ilícita. Resulta que a Condessa de Portugal se deitaba ata co seu xenro e co outro. Alfonso Enríquez terminou botando á nai e ao último home que tiña e colleu e separou Portugal. Ese é o primeiro fracaso.

Despois vén a raposa de Isabel a Católica protexida polo arcebispo de Toledo que aínda era máis raposo ca ela. Son unha serie de fracasos que nos veñen e a cultura de Galicia ten que se refuxiar no campo e converterse en popular. O idioma galego transmítese por tradición oral, non hai cultura culta nin que se beneficie dos medios, da escola, do museo, do arquivo e da experiencia histórica. Iso produce unha degradación do pobo e de aí non poden nacer empresarios.

-¿Non é unha excesiva vitimización?

-Nós temos que resolver as cousas como país, pero o primeiro que temos é que recuperar os nosos recursos.

-Estamos nunha situación en que por primeira vez temos un goberno autónomo.

-Si. Pero aquí estase distorsionando todo. Están axudando a empresas que van morrer, pero desde un punto de vista electoralista non interesa que caian, son postos de traballo. Iso é un disparate. E non só iso: o que se chaman polígonos industriais é un invento francés, unha cousa que xa fracasou. Agora para o que serven é para que se leven para alí almacéns. Aí teñen o Lalín 2.000, poden facer enlatado de cocido, he, he. De cocido de Lalín. Pero industria non.

-O Goberno Galego falou tamén da creación de algo así como un banco público ou instituto financeiro oficial.

-Si. Pero veu o Presidente e dixo que el quería os encaixes de caixa e iso si que non llo van dar.

-Temos tamén unha Universidade da que saen licenciados.

-Pero hai poucos institutos técnicos e hai poucos porque hai poucas empresas que os apoien e que os necesiten, ese é o problema. Os técnicos de aquí están vindo de fóra. Se aquí saísen bos enxeñeiros, pero claro, iso está moi unido á industria. Se a investigación non se aplica de inmediato, queda aí, arquivada nun andel.

O único instituto técnico que ten a Universidade de Santiago é este de cerámica que nós lle axudamos a promover. Pero a inercia das xentes da Universidade vaino cortar, porque iso tiña que se proxectar en facer industrias e materiais. Os materiais cerámicos teñen un porvir enorme e non só na cerámica tradicional. Os aparatos que van á lúa levan unha serie de cubertas cerámicas de... Fóiseme o santo ao ceo.

-Estaba a falar do instituto de cerámica que fixeron coa Universidade e do porvir da cerámica.

-Non hai moita relación. Algo estamos progresando nestes últimos anos. A democracia fixo que se progresase moito. Hoxe Santiago está cheo de congresos e algo sairá de aí, antes aquí non había nada de nada.

-¿Que lle parece o da Administración Única?

-O que facía falta era acabar coas Deputacións, cos Gobernos Cívís, esta duplicidade de administracións. O proxecto de Estatuto do SEG recollía a desaparición das Deputacións porque son un artificio. O que se quixo foi implantar a administración francesa, o centralismo, dividir os reinos naturais. Pero claro, Administración Única supón que lle queden á Xunta algunhas cousas para administrar, pero non renunciar ao fundamental, que era acabar coas Deputacións.

-¿As relacións Galicia-Portugal?

-Hai que restaurar a idea da Confederación dos Pobos Ibéricos, unificarse o máximo que sexa posible con Portugal.

-¿Como ve os partidos nacionalistas?

-Aquí había un Partido Galeguista e o que se debeu facer foi o Partido Galeguista. Tiña posibilidades de progresar, aínda que dentro houbera un movemento de dereitas e outro de esquerdas, pero os galeguistas que se quedaron aquí tiveron medo e non quixeron. O interesante dos cataláns é que están de acordo sobre iso e, sen embargo, aquí van ser os conservadores os que recollan o movemento ese, porque xa os populares se están chamando galeguistas. Este é o problema.

O Bloque, en lugar de coller o camiño lento pero verdadeiro da historia, entran polo atallo e inventan unha nova fórmula. Empezan xa non querendo ser galeguistas, deixan o galeguismo atrás porque queren ser máis ca galeguismo, o nacionalismo. Os cataláns nunca están falando de nación, falan de Cataluña. Porque Cataluña dentro do Estado español ten moita importancia e gobernaron moitas veces. E poden volver gobernar outra vez.

-Semella que é esta unha conversa un tanto desesperanzada. ¿Vostede cre que hai futuro para o país?

-Eu creo que se progresou, pero non á velocidade que se tiña que progresar. As mulleres protestan cando digo que esta é unha sociedade que permite ter un automóbil e unha máquina de lavar: “claro, ti non sabes o que é lavar os cueiros...”. Pero eu prefería as lavadeiras lavando no río, ensinando as pernas coloradas. Iso parecíame precioso e xustificaba que se fixesen poemas. En cambio, cunha lavadora eléctrica desas non hai dios que faga un poema porque é a cousa máis espantosa do mundo. Aínda que ás mulleres lles veu ben.

-Non é estraño que as mulleres se lle queixen, non semella moi afecto á causa feminista, ¿non?

-Eu non son feminista, o que son é mullereiro, he, he.

Dicímoslle adeus a un home que a finais de 1990, o ano da exposición foto-icóno-biográfica que lle dedicou o Concello de Santiago, quixo poñer o seu punto e final na estupenda publicación editada con este motivo cun epílogo do que entresacamos o seguinte parágrafo: “Cando escribo isto paréceme ver que os corenta anos da ‘longa noite de pedra’ e os tres lustros que lle seguiron deixaron

abatidas as nosas esperanzas. Os vellos amigos, que padeceron a historia e non se dobregaron a ela, foron morrendo. A xente nova ten os seus alicerces formados nesa 'noite' e, en xeral, digo en xeral non todos, pensan máis en se facer un porvir para eles que en loitar contra o lastre co que vai Galicia cara un mouro futuro, coa indiferenza, cando non co aplauso, co culturalismo dominante nas nosas institucións. Sumado todo isto a outras cousas que non digo, porque están aí, configuran para min unha sucesión de frustracións, como se me pasase a vida pronunciando un discurso que ninguén entende”.

O actual é un galeguismo interesado nos beneficios da autonomía

El Mundo. Galicia, 18.08.1996

Susana Evangelista.

Isaac Díaz Pardo é un dos galeguistas ilustres deste século. Artista e empresario, naceu en Santiago en 1920. Chegada a Guerra Civil tivo que abandonar o seu soño de ser arquitecto e estudar Belas Artes porque era máis barato. Aínda que máis tarde, en 1948, deixou as artes plásticas para dedicarse á cerámica. Xa no exilio, creou xunto con outros intelectuais galegos o Laboratorio de Formas de Galicia.

Unha das institucións recuperadoras da memoria histórica galega creadas polos exiliados cando volveron a Galicia foi Sargadelos. Este complexo industrial e de investigación é coordinado na actualidade por Isaac Díaz Pardo.

-Vostede iniciouse na pintura de forma ocasional porque non puido ser arquitecto, ¿arrepíntese?

-Arrepíntome, o que pasa é que as circunstancias obrigáronme a deixalo porque perdemos a guerra e Arquitectura era unha carreira moi cara.

-Como definiría a súa pintura?

-Diso xa pasou medio século. Son un pintor que morreu. Eu facía o que podía. Era como quen ten que facer algo para poder gañarse a vida. Eu nacera no taller de pintura do meu pai e algo se me daba porque xa de neniño tiña que traballar con el. Cando o Estatuto de Galicia do ano 36, case todos os carteis os fixen eu no taller de meu pai. Ao non poder seguir a carreira de arquitecto, dediqueime ao que me era máis fácil, que era Belas Artes. Pero eu non seguí ningunha intención, fíxeno por gañarme a vida.

-¿Pensa volver dedicarse algunha vez á pintura?

Non, eu agora non penso máis que onde vou morrer.

-Vostede que conviviu con ilustres galeguistas, ¿Que diferencias atopa entre o galeguismo de entón e o actual?

-O galeguismo de antes non presumía de nacionalismo, no sentido de que non tiña nada de separación doutros pobos, porque quería ser unha institución universal. Agora hai moitos galeguistas que se titulan nacionalistas, que teñen un certo radicalismo. E hai outros que se chaman galeguistas, pero que non son galeguistas, que utilizan esta palabra porque lles convén, porque veu diñeiro coas autonomías. Pero de autonomistas non teñen nada, porque empezan non recoñecendo que o mártir de Galicia foi Alexandre Bóveda, que era o secretario do Partido Galeguista. Castelao dixo que se os mártires de Galicia, os comunistas, os sindicalistas, os republicanos e os galeguistas se reunisen para elixir un mártir, todos estarían de acordo en que debería ser Bóveda. Todos os que estaban no exilio apoiaron esta idea de Castelao. Sen embargo, de Castelao danse medallas, pero non se lle recoñece ningunha das cousas que dixo. Por tanto, hai que desconfiar dese galeguismo que temos hoxe na autonomía, non ten que ver absolutamente nada co galeguismo de antes. É un galeguismo interesado nos beneficios da autonomía, pero de conciencia histórica e reivindicativa dos intereses de Galicia, verdadeiramente non ten nada.

-¿Cre que na mocidade hai un rexurdir do ideal galeguista?

-Eu creo que hai un sector da xuventude que ademais do fútbol e todas esas facilidades que ten, lle interesa tamén o galeguismo. Por exemplo no PSdeG están galeguizándose máis, estanse dando de conta de que hai que facer como fixeron os cataláns. Temos que copiar moito dos cataláns, porque temos moitos intereses políticos comúns. Temos que copiar a súa recuperación da memoria histórica, recuperación dos mártires. Hai xente que non lle dá importancia a ter mártires. Castelao dixo nun dos seus debuxos de guerra: “Non enterran cadáveres, enterran semente”. Claro que teñen moita importancia os nosos mártires para ter unha conciencia verdadeiramente de pobo. A nosa mocidade, por efecto da sociedade de consumo, non ten unha conciencia histórica do que representou o galeguismo, do que representaron os mártires do galeguismo, e non cre moito nesas cousas. Sen embargo, a medida que vai avanzando o tempo, cada vez vai medrar máis.

-Sempre estivo en contacto coa Galicia emigrante, ¿cre que hoxe en día se perdeu esa identificación dos emigrantes con Galicia?

-Apenas queda nada. Hai algún, por exemplo acaba de estar aquí o fillo de Daniel Calzado, que era un galeguista. Este home ten conciencia galeguista, pero el mesmo reconece que case non hai nada. Parece ser que os netos dos galeguistas históricos queren facer unha reconstrución histórica, e aí pode aparecer outro rexurdir, pero xa non ten nada que ver co movemento político galeguista que levou os exiliados alá.

-¿Como se lle ocorreu a idea de recuperar a fábrica de Sargadelos?

-Iso nace dentro dun proxecto que se forxa en América entre Luís Seoane e máis eu, pero no que na idea primitiva colaboraron Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco-Amor, Laxeiro... Polas noticias que viñan, sabíase que en Galicia había unha desmemorización tremenda. Entón pensamos que se volvíamos aquí, o que había que facer eran institucións que recuperasen a memoria porque o franquismo aproveitárase desa desmemoria e o que había que facer era tratar de recuperala. Para conseguilo creamos o Museo Carlos Maside, intentamos recuperar o movemento renovador da arte galega a partir de Castelao. Os corporativismos que imperaron en Europa desbarataran todos os movementos renovadores, os sistemas fascistas perseguiron o movemento intelectual das vangardas históricas. Había que recuperar Sargadelos e o Seminario de Estudos Galegos, había que facer unha editorial que recuperase a nosa memoria histórica da guerra, e de aí nace Ediciós do Castro.

-¿Nunca pensaron en recuperar esa memoria desde a política?

-Verdadeiramente todo iso tiña un sentido político, pero non tiñamos a vocación de meternos nun partido político. Aínda que Luís Seoane era un exiliado do Partido Galeguista. Pero o de crear un partido tiña que vir de xente máis nova.

-¿Como se pode conxugar nunha empresa como Sargadelos coa comercialización e a investigación?

-Cun sentido de organización, empresarial e disciplinado. Ao mesmo tempo que se fixeron as cousas foise investigando. Sargadelos en si ten moito de centro de investigación. Ao mesmo tempo creouse o Laboratorio

de Formas, que considerou que había que facer un centro de investigación que fose paralelamente aportando información para Sargadelos e ao mesmo tempo facendo investigación universal noutras cousas. Cunha economía moi estrita e moi disciplinada fóronse levando as cousas.

-¿Que é o que fai universal a cerámica de Sargadelos?

-A investigación, o feito de que se estea investigando na súa técnica, no seu deseño, que utilice as terras galegas e que se vexa o que se pode facer cos nosos recursos. Esta é unha medida política que se debería tomar de exemplo, pero a idea industrial que hai aquí é ir vendendo o noso á xente allea. Esta é a desgracia de Galicia, que aínda non se ve tanto, pero que máis adiante vai ter moita importancia. Estámonos transformando nun país onde imos ser todos asalariados de xente de fóra, que vai facerse dona de todas as nosas industrias, mesmo dos nosos aforros. Galicia, que tiña un pasado, é unha terra na que fomos señores. Agora imos ser todos asalariados dos outros señores, dos señores de fóra.

La Galicia que soñó Isaac Díaz Pardo

Una entrevista de Gonzalo Vázquez Pozo.

Galicia, revista del Centro Gallego de Buenos Aires, Nº 670, mayo-septiembre, 1996.

No pasado mes de agosto, Isaac Díaz Pardo chegou aos seus 76 anos, dos cales 26 estiveron dedicados en corpo e alma a un dos proxectos culturais, artísticos e industriais cunha maior transcendencia na nosa terra: a recuperación da experiencia económica da cerámica de Sargadelos e o desenvolvemento doutras iniciativas de todo tipo que xiran en torno a esta industria. Recentemente celebrouse o 26 aniversario do Museo Carlos Maside, xermolo de todo o conxunto cultural-empresarial de Sargadelos.

Díaz Pardo combina as súas facetas como pintor e ceramista en continua investigación de novas formas co seu labor de administrador de Cerámicas do Castro e de Sargadelos e de conselleiro-delegado do Instituto Galego de Información. Pero neste grupo de entidades tamén se atopan Ediciós do Castro e o Laboratorio de Formas de Galicia, de xeito que a actividade de Díaz Pardo é incesante malia a súa longa traxectoria vital.

A independencia intelectual deste persoeiro da nosa cultura fai que opine sobre as cuestións políticas e económicas galegas sen pelos na lingua. Deste modo, Díaz Pardo defende a existencia de pequenas industrias fronte ás grandes concentracións empresariais e a protección da nosa identidade cultural e económica ante a colonización que nos impón a perda dos nosos propios recursos.

Unha das alternativas propostas por este galeguista convencido é incrementar a colaboración e o achegamento a Portugal para conservar as nosas esencias e para influír máis no mundo.

-¿Como xurdiu o proxecto industrial e cultural baseado no Laboratorio de Formas de Galicia?

-Había unha cousa que dende había tempo estaba andando non só na miña conciencia, senón na da maior parte dos intelectuais galegos, que era como se deixou morrer unha promesa tan importante como era Sargadelos,

onde había un espírito de deseño da industria e de economía moral sen saírse do capitalismo. Isto sentiámolo nós e o pobo culto en xeral e, despois de enterarnos de que en Sargadelos aínda se explotaba o caolín, no ano 48 comezamos a facer experimentos no Castro e espontaneamente apareceu unha fábrica porque xurdiron uns materiais excepcionais que tiveron un fácil comercio. Cando a xente soubo do valor das terras de Sargadelos ofrecéron-llelas aos alemáns para a súa industria, xa que eles carecían desta materia prima. Despois deste golpe, decidín marchar para América, onde tomei contacto cos intelectuais galegos que estaban alá e que tiñan conciencia de que había que facer algo polo nosa terra, no viero que xa sinalara Castelao co Seminario de Estudos Galegos.

-¿Ata que punto se cumpriron as expectativas que se fixaron na fundación de Sargadelos nos anos sesenta?

-Polo parte nosa había que crear unha institución que recuperase o movemento renovador da arte galega a partir de Castelao porque estaba perdida e, dalgunha maneira isto fíxose. Neste sentido, o Museo Carlos Maside non é un museo completo, senón unha colección dunha institución que lle axuda, do mesmo xeito que o Laboratorio Xeolóxico de Laxe é tamén unha manifestación de que hai unha intención de que se recupere isto e o mesmo pasa coa recuperación do Seminario de Estudos Galegos e con Sargadelos.

Eu diría que se cumpriron os obxectivos que se fixaron para manter estas institucións, pero fóra das duascenas ou trescentas persoas que asistiron á conmemoración do vintecinco aniversario de Sargadelos non creo que haxa moita máis xente en Galicia que o comprenda.

-¿Como foi posible a conxugación da industria e a cultura no proxecto de Sargadelos?

-As cousas foron saíndo así, pero tamén hai que ter en conta o sacrificio de xentes coma Luís Seoane, Rafael Dieste ou Lorenzo Varela, que o fixeron todo gratuitamente e que verdadeiramente estiveron colaborando e pensando como había que facer as cousas, que é o máis importante.

Pero é moi pouca xente a que cre nisto. E eu creo que non é cousa de romanticismo, porque se nós tivéssemos a conciencia histórica que teñen os cataláns outro galo nos cantaríaa. Por exemplo, nós temos un idioma co que poderíamos influír en cen millóns de persoas do mundo, cousa que os

cataláns non poden facer. Pero hai intereses privados que mandan por riba dos intereses xerais do país. De vez en cando estamos dicindo que os conservadores van realizar movementos económicos que van xerar máis riqueza e que iso vainos beneficiar a todos. Non é certo iso, se as cousas non se pensan para beneficiar ao conxunto do país non se vai crear máis riqueza, porque se é un duns poucos non é do país. Aquí fálase da riqueza duns cantos señores que ao mellor a teñen grazas a vender unha parte do país.

-¿Cal pode ser o futuro do complexo de Sargadelos e os posibles problemas para adaptarse aos novos tempos?

-Nese terreo eu non creo que haxa problemas para adaptarse aos novos tempos porque non van cambiar. O que pode cambiar é que non se entenda ben que estas empresas teñen unha función social e un espírito reivindicativo de Galicia, de xeito que se este espírito falla, as empresas tamén.

Isto fíxose coa idea de que non era un negocio máis, que había que crear empresas para recuperar a memoria histórica e que dentro deses grupos empresariais tiña que haber empresas que fosen rendibles para soste todo o conxunto.

-A súa experiencia coa Galicia do outro lado do Atlántico permítelle opinar con máis autoridade sobre os intentos de crear un lobby empresarial galego nestes países. ¿Que expectativas ten sobre este asunto?

Aínda que grandes persoeiros da cultura galega estiveron na emigración, polo xeral os emigrantes carecían de todo tipo de cultura. Atopáronse con grandes dificultades e crearon escolas e centros para os seus fillos e netos, aínda que o seu obxectivo non era facer patria, senón facer fortuna. Por iso, cando esta xente fai cartos vén aquí e constrúe casas, pero trasladar iso a que van investir en empresas aquí é unha tolemia. As xentes de Fegaex investirán diñeiro en Venezuela, ou noutra parte, pero nada máis.

-¿En que medida se corresponde a Galicia de hoxe coa que soñaron os homes do Seminario?

A Galicia de hoxe non ten nada que ver coa que eles soñaban, xa que aquela xente tiña unha institución interáreas que foi a primeira deste tipo que houbo en España, incluso anterior ao Consello Superior de Investigacións Científicas. Eles estudaban a historia, a literatura, a química, a xeoloxía...

para teren una idea clara de por onde había que ir. Cando veu o franquismo apoderáronse do Seminario e algúns dos seus membros que colaboraron co réxime continuaron o seu labor a través do Instituto Padre Sarmiento, aínda que quitándolle todas as disciplinas agás a Historia, e incluso só a Historia Antiga, xa que a Moderna estaba prohibida.

Xa que logo, Galicia hoxe non ten nada que ver co que se facía no Seminario. Fanse cousas, pero illadas, o estudio das diferentes disciplinas faise sen relación entre elas e sen unha proxección de servizo a Galicia. En definitiva, temos un país que non está vertebrado.

-¿De quen é a responsabilidade desta situación, da sociedade galega ou dos seus poderes públicos?

-Eu penso que é unha responsabilidade compartida, porque o Goberno ten que facer, pero os gobernos tamén están gobernados polo pobo e os intereses establecidos. O que pasa é que estes intereses foron quedando en mans alleas e fóronse aliando entre eles. Cando o empresario se ve apurado vende a quen sexa con tal de que o salven. O problema é que ao caeren en mans foráneas que non teñen interese, estes recursos acaban desaparecendo. Ademais, o feito de que esteamos colonizados prexudica ao carácter diferencial de Galicia indubidablemente, porque o idioma galego está caendo na súa práctica aínda que se defenda dende o Goberno. Pero o certo é que o idioma é o dos que teñen os recursos.

-E, no terreo político, ¿cal cre que vai ser o futuro político de Galicia a medio prazo?

Eu coido que van continuar os mesmos. Algúns membros do Goberno galego teñen unha idea de estar no galeguismo, e Fraga entre eles. A min paréceme que Fraga é o individuo máis auténtico que hai no PP de Galicia e que estaría disposto incluso a facer un grupo político case de esquerdas, o que pasa é que el tamén quere ser fiel ao seu pasado. O mesmo Cuíña creo que estaría disposto a facer máis, pero non creo que o deixasen no seu partido.

Para min o que habería que facer neste país sería recuperar o Partido Galeguista ou Unidade Galega, xentes que fixaron uns principios básicos como recuperar a economía e a historia de Galicia dentro das posibilidades reais e con intención de xuntar a todos, fuxindo desa separación entre dereitas e esquerdas que xa non ten moito sentido.

-¿Como ve o papel de Galicia no contexto europeo?

-A pertenza de Galicia á Unión Europea é un mal menor, porque se quedásenos fóra posiblemente as cousas irían peor. O que pasa é que nós os galegos quedamos marxinados desde o século XII como un país de retagarda. En Europa hai un eixo que vai desde Alemaña ata o norte de Italia que é o verdadeiramente importante e canto mais afastados quedemos dese eixo máis dificultades teremos.

Pero se non estivésenos na Unión Europea as cousas terían sido peor. Queixámonos do fletán, pero si non estivésenos dentro, nin nos farían caso ningún. Non nos están facendo demasiado caso, pero fóra non teríamos nin voz. Agora temos unha pouquiña de voz a través de España, o que pasa é que España non sabe negociar, pero nós menos.

Fálase de unidade, pero esa unidade non existe na práctica porque non temos capacidade económica nin técnica para negociar en igualdade de condicións, xa que nós non podemos ir a Alemaña, Francia ou Inglaterra a montar industrias, pero eles si poden vir aquí e montalas.

-Entón, para vostede é moi difícil unha presenza diferenciada de Galicia no contexto europeo.

Moi difícil. Porque ademais está tamén o afán de copia. Vemos os americanos coas súas grandes industrias e os economistas dinnos -incluso grandes economistas, aínda que non podemos estar de acordo con eles- que o que o necesitamos os galegos é concentrarnos e facer grandes industrias. Galicia ten cen veces menos poboación que a que ten Estados Unidos e nós non podemos levar a mesma política industrial ca eles.

O mellor sería ter outra resistencia e non tentar coller o mesmo tren ca eles. Teríamos que recuperar os nosos recursos, desenvolveos e investigar no que nos conveña.

-¿Que opinión lle merece o achegamento que se está a producir entre as institucións galegas e portuguesas nos últimos tempos?

-O importante é que por riba das divisións administrativas vai facendo unha unidade. Se é que nos colonizan, é mellor que nos colonicen os portugueses, porque non é prexudicial para a nosa cultura. Nese sentido, no terreo da lingua para o galego é mellor achegarse ao portugués, pero só

achegarse, eu non digo que pasemos a falar portugués. Porque, unha de dúas, ou o galego achégase a Portugal para recuperar a parte da lingua que quedou alá ou o galego vai morrer a mans do castelán.

¿Que labor está desenvolvendo actualmente o Instituto Galego de Información? Hai posibilidades de que, por fin, saia á rúa o tantas veces mencionado xornal “Galicia”?

-Neste momento temos alí xente universitaria traballando nun proxecto de investigación histórica sobre Galicia, porque nós pensamos que un bo sistema de comunicación para o país ten que ter un gran coñecemento histórico e tamén económico para que o que se faga sexa eficaz. O que pasa é que neste momento, no que todo está subvencionado e que o que se premia é “a voz do seu amo”, fas unha cousa así e arruínaste axiña, porque é moi pouco na comunicación no noso país que sexa libre que non estea arruinado.

Isaac Díaz Pardo: Todo un tipo

VI Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo : 1999 [catálogo da exposición] / Deputación da Coruña, 1999.

Antón Baamonde.

En novembro de 1990, Isaac Díaz Pardo, nunhas puntualizacións que fixo con relación á mostra da súa obra no Auditorio de Galicia, escribiu que “cando escribo isto paréceme que os corenta anos da longa noite de pedra e os tres lustros que lle seguiron, deixaron abatidas as nosas esperanzas” ata o punto, di máis adiante, de que é “como se me pasase a vida pronunciando un discurso que ninguén entende”.

Non é preciso posuír a súa idade e un corazón republicano para sentir esa preocupación pola inflexibilidade da propia vida. Ás veces, cando eu mesmo me poño entre pesimista e nostálgico de futuro, me pregunto en que clase de pequenos-burgueses nos temos convertido os membros da miña xeración, que tipo de tedio temos aceptado e como é posible esa falta de sangue e coraxe que tamén transmitimos aos membros das xeracións que nos seguen. Pero non é este o momento de continuar con esta orde de consideracións e si o de tentar de reconstruír un gramo daquel transfundo que dá sentido á vida de Isaac Díaz Pardo.

-A Guerra Civil aparece como a cifra da vida de Isaac Díaz Pardo, non só polas súas consecuencias tráxicas -o asasinato do pai, etc.- senón porque con ela dáse fin ao nivel máis elevado de aspiracións dende as que xulgar a túa propia existencia. Ti mesmo escribiches que “o momento vivido da República representa no meu recordo como unha luz estelar que se apaga para sempre e que en relación con ela todo o que vén despois parécese a unha loita contra a morte”.

-Si, afirmome niso que dixeran ou escribín, posiblemente impresionado por esa loita sen igual dos exiliados que sacrificaron corenta anos das súas vidas para loitaren contra a tiranía que padecía a súa terra, que amaron e seguían amando, apartados dela, vendo perdidos para sempre os seus anos mozos, cheos de creación da II República co xenio que agromara entón, que segue presente en todo o mundo, na obra de Picasso, Alberto Sánchez, Juan Ramón Jiménez, García Lorca, Alberti, León Felipe, Castelao...

Máis difícil de entender, sen embargo, é por que deixou Isaac Díaz Pardo de pintar. Difícil porque tiña talento, e ademais era valorado. Que alguén se retire a causa do desánimo é comprensible, ¡pero que alguén o faga porque sinta o propio éxito como unha inxustiza!

-Isaac Díaz Pardo era, na España da posguerra, un pintor de certo éxito e prestixio, posuidor de méritos incuestionables, e sen embargo, a unha certa altura, colga o pincel. Gustárame que me comentases isto, tamén polo que puidese ter de reflexión para artistas novos.

-No reino dos cegos, un torto pode ser rei. Tocoume mala época para me facer artista. Os meus estudos na Escola de Belas Artes de San Fernando remataron no ano 42. Entón a ignorancia do que se facía no mundo, e do que fixeran os artistas e intelectuais de España que tiveron que exiliarse, era total, e por tanto era total a desorientación. Cando remata a Segunda Guerra Mundial empecei a saír ao exterior, decateime da miseria intelectual que estabamos a vivir acó. E ademais co risco de que, se o facías ben, e destacabas, incorporábante como unha das virtudes do réxime. Sumando todo iso á conciencia das miñas limitacións e á da miña falta de vocación, e á de que o servizo que debería cumprir non estaba ao lado da arte plástica individualista, pregueime a facer unha cousa de menos pretensións pero máis ao servizo da miña terra, na liña limitada que nos tocou vivir.

Nese pregarse, sen embargo, estaban tamén implícitas as correntes da época. A Isaac Díaz Pardo, pese a todas as limitacións e miserias do momento, asubiábanlle nos oídos os mots d'ordre dos debates estéticos e políticos -eran os mesmos ou case- que, daquela, en circunstancias tan convulsas tomaban unha significación extremadamente persoal.

-Sen dúbida, a túa posición era afin á das vangardas históricas, e en particular á das que buscaban a disolución da arte como esfera separada, para realizar o seu sentido na creación de formas socialmente significativas.

-Na miña casa, antes da Guerra Civil había revistas e libros que informaban da arte no eixe Alemaña/Rusia. O “Gebrauchsgraphik” era un. Alemaña sentía unha especial atracción polo que se facía en Rusia. Por exemplo, a grande información sobre o teatro ruso chegaba entón a occidente a través de Alemaña, na excepcional obra “Das Russische Theater”. Ben, pois estas

obras que eu folleaba dende neno, indubidablemente nos deixaban un pouso no coñecemento informativo, brutalmente interrompido no ano 36. Os tres anos que durou a Guerra Civil perdéronse en defender a vida e loitar contra a miseria moral e material que nos rodeaba, traballando en calquera cousa para ganármonos a vida. Do 40 ao 42 disciplineime no rigor formal dunha arte en certo sentido académica. E aínda pasarían anos en volver a conectar cos proxectos das vangardas históricas, aquel pouso que ficara de ollar aqueles libros construtivistas, os abstraccionistas e os produtivistas, rexeitando a arte artesanal e individualista. Xunto coas razóns xa expostas, abandonei toda actividade individualista para me meter niso da cerámica, industrial, seriada.

A arte das vangardas tende a lerse como unha sintaxe formal, esgazada do seu contexto histórico e dos valores que pretendía asumir. Pero esta perspectiva -que é a do “Museo Imaxinario”- non lle fai en absoluto xustiza aos artistas que querían cambiar a vida, que pensaban que era niso no que consistía “être absolument moderne...”. E Isaac era un deles.

-Pero nesta actitude vese a visión da arte como unha cuestión de ética e compromiso social.

-Isto é o que pretendo, e ademais penso que toda arte e toda actividade que non ten como principio cumprir unha función social, material ou inmaterial, non pasa de ser, en xeral, un divertimento. Por raro que pareza, no século XX, ese que xa vai morrer, había homes así, que pensaban que pintar un cadro ou deseñar unha forma tiña que ver con algo máis ca atopar un nicho -como se di na lúgubre expresión- de mercado.

Ese “algo máis” era, nunha palabra hoxe desatendida, a Revolución á que o propio Isaac se refire, talvez burlonamente, con ese “Sóame dos meus tempos mozos como un ideal...”. Pero se o lector curioseia os seus textos notará que se refire a ela en escritos dos anos noventa. E é que Isaac está feito un chaval.

-Creo que para ti a revolución segue a ser unha posibilidade, e que continúa denunciando o consumismo como unha forma de divertir ou distraer a uns traballadores hoxe aburguesados.

-Nos meus anos é difícil pensar niso da revolución pendente. Sóame dos meus tempos mozos como un ideal para mellorar a conduta dos homes.

Pero un ve cos anos que nesa conduta prevalecen moi arraigadas as formas que configuraron ao animal na selva, na que tiña que defenderse con loitas materiais, mais tamén con agachadas e ichós, e non só para subsistir, tamén para defender preeminencias e dominios materiais. Estas condutas animais fican aínda hoxe ben presentes nos homes. Logo, un atópase coa interpretación que cadaquén lle dá aos slogans ideais. Por exemplo, fronte á tiranía, a palabra liberdade era algo ideal, sublime. Mais logo vimos que esta palabra ten outras interpretacións para os que dominan a escena, o que nos fai ver que perdemos o tempo, pois a maior parte da xente fala da liberdade para comerciar, de ter liberdade para llela sacar a outros. Liberdade para se ir quedando co alleo, liberdade para poder asoballar a un pobo alleo e poder impoñerlle unha forma de goberno como lle convén ao que ten máis forza.

Isaac di sempre de si mesmo que é un “templagaitas”. E dende logo, en Galicia non queda máis remedio que ser un “templagaitas” -este é un país pequeno onde se dá unha nota un pouquiño máis alta, moi logo cha terán en conta- pero, aínda así, distínguese doutros en que non toca ao son do gaiteiro, ou do que paga a gaita.

-Á altura dos teus anos e experiencia, ¿Como ves a Galicia do futuro?

-Mal. A Galicia véxoa mal. Vexo que o colonialismo económico que permitiu o franquismo non deixou de medrar dende que temos esa democracia participativa. A liberdade económica patrocinada polos que teñen as tixolas polo cabo facilita o espolio que se fai dos nosos recursos e das nosas plusvalías.

Poderase ou non estar de acordo. Pero hai que admitir que non é a resposta convencional dun galego. Non dá voltas nin marea a perdiz. Este é Isaac. Todo un tipo.



—“Isaíño, faimo ti.” [Castelao]

*Estatuto de Autonomía
e Guerra Civil*

Nós non esquecemos nada

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos. Vol. 7, 2004. Departamento de Filología Románica, Filología Eslava. Facultad de Filología. Universidad Complutense de Madrid.

Miguel Louzao Outeiro.

No final de decembro de dous mil tres tivemos dous encontros con Isaac Díaz Pardo nun dos seus fogares, a Galería Sargadelos de Santiago. Xogaba na casa e víase cómodo, afeito a gravadoras e preguntas. Chegou acochado cun abrigo coa elegancia coa que se nos amosan os nosos devanceiros nas fotos de outrora, para envexa da nosa desleixada rutina de arestora. Pequeno e cuns ollos espelidos axéxanos coa pillaría dun neno. Ao comezarmos a falar emerxe o home coa lucidez de quen sabe que xa nada o sorprende. Falamos e falamos durante case tres horas e isto foi o que ficou.

-¿Como era aquel Santiago onde naceu?

-Eu nacín no ano vinte e aquela era unha cidade moi distinta á de hoxe. Lembro cousas a partir do ano vinte e cinco. Daquela comezouse a construír a rede de sumidoiro, xa que até aquela altura había esterqueiras, das que había que tirar o esterco para as leiras. Xa ves se non mudou a cousa! Houbo mudanzas estruturais básicas: Santiago caracterizábase por ter un corpo antigo cunhas patas longas que eran a zona das Hortas, Entreríos, os Basquiños, Sar, etc., que comunicaban con toda Galiza, xa que era o centro, unha encrucillada de camiños. Santiago naceu así cunhas patas longas. Primeiro fíxose o Camiño Novo, que se lle chamaba así porque se fixo para pasar a carrilana, anterior aos autobuses. Despois comezouse a facer o camiño da Coruña a Vigo. Neste momento foi cando se fixeron as Rodas, que, por certo, que vén de Ruela, que era a que ía cara á Porta do Camiño. E de Ruelas deu en Ruedas, e despois aduciuse por Rodas. O mesmo lle pasou á Ruela de Caramoniña que sería de Cachamuíña.

Volvendo ao Camiño Novo, o antigo camiño estaba na Rapa da Folla onde estaba a calzada romana, que ficou desfeita. Foi unha animalada. Despois fixeron ese monstro que é o Ensanche, nas Hortas de Ramírez, e tiráronlle todo o carácter a Santiago de ser unha cidade rodeada de campo e só cunhas ramificacións que eran os camiños de acceso.

-Como transcorreu a súa vida familiar naqueles primeiros anos?

-Na miña casa non había para chegar a fin de mes. Lembro aí polo vinte e catro ou vinte e cinco cando meu pai era delineante no Concello co arquitecto Constantino Candeira, que fixo obras importantes, entre elas a reforma da Praza da Quintana, que daquela aínda aparecía con árbores. Eu coñecino, porque estivo na casa onde nacín, porque era un centro de reunión de galeguistas. Meu pai e mais miña nai eran das Irmandades da Fala, e viñeron para Santiago no ano vinte, e dalgunha maneira viñan como representantes das Irmandades da Fala. Hai un documento, que eu teño, no que lle encargan a meu pai a delegación das Irmandades da Fala. Daquela houbo xuntanzas que reunían na nosa casa da Rúa das Hortas a Castela, Otero Pedrayo, etc. Alí reuníanse todos.

Por certo, Constantino Candeira foi un dos creadores do Museo de Imaxinería de Valladolid. Máis tarde estivo un ano na cadea, porque despois do ano 36 ser intelectual era un pecado.

-Como percibiu a chegada da República?

-Moi ben. A República en Santiago tivo un grande movemento. A única industria que existía aquí era a tinturaría España, nas Hortas de Ramírez, que era a única cheminea que había. Alí facían escarapelas republicanas, e tiñaas moita xente. Daquela había un ambiente moi republicano de querer mudar as cousas. A xente aínda que non fose republicana quería que houbese mudanzas.

Lembro que no ano trinta e un, con doce anos, no colexio, o mestre Teijeiro, o primeiro que fixo cando se instaurou a República foi pór o xornal na mesa para lernos as cousas que ía traer a República. Era tamén republicano, eran case todos republicanos.

Despois acabouse suicidando por culpa do Glorioso Movimiento.

-Como viviu desde o seu fogar galeguista os anos da República?

-Nós verdadeiramente estabamos moi confundidos. Eu tiña once anos, mais ao ano seguinte, no trinta e dous, houbo a Asemblea de Municipios convocada polo Concello de Santiago, onde estaban representados preto do noventa por cento dos concellos galegos, o que lle confería un carácter solidario e que mostraba a necesidade do Estatuto. Lembro onde se celebrou

e o ambiente que había. Os nenos andabamos repartindo bandeiriñas republicanas e galegas. Foi no auditorio do que hoxe é a Facultade de Medicina. Dalgunha maneira comezou a facerse política pensando no país. Vexo no número de *Madrygal* que me deches hai un momento no que o profesor Alonso Montero ten un traballo sobre Álvaro de las Casas. Eu lembro, que tiña doce anos, de velo discutir con Alexandre Bóveda e con Anxel Casal, que presidía a Asemblea. Álvaro de las Casas, era un ultranacionalista, e despois terminou de franquista. Acabou mal. Eu coñecía porque había moito movemento. Álvaro de las Casas creou un movemento chamado os Ultreyas, e creou unhas “xeiras” con rapaces, e meu pai como era unha organización galeguista quería meter a min e eu non quería de ningunha maneira, porque eu estaba cos socialistas e cos comunistas e con outros, xa estaba politizado, e tamén non gustaba de facer sempre o que me mandaban.

Entón, traballei sempre, desde os catorce anos, no taller de meu pai. Traballaba incluso ao chegar da escola, do instituto, que estaba na Praza de Mazarelos, e chamábase Instituto de Segunda Enseñanza. Case ninguén sabe que se chamaba así, e non Instituto Gelmírez. Iso foi despois.

-¿Que coñecemento tiña do Partido Galeguista, do Seminario de Estudos Galegos...?

-Ao Seminario de Estudos Galegos iamos moito con meu pai. Alí estaba a estatua de Eiroa que presidía a entrada. Meu pai levábame aos lugares que a el lle parecía que debía ir, e eu ía contento ver todo iso. Daquela comezou toda a campaña do Estatuto e no taller do meu pai fixéronse os carteis da autonomía, que os fixen eu case todos, menos o de Seoane. E incluso un de Castelao que el nos dixo como tiña que ir: “Rapaces, poñédeslle arriba A nosa terra non é nosa e abaixo Para que a nosa terra sexa nosa, vota o Estatuto».

-¿Que contacto, tivo con Castelao, Ánxel Casal, Alexandre Bóveda, Vitor Casas e tantos outros que ían pola súa casa?

-Hai que darse de conta que a min non me facían caso ningún. Hai unha anécdota sobre isto que me preguntas. Daquela a propaganda política polas rúas facíase con pasquíns. O alcalde, Ánxel Casal, era ao mesmo tempo o que imprimía os pasquíns, mais para repartir os pasquíns había que ir ao Concello e carimbar un impreso. Nós naqueles pasquíns dicíamos todas as animaladas habidas e por haber... “Hai que acabar con isto, hai

que acabar con isto outro...”. E claro, se levabamos aquilo ao Concello e o lían non nolo deixaban repartir e nós facíámolo sen pasar polo Concello. Un día estando eu a traballar no taller de meu pai viñeron por alí Casal e mais Castelao. Entón Casal díxome “Xa sei que estades imprimindo e que non os levades selar ao Concello”. E a min non se me ocorreu outra cousa que dicirlle “E que vós sodes uns reaccionarios”. Claro, eran cousas de nenos. E Castelao dixo “Carallo para o rapaz”. Entón Casal cabreouse e meu pai botoume de alí.

Despois déronme unha lección, porque dous deles foron inmolados e Castelao morreu no exilio. Que mamalón é un cando é novo!!!

-Como foron aqueles momentos do alzamento e os anos posteriores?

-Foron anos tremendos. Eu tiven que me agochar porque senón non a contaba. En Santiago había dous cirurxiáns moi coñecidos. Un era Baltar e outro Puente Castro. Este era moi amigo de meu pai xa que o bisturí del andou por toda a nosa familia. El chamou a uns tíos meus da Coruña e díxolles que me viñesen buscar deseguida porque corría perigo. Estiven medio ano pechado, agochado nun piso da Coruña. Este é un recordo fodido, moi duro. Aquilo foi unha desfeita. Perdéronse moitas cousas...

A miña era a quinta do corenta e un e non a mobilizaron até o final da guerra. Eu tiven un herpes e déronme por inútil temporal, e despois o que lle sobraaba era xente e xa non me volveron chamar.

-Como recompuxo a súa vida?

-Ao que puider saír do escondedoiro púxenme a traballar nun taller. Facía pintura industrial nos tranvías, letreiros, etc. E tamén pintando caralladas do movemento “do glorioso meneo” porque o taller noso foi nacionalizado e había que facer todas as trapalladas que facían aqueles desgraciados que viñan decorar cousas de auxilio social, os arcos... todo o que había que facer daquela.

Eu, ao acabar a guerra, fun para Madrid estudar Belas Artes. Meu pai, quizais de ter que aturar aos arquitectos, quería que eu fose arquitecto, mais claro, estabamos arruinados de todo e non podíamos. Entón quixen estudar unha cousa barata e fixen Belas Artes. Daquela podíanse adiantar os anos e así foi como os catro anos curseinos en dous.

Despois estiven un tempo metido na pintura até que me metín na cerámica. Non aturaba aquilo de Madrid, aquilo era un ambiente tremendo.

-¿Como lembra o Madrid daqueles anos?

-Era un ambiente moi fodido. Andaba un con medo, agochado. Non podía un manifestar nada. Aínda estaban a matar xente. Non había amigos, había que estar calados e nada máis. Non podías facer outra cousa...

-Aquel mozo Isaac Díaz Pardo quería dedicarse exclusivamente á pintura?

-Non. Había que gañar a vida dalgunha maneira. Eu non tiña esa vocación. Eu fixen a carreira ben: déronme premios, mais acabada a II Guerra Mundial, no ano corenta e seis fun a Londres e púxenme en contacto con xente moi importante do exilio. Coñecín a Luís Cernuda e outros. Xa non me lembro de todo, pasaron xa cincuenta e nove anos. Os exiliados tiñan alí, con algúns profesores, o Instituto Español e iso deume unha idea clara de que todo o mellor estaba fóra e de que aquí estábamos totalmente pechados. Estabamos facendo exposicións para esta burguesía que era unha bazofia, por pouco me meten no Valle dos Caídos. Daquela foi cando pensei en virme para Galiza e montar unha fábrica e tratar de recuperar as terras de Sargadelos.

-No ano corenta e oito decide abandonar a pintura mais continuou ligado ao mundo da arte até hoxe mesmo.

-O que pasa é que o coñecemento da Escola de Belas Artes estaba aí. No ano corenta e un e corenta e dous estaba alí Carlos Sáenz de Tejada, que foi o que lle fixo a propaganda a Franco, un cartelista horrible na propaganda que lle fixo, claro que a propaganda tiña que ser así, non podía ser doutra maneira. Despois puidemos comprobar que foi un magnífico artista e un ilustrador dunha extraordinaria revista chamada *Claridad*, aínda que xa non lembro ben. Fíxéronlle unha exposición na Fundación Juan March en Madrid. Este Carlos Sáenz de Tejada coa influencia que tiña animou a Juan de Contreras, o Marqués de Lozoya, que era director xeral de Belas Artes, para que entre alumnos da Escola de Belas Artes e os da Escola de Arquitectura fixésemos unha experiencia de deseño industrial. Foi a primeira que se fixo. Fomos cinco de cada unha delas. E iso deunos lugar a encontrar unha praza nas escolas de Artes e Oficios que non fosen de Madrid, que estaban moi ocupadas. A min déronme unha bolsa para Cartaxena. Tamén fun a Italia e

alá estiven en plena guerra. E ao pouco tempo de estar alí, os norteamericanos desembarcaron en África e xa se produciu un sarillo tremendo.

-Inmediatamente despois comezou a súa etapa na Arxentina. ¿Foi emigración ou exilio?

-Eu tiña relación con Luís Seoane. Escribíámonos a través de xente que ía e viña. E pensamos en Sargadelos e montouse un laboratorio para estudar as terras do Sargadelos antigo para ver se servían para facer o material de cerámica de alta calidade. Resultou que o material era magnífico e montamos a fábrica. E como eu tiña relación con xente en América, pensamos en facer unha cousa semellante alá. E así naceu a fábrica da Magdalena, que me custou a min atravesar corenta veces o Atlántico. Eu non podía abandonar o Castro, que tiña daquela cen empregados, e os meus socios dixéronme que se ía ficar na Arxentina habería que a vender.

-Entón xa contactou no inicio co exilio galego?

-Tiven moita relación con Luís Seoane, Rafael Dieste e Lorenzo Varela, que eran uns tipos excepcionais, cunha visión grande do futuro, cun compromiso social e político grande e cun coñecemento e cunha obra extraordinarios. Incluso se queixaba Blanco-Amor: “Esta troika fai unha cousa aí pechada na que non podemos entrar os demais”. Non era certo, o que pasa é que Blanco-Amor, que era unha persoa excepcional, tiña as súas limitacións de carácter. A xente que ficou alá era excepcional: Blanco-Amor, Dieste e Seoane, que son fundamentais na cultura galega. Tamén estaba Núñez Búa. Eu a última vez que vin de América foi en mil novecentos sesenta e oito. Foi cando nos puxemos a construír Sargadelos. Eu púxenme moi en contacto co exilio e tratei de que viñesen. Foi algo heroico o que fixo o exilio. Trinta, corenta anos dando os mellores anos da vida por manter a chama acesa foi algo heroico. No exilio funcionaban varias cousas: unha, a dignidade do individuo, que dicía “eu non me movo”. Outra, que a moitos non os querían aquí xa que a algúns Franco mandaríalos matar. E unha terceira, que tampouco era pouca cousa, era que os que estaban aquí estaban moi ben colocados e os que estaban fóra se volvesen íanlle tirar protagonismo, o que tamén influía.

Eu dicíalle a Dieste: “Non te coñece ninguén, alí non te coñece ninguén. Coñécete Carlos Maside, e para de contar. Outros coñécete, mais non lles importa nada que volvas ou non”. E Dieste, que era un home forte,

daba golpes no peito e dicía: “Non pode ser! Non tes razón ningunha!”. Por tres veces pasoume isto, e de cada vez el daba unha chea de puñadas no peito, aínda menos mal que non mas pegaba a min!!! Lembroumo varias veces Luís Seoane, nunha delas por carta, “Fuches o único que cabreaches a Dieste por tres veces”. Por fin Dieste decidiuse e volveu. Escribiu á Arxentina dicindo: “Díaz Pardo tiña razón do que estaba a pasar aquí”. Houbo que pedir desde Arxentina para que se atendese, pedirlle á Academia para que tratase de facelo académico, que o recoñecese. Así che eran as cousas. E así foi que se montou unha autonomía que non ten nada que ver coa que pretendía o galeguismo. Respectábel todo, non nos imos pór... Alén disto hai que dicir que aínda ben que os inimigos da autonomía fixeron moito máis do que os que se consideraban amigos da autonomía. Polo menos fixeron esta autonomía que temos aquí... desenfada, sen sentido autonómico, mais os outros non fixeron nin iso (ri).

-¿Cre que están recoñecidas estas personalidades que padeceron o exilio?

-A Luís Seoane fíxoselle unha Fundación na Coruña e unha edición das Obras Completas e das de Dieste temos dous tomos dos cinco previstos. Un deles estábao a preparar Domingo García-Sabell e ao morrer ficou adiado. Outro deles encomendóuselle a Xesús Alonso Montero, que non acaba de terminar de facelo. O tomo de teatro estao a preparar Ricard Salvat, que prometeu entregalo no dous mil catro. Blanco-Amor foi recoñecido. Nós non esquecemos a ningún. Estamos constantemente a publicar cousas deles. Nós polo menos non esquecemos nada (sorri). Temos uns mil cincocentos títulos na editorial dedicados a recuperar a memoria histórica. O que pasa é que son moitas cousas e somos moi poucos a traballar nelas.

-¿Como entende que unha vez que se fixo a transición, que a nivel de Estado gobernou durante bastantes anos un partido dos que sufriu a guerra e as súas consecuencias, non houbera un recoñecemento explícito e claro do exilio, e precisamente agora nestes últimos anos haxa unha tentativa decidida por parte deses mesmos sectores sociais por recuperar o exilio, con actos, exposicións, homenaxes...?

-Desgraciadamente foi todo unha cousa lamentábel. Na época de Adolfo Suárez quería-se facer algo para que dalgunha maneira se unise a tradición para darlle máis consistencia á transición. Suárez chamou a Tarradellas, que acudiu deseguida. Díxollo a Leizaola, que lle respondeu: “Eu non creo

en vostedes, mais se vostedes crean a Autonomía, eu vou”, aínda que finalmente non se incorporou. Canto a Galiza, o único que tiña en fideicomiso a representación do pobo galego, porque lle correspondía, era Osorio-Tafall, que a través de Jaime de Piniés, que era embaixador da ONU, veu a Madrid. Valentín Paz-Andrade, Domingo Quiroga, Varela Rodones e mais eu tiñamos moita relación con el e tiñámonos carteados durante moito tempo. El dicía: “A min se mo pide o pobo”. Mais tivo que lle dicir a Suárez: “Ninguén me chama, agás catro amigos que teño en Galiza”. Non conseguimos nada, nin que o publicase o xornal. Desgraciadamente Galiza é un país lamentábel. O feito de que viñese Osorio-Tafall, que era un grande personaxe, alén de político, científico e que utilizara a ONU, parecíanos algo moi positivo para o país. Cando quixemos que viñese, o galeguismo radicado aquí opúxose: “Non, porque Osorio-Tafall colaborou na Guerra Civil, e colaborou cos comunistas, e tal e cal...”, dicían. Isto foi o lamentábel. Temos moi mala sorte, moi mala sorte.

-Tendo en conta, como apunta, que nos anos cincuenta comezou a división entre o galeguismo que ficou no país e o que estaba no exilio, vese que se posicionou máis próximo destes últimos, incluso nas relacións amicais e profesionais, coas viaxes e estadias na Arxentina e aínda correndo riscos. ¿Como foi a súa relación co galeguismo cultural que actuaba no país?

-Normal, normal porque hai que dicilo, eles dalgunha maneira tiveron este galeguismo cultural que había. O que pasa é que foron tantos anos de franquismo... que foi moita presión. Verás, un vai a Inglaterra e bota alá trinta ou corenta anos e vén falando inglés aínda que non queira. Esta éche a cousa. Dalgunha maneira eles continuaron mantendo o idioma, o castrapo, porque isto non é galego é castrapo. Era o único que había. Logo había xente que non eran políticos, mais que tiveron moita dignidade, como Otero Pedrayo. El non se podía meter en política, non era verdadeiramente a súa función. Si o foi cando era máis novo. Cando viaxou a Bos Aires estivo moi comprometido coa xente que alí estaba. De todos os xeitos non houbo unha conciencia política no galeguismo interno e así ficaron as cousas, que as deixaron morrer e cando veu alguén de fóra que quixo recuperar o Partido Galeguista non puido, primeiro foi Ramón Piñeiro o que non quixo. É unha cousa moi complicada... e aínda hai moita xente viva. Houbo que transixir en moitas cousas... Logo, unha das ideas do Laboratorio de Formas, que ideamos Seoane e mais eu, foi o Museo Carlos Maside, do que había que

facen un Padroado. Luís Seoane foi amigo de Domingo García-Sabell, de Paco del Riego, de máis xente, xa antes da guerra. De feito, Paco del Riego foi o único que estivo en contacto con el, mandándolle artigos para as revistas *Galicia* e *Galicia Emigrante*, pódoo en relación, aínda que Paco del Riego non era un home politizado, era un escritor. Entón, Luís Seoane, que era a peza fundamental da creación do Museo Carlos Maside, quixo metelos a todos. Meteu a Ramón Piñeiro, Paco del Riego, García-Sabell, etc. A idea de facer un museo de arte galega a partir de Castelao foi de Seoane e el quixo actuar así e eu deixeiño facer. Mais deixou xente nova fóra como Alonso Montero, Ferrín, etc. Porque, claro, non casaban cos outros. Son cousas complicadas: ¿como se lle dicía a Luís Seoane que había que meter tamén a xente nova? Porque claro, naquela altura había un enfrontamento terríbel entre os galeguistas do interior e os novos, e eu estaba de acordo con estes. Esta posición de Seoane axudoulle moito aos galeguistas do interior. Aí sen decatarse, Seoane fixo unha cousa que non estivo ben, iso que era unha persoa que apoiaba moito a mocidade. El debeu procurar o entendemento entre todos, xa que, co que fixo, sen darse conta, veu revivir un grupo de xente desprezada pola mocidade nese momento.

-¿Non ten pensado escribir as súas memorias?

-É moi complicado. Poderíanse escribir moitísimas cousas. Aínda hai xente viva, e cando non é así están os fillos, que non gustan que se escriban dos pais certas cousas.

-Entón, ¿non se pode remexer no pasado?

-Si, claro... Moitas cousas sobre a violencia, que houbo mortos, e aínda se van sabendo moitas cousas pouco a pouco. Claro, os nomes principais están xa recollidos. É un tema complicado.

-Un home da súa traxectoria, que viviu a República, sufriu a guerra, padeceu a ditadura e se aliou co exilio, como viu a transición política?

-Xa o teño dito nun artigo da prensa titulado “Nós, os republicanos”. Nel explicaba por que nese momento os republicanos e a xente do exilio pactamos co Rei, porque o Rei nese momento representaba a posibilidade e a liberdade, non había outra posibilidade. E nós tiñamos que estar porque, ¿quen nos ía substituír? ¿Tejero? O Rei foi a México, saudou á viúva de Azaña, foi a onde os cataláns e faloulles en catalán e deu a imaxe de que

viña implantar esta liberdade que temos, esta liberdade que sempre é relativa, mais non as hai mellores noutros lados. E non hai máis que ver a democracia dos norteamericanos...

-Mudando de tema, se un repasa as hemerotecas e se fixa nas tentativas, efectivas ou non, de creación dun medio de expresión escrita sempre estivo vostede detrás dunha ou doutra maneira?

-Cando veu Lorenzo Varela parou na miña casa. De feito el morreu en Madrid nun piso que temos alí. Non morreu no piso, morreu tomando whisky nun bar, que lle estaba prohibido xa que tiña un problema de corazón sen solución, mais se bebía acabábase. Practicamente pódese dicir que se suicidou. Como dicía, cando el veu o único que fixo unha nota sobre a súa chegada foi Ánxel Fole, e non era tampouco unha marabilla. “Volvió el argentino”, titulábase. Lorenzo Varela pensou que era unha trapallada e dixo que tiñamos que facer algo, polo tanto súa foi a idea de facer o Instituto Galego de Información. O que se fixo foi crear unha base para crear o Novo Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, etc. En fin, unha serie de proxectos que se estaban recuperando ou creando novos. Mais, o que se di facer un xornal viuse que non había elementos. Por exemplo, non se conseguiu ningún economista, e iso que se fixo unha área de economía, que entendera o problema económico de Galiza. Nin un só.

-Ten dito moitas veces que a lingua debe ser tamén un produto do comercio. ¿Como ve esta situación?

-A lingua faina o comercio. Os que teñen as empresas determinan a lingua, e cando ficamos sen empresas como acontece en Galiza, que fica sen recursos económicos propios, fica tamén sen lingua. E senón vexamos outros exemplos onde o proceso xa está máis avanzado, como Puerto Rico. E como sigamos así, aquí falaremos inglés.

-Nesta perspectiva, ¿como entende toda a polémica xurdida polas pequenas mudanzas levadas a cabo ultimamente na normativa ortográfica da lingua galega?

-Aquí falta unha conciencia clara a favor do galego. Crer que o Instituto da Linga Galega ou a Real Academia Galega ían facer algo pola lingua é ser moi ilusos. Eles non van facer nada. Se estamos entregando as nosas empresas, os nosos recursos... non hai máis que ver que nin os nosos ríos

son nosos, nin cobramos nada por eles. Con este panorama estas institucións non poden facer nada.

-Antón Baamonde nun libro publicado hai pouco tempo titulado “Aire para Respirar” (Xerais, 2002) di literalmente: “Isaac ten feito moitas cousas, sen dúbida, pero tamén ten deixado de facer outras moitas” (p. 114). ¿Que cousas deixou de facer vostede?

-Moitas cousas, moitas cousas. Entre elas a de crear un medio de publicación periódica, conseguir facer un xornal, que servise de elemento informativo, e non se fixo porque faltaron moitas cousas, que non só foron medios económicos, que iso podíaase conseguir. Economistas, xornalistas, o compromiso político serio que non o houbo e despois temos a experiencia de ver fracasar o xornal *Galicia*.

-Lendo os artigos, declaracións, entrevistas súas dos últimos tres ou catro anos, dá a sensación de que houbo unha mudanza de actitude. Moitas das conquistas polas que loitaron os exiliados non se lograron, seguen a gobernar os de antes, etc. ¿Pasou vostede da ilusión a certo desencanto?

-Todo valeu moito a pena. Coa loita do exilio ficou testemuña de que houbo unha lealdade e un sacrificio que dalgunha maneira retén a descomposición da sociedade. A verdade é que eu non mudei a forma de pensar nos últimos anos, mais o caso é que as cousas son así porque a xente é así. Tampouco nunca me fixen ilusións de que houbese grandes mudanzas porque xa desde un principio vin a moitos compañeiros claudicados. Non me fixen moitas ilusións, non ten moita solución o home. Hai si, un grupo de xente, que é importante, que mantén a dignidade, pero nada máis. En xeral, a xente vai por onde a levan. A utopía é un proxecto ideal para as cousas, mais logo vén a realidade e estrágo todo. Mais a loita sempre vale para algo.

-Agora imos falar un pouco do futuro, que proxectos inmediatos ten?

-Agora morrer (ri). Teño máis de oitenta e tres anos e tócame morrer. Xa están a morrer todos, xa non queda ninguén.

-Unha persoa do seu carácter e despois de toda unha vida metido en múltiples empresas, cales ten plantexadas nestes momentos?

-Máis que nada o que se vai tratar é de dar estabilidade ás cousas para que na transferencia dunha xeración a outra non aconteza o que acontece

sempre, que se destrúen as empresas. Estamos a poñer as cousas en mans dunha institución sen fins de lucro que manteña máis que nada a filosofía do Laboratorio de Formas, que foi a que fixo as demais cousas. Eu, dalgunha maneira, teño a obriga de facelo porque hai outras persoas que confiaron en min, como Seoane, Dieste, Lorenzo Varela, Blanco-Amor, que xa desapareceron. Imos ver se tiramos as cousas dun plano puramente comercial. Xa está feita a Fundación Sargadelos, mais queremos que sexa unánime porque sempre hai algunha disonancia.

-Teño ouvido nalgunha ocasión: “Que bonito país pero que carallo de xente”, ¿ten futuro este país?

-De momento moi pouco. Teñen que mudar moitas cousas. Estes días estase a falar moito sobre o idioma. O galego vai ficar nunha lingua litúrxica coma o latín, fálase na Universidade mais xa o pobo non o fala porque os resortes económicos do país non están en mans galegas nin de xente que estea concienciada. Pode haber algunha excepción, mais non é nada noso. Desfixeron este país de mala maneira, nin o ar é noso, nin o vento é noso. Producimos enerxía eólica, mais non é nosa. É moi penoso, mais é así.

Agora a única solución que hai sería achegarse a Portugal para que isto recupere un chisco a personalidade, xa que alí ficou un anaco de Galiza.

Moléstame un pouco que se revise a miña obra porque non ten valor

La Voz de Galicia. Culturas. 9.10.2004

Camilo Franco.

A Isaac Díaz Pardo non lle gusta falar do seu tempo como pintor. Ten a actitude de quitarlle importancia e mesmo considera que era mellor “que non se volvese falar diso”. Mentres a súa pintura levanta o interese, el procura aplacalo advertindo que non hai nada que estudar na súa obra.

-¿Que foi o que o levou a dedicarse á pintura?

-Tiña que vivir de algo. Foi un tempo no que estabamos moi arruinados, con moitas necesidades. Entón estudar Belas Artes era o máis barato que había e foi o que fixen, pero non tiña vocación nin nada. Eran tempos duros do franquismo e non había posibilidade de dedicarse a moitas cousas. Foi unha época moi difícil, pero a pintura deixei enseguida que puiden. Deixei a pintura comercialmente, logo fixen algunhas cousas, cousas menores, encargos dos amigos, pero xa cousas ás que non hai que darlle importancia. Cando estiven en América pintei algo e as obras andan no arquivo do Museo Carlos Maside.

-Os especialistas, polo contrario, din que a súa pintura é importante, interesante e mesmo que avanzou nunha modernización estética.

-¿Din todo iso? Supoño que o fan por ben. Pero eu non lle dou valor. Eu preferiría pasar por riba destas cousas, non teño ganas de revisar nada da pintura e creo que non ten valor. Foi unha época que tiven que pasar e máis nada.

-Ora ben, nos anos sesenta cambia o seu modo de pintar, dun certo classicismo a unha figuración esquemática. Iso implica algunha reflexión pictórica.

-Fixen cousas, pero eu non quería dedicarme comercialmente á pintura, non era algo que me gustase. Non tiña sentido comercial. Nalgún momento quixen ensaiar, pero sen buscar transcendencia ou vendas, eran cousas que respondían a preocupacións que non procedían directamente da pintura.

-Iso quere dicir que o seu traballo pictórico influíu noutros labores seus.

-Axudou moito para as fábricas. Porque as miñas ganas de facer excedían moito á estética, sempre tiven ganas de facer moitas cousas, pero as

miñas motivacións non eran estéticas. Mesmo no deseño, por exemplo, non era a estética o asunto que guiaba o meu traballo. A pintura, o debuxo que aprendín, todas esas cousas axudaron para desenvolver outros traballos, nese sentido aproveitei o aprendido.

-Entón facer cartaces, ilustracións para libros, ¿forma parte do traballo do pintor ou dos outros?

-Seguín facendo carteis, tamén sen afán comercial. Para amigos, para xente que viña e que me pedía algunha cousa. Unha portada para un libro e cousas soltas. Pero son traballos moi distintos da pintura. Un cartaz é un berro pegado a unha parede e unha ilustración para un libro é completar algo que non se escribiu. Teñen relación coa pintura por canto teñen procedementos nalgúns casos semellantes, pero non desde o punto de vista da dedicación. Son cousas que teñen obxectivos diferentes.

-¿Non volveu ter a tentación da pintura?

-Hai cincuenta anos que abandonei a pintura e non tiven ganas de volver a ela. Tampouco tiven tempo. Cada vez teño menos tempo, así que non me plantexo pintar. É un asunto que para min quedou moi atrás no tempo. De vez en cando pinte, pero nunca en serio.

-Fala como se houbese algo que o molestase en que revisen a súa pintura.

-Moléstame un pouco que se revise a miña obra porque non ten valor. A min non me gusta vela. Sei que o fan por ben, coa mellor das vontades e ademais que eu non podo dicirlles que non. Se por min fose non faría falta revisala. Seguro que hai outras cousas que facer máis interesantes. Pero tampouco son eu quen vou dicir que non, porque eles saben o que fan e fano coa mellor das intencións.

-¿E que propón facer logo coa súa pintura?

-Está nos arquivos do Museo Carlos Maside, no Castro. E alí ben está. Eu non teño nin ganas nin tempo de revisala. E creo que o mellor sería deixala estar. De momento está aí e non teño pensado facer nada con ela. Son un home vello e prefiro non pensar nesas cousas. En realidade non teño tempo de pensar nesas cousas que me parece que non teñen importancia.

A entrevista

Murguía. Revista galega de Historia, nº 7/8. Maio-decembro 2005.

Isaac Díaz Pardo naceu en 1920 en Compostela. Frecuentou desde moi neno o taller de seu pai, Camilo Díaz Baliño, escenógrafo, pintor e cartelista, no marco do galeguismo. Sorpréndeo a sublevación militar no 1936 cursando os estudos de bacharelato e cando proxectaba acceder á Escola de Arquitectura, tivo que ficar agochado. No 1939 ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando; ligado ao deseño industrial destacará como creador. Fundador xunto a Luís Seoane do Laboratorio de Formas, apoiado pola comunidade exiliada. Aliás botaría a andar as Cerámicas Sargadelos, Edicións do Castro, o Instituto Galego de Información e outros proxectos de grande relevo. É autor de diversos ensaios e textos xornalísticos.

-Bo serán, Isaac.

-Bo serán.

-Este ano 2005 é o “ano Ánxel Casal”, segundo iniciativa do Concello de Compostela. ¿Que lle parece a iniciativa?

-Está ben. O que pasa é que tiña que ter máis movemento na prensa, prestarlle máis atención. E logo hai outras cuestións, como os letreiros que lle puxeron no que foi a súa imprenta que non hai quen os lea. Hai certo abandono.

-Un abandono que non fica acorde co relevo de Casal, ¿non si?

-Casal foi moi importante, importantísimo. Fixémonos, por exemplo, que Castelao tiña unha grande admiración por Casal, o que demostra o seu grande tamaño. Non é de recibo o silencio no que fican as iniciativas relacionadas con Casal.

-¿Cal pode ser o motivo deste silencio do que nos fala?

-A cuestión é que non morreu Franco aínda. Hai moitos restos... Hai quen entende que a Historia non se debe facer, que había que esquecer todo. Unha cousa é perdoar; mais esquecer, non! A Historia hai que facela!

-Claro. O silencio do que nos fala envolveu outras figuras...

Si. Por exemplo, cando vivía Lois Tobío -a persoa que máis entendía e sabía da Autonomía- (estando na redacción do proxecto do Seminario de Estudos Galegos no 1931), redactouse o “Estatuto dos dezaseis”. Tobío era home cunha formación excepcional. E aqueles “dezaseis” non convocaron para nada a Tobío...

-Falando do Estatuto de Autonomía, ¿que opinión lle merece a reforma do actual Estatuto de Galiza? ¿E que opina das voltas que se lle dá ao concepto nación...?

-Iso non hai que discutilo. Galiza é unha nación, pero unha nación escarallada. Despois de centos de anos a xente fala galego, aínda coa presión que tivemos! Aínda temos forza. A reforma do Estatuto é necesaria.

-Entrando de cheo na figura de Casal, ¿como lembra o primeiro encontro con el?

-Coido que desde que nacín tiveron contacto con Casal. Meu pai era íntimo de Casal. Meu pai colaboraba con Casal desde os anos vinte. Meu pai facíalle as portadas dos libros. Había unha intimidade e compenetración grande entre os dous. Logo, cando meu pai no ano 1931 se vai coa Coral de Ruada para América, e volve despois de abril, logo de se proclamar a República, hai declaracións del na prensa falando da República... Ben, nós daquela viviamos na rúa das Hortas número 20. E, logo, meu pai, alugou unha casa pequena na rúa de Carretas e fómomos vivir para alá e a nosa casa das Hortas deixoulle a Casal para montar a imprenta.

-Desde logo había unha forte relación e cooperación...

-Si. O da casa foi ao pouco dun tropezo de Casal: metérase nun periódico, *El Momento*, -do que saíron arredor de 14 números- no que fixo unha grande inversión, mais non saíra para adiante... Casal daquela xa estaba encargado das publicacións do Seminario de Estudos Galegos e veu desde A Coruña a Compostela, onde se concentraba o galeguismo, o Seminario, etc. E traslada a imprenta Nós. Logo, pasados dous ou tres anos, desde as Hortas trasládase á rúa do Vilar nº 15.

-Está a falar do rueiro compostelán vinculado a Casal, ou o que é o mesmo, ao nacionalismo galego e a iniciativas de grande relevo. A maior parte dos viandantes pasan por estes lugares sen saber dos proxectos a que deron cabida.

-Si, claro. Era boa cousa que se sinalasen todos estes lugares.

-¿Que características definían a Casal?

-Era un home tremendamente cordial. Un nacionalista, fundador das Irmandades da Fala e logo do Partido Galeguista. Tiña un sentido político das cousas.

-¿Que relación tiña con outros nacionalistas?

-Moi boa. Con Castelao, por exemplo, mantén desde as Irmandades unha estreita relación. É Castelao quen lle fai os deseños (corporativos) para o selo editorial.

-Foi moi importante Casal no marco da campaña a favor do Estatuto, ¿non si?

-Certo. Lembro a campaña facendo cartaces. Traballando a fume de carozo. Seoane fixo o cartaz da Coruña. Zeus, un fillo de López Bouza, outro que asinara. No meu caso, Castelao daba a idea e eu era quen confeccionaba os cartaces asinados por el.

-E chega o resultado da campaña no 28 de xuño de 1936. Hai quen presenta a data desde certa controversia...

-Si, mais o certo é que na redacción do Estatuto colaborou o 90% dos concellos, na asemblea de 1932. Isto é certo que non foi un sufraxio directo, pero si un sufraxio dos representantes do pobo... E logo referéndase no sufraxio do 36. Iso é todo.

-Había ou non unha politización importante na Galiza daquela altura?

-Había. O galeguismo, cando menos en ámbitos intelectuais, tiña forza e logo, moita, o anarquismo. Por exemplo, estes últimos na Coruña tiñan moita forza co Centro de Estudos Germinal, cunha biblioteca de arredor de oito mil volumes que queimaron os militares no 36.

-E, ao pouco, a sublevación militar reaccionaria. ¿Que lembranzas ten dos primeiros días de represión no 36?

-Eu escondínme ao longo duns tres días. Nestes días tivemos un asalto dos falanxistas á casa familiar; levaron pertenzas e debuxos, racharon outros, levaron libros...

-E Casal no inicio, desde o Concello, organizando a resistencia...

-Si. El veuse para Compostela desde Madrid -onde estivera por causa do Estatuto- no coche da Deputación coruñesa con López Bouza, o presidente da Deputación. Tamén viñeron os mineiros de Lousame a Compostela. Casal saíu ao balcón do Obradoiro comentando... “veño da Coruña onde os nosos irmáns están loitando contra a reacción... hai que axudalos”. Así que organizamos grupos para ir a Coruña no Castromil con voluntarios. Eu fun un dos voluntarios. Levabamos dinamita (lembro como cheiraba a miña cazadora a dinamita). Lembro que chegamos a Coruña e pasando por Calzados Senra, aínda hoxe lembro como tableteaban as metralladoras... Vimos que non había nada que facer. Eu din volta para Compostela grazas aos banqueiros Núñez, que me meteron no seu coche. Cando chegabamos a Compostela, o chofer viu que había unha metralladora no inicio de Basquiños, onde San Caetano, e díxome que baixase do coche. Cheguei a casa, a familia estaba preocupada...

-Deixando o groso da “longa noite de pedra” para outra conversa, achegúmonos á recuperación de proxectos editoriais que lembran o espírito da imprenta e editorial Nós. ¿Como é ese reinicio do traballo editorial autocentrado en Galiza?

-Verdadeiramente a figura máis importante a este respecto é Luís Seoane. É o que ten a idea clara de fundar unha editorial en Galiza co espírito de Casal. El fundou no exilio diversas editoriais. Máis de trescentos libros que editou en América. No 1963, cando estaba ben quente Franco, editou dous álbums de gravados co seu significado político. É Seoane quen leva para o exilio, podíamos dicir, o espírito de Casal e logo volve para Galiza outra vez ese espírito.

-E chega, neste sentido, Edicións do Castro. E a recuperación da memoria histórica. ¿Por que?


-Si. Unha árbore sen raíces vense abaixo. As cousas que non teñen tradición véñense abaixo. A tradición non é estar estancado, é traspaso,

transmisión. Sen tradición cómpre inventar. Non se trata de resentimento. A Historia hai que facela tal e como foi.

Na serie Documentos estamos polos douscentos números. Noutras coleccións estamos recuperando a memoria ou outras editoriais. E a Biblioteca do Exilio, que xa deu arredor de 30 volumes.

-Por último, ¿cales son os próximos traballos que está a preparar Edicións do Castro?

-Moitas cousas. Por exemplo, temos unha muller que está investigando arredor dos arquitectos exiliados galegos e non galegos. Leva xa uns 50 dos que está recuperando a súa memoria. Mais isto é parte do traballo que estamos a desenvolver...



*Traizón ao Laboratorio
de Formas*

O grupo Sargadelos pode desaparecer

A Nosa Terra, Nº 132. Do 20 ao 26 de xullo do 2006.

Perfecto Conde.

Foi botado da dirección das empresas do Grupo Sargadelos, pero recibe mentres tanto as máis variadas homenaxes e adhesións á súa figura, á súa obra e ao seu importantísimo traballo de recuperación da memoria cultural e política de Galicia. Isaac Díaz Pardo, que vai cumprir 86 anos en agosto, considera que foi traizoado por unha parte das súas persoas de confianza e está preocupado polo futuro das prestixiosas fábricas de cerámica galega.

-Que pasou en Sargadelos e no Castro?

-Así visto desde fóra, pois que nos sacaron a administración. Hoxe recibín un telegrama dunha asociación de Láncara no que me poñen a seguinte frase: “Mentres ti estabas facendo país, outros estaban facendo caixa”. Iso é o que pasou. Que había ambicións desenfreadas. Fixéronme unha trampa.

-Quen trampeou?

-Santiago Sineiro, que me fixo unha trampa nunha sociedade que é de servizos, o Grupo Técnico e Organizador da Fábrica de Sargadelos, cuxo artigo oitavo di que os socios teñen que pertencer ao cadro de persoal de Sargadelos e non vivir a máis de 25 quilómetros, porque era un grupo técnico para servir a empresa. Sineiro foino cambiando e meteu outra sociedade capitalista dentro diso, xustificando que Sargadelos tiña incompatibilidades que non permitían máis có 10 por cento. El fixo pasar iso co acordo dos compañeiros sen darse de conta ninguén de que era unha manobra que facía. Ao mesmo tempo, con esa mesma acta, que é do ano 2000, sacoume a min da presidencia do grupo, o que quere dicir que houbo unha falsificación con todas as consecuencias porque esa acta tiña que asinala eu. E logo aproveitou iso para que o grupo maioritario, a través do Castro, tivese maioría para darlla a eles.

-E agora que?

-En todo isto vai aparecer Sineiro con responsabilidades probablemente algo máis que en termos mercantís porque foron trampas moi gordas as que me fixo. Fixo unha trampa xa co da Fundación Sargadelos. Como

administrador e avogado da empresa, estivo traballando catro anos no da Fundación e resulta que non ía para adiante o que el facía. Finalmente, un profesor mercantil díxonos que todo estaba mal enfocado e que había que facer as cousas dunha determinada maneira. Cando así se fixo, o rexistro deulle nome e número á Fundación e entón Sineiro non tivo máis remedio que sacar a careta e poñerse en contra da Fundación. Quero dicir que estivo catro anos traballando e cobrando por facer as cousas contra nós. Convenceu a outros rapaces, pero todos os demais son intranscendentes para todo.

-Vostede vai reclamar pola vía legal?

-Temos dous equipos estudando a cousa para levala por todos os lados. O que pasa é que agora temos as vacacións e até setembro non vai suceder nada. Estamos reunindo todos os datos para ver todas as trampas que nos fixeron.

-De seguir adiante todo o que até agora pasou, ¿que consecuencias pode ter para o Grupo Sargadelos?

-Estase vendo que hai moitas adhesións e vai haber aínda moitas máis porque me teñen anunciado non sei cantas cousas, homenaxes, etc. Eu non pedín nada, pero son moi de agradecer esas cousas porque iso ponlles de manifesto a eles que non poden facer o que queiran. Eles quixerían facerse co control de todo e empezar a vender isto e aquilo, escarallar todo o que fose cultural porque a cultura non lles importa un pito. Pois agora as adhesións que está habendo impiden que se atrevan a máis.

-Vostede como está vivindo persoalmente esta experiencia?

-Vívoo simplemente. A min xa me pasaron moitas cousas. O diñeiro cheira igual en todos os lados. E os comerciantes son os mesmos en todas partes. Xa tivemos un preito que durou dez anos. En 1968 empezou a vender Sargadelos e a funcionar pouco a pouco e, en canto que se viu que ía para adiante, os socios capitalistas -e ningún dos que agora fan o que fan contra min, porque ningún deles é capitalista senón que recibiron as accións porque llos demos nós, polo que son, ademais, desagradecidos- quixeron botar outro socio para meter un fillo deles e ter maioría. Este preito durou dez anos e estivo tras del o falecido Iglesias Corral. Ao final, eu tiven que denunciar a corrupción deste señor e a corrupción dos tribunais de xustiza que non facían nada. A min procesáronme, pero a causa non seguiu adiante. Estas

cousas son así. Xa se sabe que os que non pensan nada máis que no diñeiro e lles importa a cultura tres pitos hai que librarse deles.

-¿Como se sente vostede?

-Traizoáronme, pero non só a min senón a todo o que significou Luís Seoane e as institucións que levan o seu nome. En todo isto ten moita importancia a Fundación Luís Seoane, que é o socio maioritario do Laboratorio de Formas. Por iso van estar nos procesos que levemos adiante. O Concello da Coruña ten que estar nos procesos porque se non pérdeno todo.

-¿Que pode pasar logo?

-Se as cousas non se resolven, as empresas do grupo Sargadelos poden desaparecer porque tanto Luís Seoane, agora representado pola súa Fundación, como eu, temos dereitos intelectuais sobre a produción das fábricas. Se se lles retira todo iso ou se lles aplica o canon que corresponda, as empresas non se sosteñen. Logo está que esta xente, cuxo afán de dominar lle vai resultar moi duro, non é seguro que saiba levar empresas como estas. É moi difícil levar unha empresa de cerámica, que é algo complicadísimo como non hai outra cousa. Son empresas intermedias entre o puramente industrial e o puramente deseñístico. Ti quitas a parte esa deseñística, sobre a que nós temos dereitos, e non queda nada. Todo iso acaba vendéndose en dous reais e desaparecendo. Isto é lamentábel, pero a min que non me boten a culpa.

-O que pasa en Sargadelos é unha excepción ou algo que se repite máis do que pode ser desexábel en Galiza?

-O que pasa é que aquí estabamos nunha sociedade que de comercial non tiña nada. Sargadelos puido facer o Instituto Galego de Información (IGI) ou mercar a casa de Santiago onde está a galería, ter outras cousas en Sevilla, en Barcelona, etc., e todo se puido facer porque non se reparten dividendos. Cando se constituíu todo isto chegouse ao acordo que era unha sociedade para desenvolver a memoria histórica e a cultura. Pero claro, son sociedades de carácter oficialmente mercantil porque non había daquela outra maneira de facelas. Aínda hoxe, en canto tes que vender ou comprar cousas, non che queda máis remedio que pasar polo Rexistro de Sociedades Mercantís, pero na realidade Sargadelos era o menos mercantil que se poida dar.

-Como naceu Sargadelos?

-Foi unha sociedade pensada por emigrantes. Aí están todos: Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Núñez Búa, Lois Tobío... Todos os intelectuais que había no Río da Prata colaboraron dando ideas sobre o que había que facer en Galiza. Todos chegaron ao acordo de que había que reconstruír o Seminario de Estudos Galegos, a obra e o movemento da arte galega, etc. Logo despois, Seoane e máis eu, co consentimento de todos, fixemos unha sociedade para levar adiante estas cousas. Non había máis remedio que facelo así e, cando chegamos a Galiza, incorporamos a ela a un arquitecto que era moi amigo noso e que nos entendiamos moi ben con el, que é Andrés Fernández Albalat. Había que recuperar as cousas e, entre elas, había que recuperar tamén Sargadelos. Alí empezara a entrar en España nada menos que o deseño industrial e tiña unha tradición que había que recuperar. O primeiro que fixemos foi constituír en 1963 o Laboratorio de Formas e empezar as publicacións de Edicións do Castro cuns álbums de Seoane porque daquela non se podía facer outra cousa. En 1964, firmouse un convenio entre o Laboratorio de Formas e Cerámicas do Castro para entrar en Sargadelos que até entón estaba formada pola miña muller e a muller doutro socio. Nese convenio especificouse que quen ía determinar todo era o Laboratorio de Formas. Iso está firmado e non sei aínda que vai pasar agora con ese convenio. Ese documento está firmado por seis do Castro e polo Laboratorio de Formas, que o representaba eu. Dos asinantes vivimos catro persoas e o convenio elevouse a escritura pública. Todo iso téñeno nas súas mans os nosos equipos asesores para ver que se pode facer. Polo menos vai servir para ver que todo o que se fixo foi co compromiso de que o Laboratorio de Formas era o que mandaba e dispoñía todo e que, aínda que fosen mal, as empresas non claudicarían e antes se lles entregaría aos poderes públicos o labor que se fixera. Así foi todo. A editorial saíu adiante, abriuse o Museo Carlos Maside, fíxose o Seminario de Sargadelos, restaurouse o vello Seminario de Estudos Galegos, creouse o Instituto Galego de Información, e fixéronse unha serie de cousas que afortunadamente funcionan ben.

-Vostede chegou mesmo a facer un proxecto, polo 1976, de facer un xornal galego, o diario Galicia.

-Ese compromiso non era exactamente meu. O xornalista que había nese proxecto era Lorenzo Varela. Cando veu Varela díxonos que de informa-

ción en Galiza andabamos mal. Había que facer un instituto de información ou algo así. Fixemos, pois, o IGI para recadar información e colaborar en todos os sitios de difusión, pero sen precisar nada de que se fixese un xornal novo. Pero a Valentín Paz-Andrade, que estaba entre os consultores, interesáballes recuperar o xornal *Galicia* e, á marxe da escrituración e dos estatutos do IGI, falouse de reproducir o *Galicia*, cuxa cabeceira foi rexistrada e para o que se fixeron unha serie de proxectos que foron morrendo. Eu non vin forma de levar iso adiante porque, nese íterim desaparecieron cinco periódicos que se crearon en Galicia. E tampouco as xentes coas que se falou, verdadeiramente tiñan a idea de facer algo non soamente galeguista senón, ademais, con compromiso social importante. Se non fas algo que teña ese compromiso, é que todo vai ficar como estaba. Fixemos moitos estudos para ver a posibilidade de facer ese xornal, pero non houbo forma de chegar a un acordo posible. É verdade que, dende esta iniciativa, apoiáronse moitas cousas. Apoiouse a revista de Luís Álvarez Pousa, por exemplo, e mesmo o xornal *Galicia Hoxe*, que non podía saír se non lle dabamos nós permiso para rexistrar a súa cabeceira. Déuselle permiso firmando un documento que di que, se nós precisamos usar o nome de Galicia, podemos facelo. Para sacar aquel proxecto adiante tiña que haber un compromiso sobre todo económico porque este país, no que nin o vento é noso, precisaba del. Estamos escarallando a paisaxe para beneficiar ¿a quen? “Gracias a iso Madrid tiene electricidad”, dísenos, ¿e que nos importa a nós Madrid? Así está Galiza.

-Vostede é un dos que máis traballou no que agora está de actualidade, a recuperación da memoria.

-Esa foi a función do Laboratorio de Formas. A de recuperar a memoria en todos os sentidos. Este ano é o da memoria, pero nós levamos moitos anos facendo memoria. O último libro da colección Documentos que publicamos, que fai o número 200, fíxoo Begoña Soneira sobre o drama que padeceron os arquitectos durante a ditadura. Pois resulta que se está vendendo moito en Madrid porque aínda non había un libro que estudara este problema no seu conxunto. Os arquitectos foron os que peor o pasaron con Franco porque os escritores puideron seguir escribindo e os debuxantes debuxando, pero os arquitectos tiñan que ter un título e unha autorización que lles negaba a ditadura. Pasáronas putas, e iso foi moi ben recollido pola autora, até o punto de que agora hai que facer unha edición en castelán porque a pide o Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid.

-Despois da saída de Fraga do poder, ¿como ve a situación galega?

-Dos políticos, Fraga é o único que está consternado con isto de Sargadelos e así mo fixo saber mandándome unha carta cunha letra espantosa. Foi o único que me mostrou o seu asombro e consternación. Sobre a situación galega, non se pode saber aínda como vai ir. De momento están facendo o mesmo que había e, por un lado, está ben que non modifiquen moito as cousas porque hai que cambialas para ben e, para facelo, hai que pensalas moito. Por exemplo, con iso da Cidade da Cultura eu mesmo lle aconsellei a Emilio Pérez Touriño que non se metese co arquitecto porque ten prestixio fóra e, se se mete con el, o pao vai levalo Galiza. Había que traelo aquí e facelo traballar introducindo os cambios e as adaptacións que houbese que facer. O arquitecto, ademais, ten unha idea orixinal que había que respectarlle. E así o fixeron. Eu coido que non o están facendo mal aínda que non cambiasen nin sequera nas medallas Castelao.

-Vostede acostuma dicir que é un conservador libertario, ¿que quere indicar con iso?

-Son conservador porque hai que conservar a memoria. Hai que conservar certas cousas, pero non conservar os privilexios das clases. Trátase de conservar a raíz histórica das cousas. No de ser libertario, é porque é o máis avanzado do comunismo.

-Pero, ademais, vostede ten unha vea que non parece ser só galeguista, senón tamén algo nacionalista. ¿Ou non?

-O nacionalismo está precisamente en que hai que conservar a historia. Non hai máis remedio que ter a raíz histórica porque, por exemplo, ¿que carallo é iso de España como nación? Está claro que é un estado plurinacional que ten varias nacionalidades. Está clarísimo que hai un Estado central, un Estado galaico-portugués e un Estado catalán. O difícil era poñer de acordo estas cousas que están no testamento de Isabel a Católica e no de Carlos I. Se Felipe II puxo a capitalidade en Madrid é porque seu pai lle dixo que se quería facer unha política atlántica tiña que poñela en Lisboa, se quería facela mediterránea tiña que poñela en Barcelona e, se quería xuntar os diferentes pobos que constituían a Península Ibérica, tiña que poñela en Madrid. Esa é a teoría de Madrid. Non hai outra. O que pasa é que o tomou moi en serio Felipe II e fixo o que fixo.

¿Que lle parece a actual política de recoñecemento dos dereitos nacionais?

-Paréceme ben. Eu coido que José Luis Rodríguez Zapatero está facendo todo o posíbel por levar adiante un estado plurinacional. O que pasa é que hai moita resistencia por parte das dereitas. Á dereita interésalle que continúe ETA porque, aínda que lle maten algún deles, sérvelle para seguir berrando: “España, España”.

-¿Como ve a situación intelectual de Galiza desde a súa peculiar personalidade?

-En xeral, hai o que eu chamo inventores da pólvora que queren atribuírse a invención da autonomía, a defensa da emigración e tal e cal cousa. Esquécense dos que fixeron todas esas cousas. Ninguén entendía máis de autonomía, de política e de Galiza que Lois Tobío, e non lle fixeron caso ningún. Todos pensan que son creadores do que agora funciona. Isto é o que eu vexo mal. Non só hai que recuperar a memoria dos que foron asasinados polo franquismo, senón tamén a memoria dos que fixeron as cousas.

-¿Como ve vostede o mundo en xeral.

-O mundo pode rebentar en calquera momento?

-Que nos levou a esta situación mundial?

-Ao terminar a II Guerra Mundial, os Estados Unidos, que eran grandes produtores de automóbiles, contra a idea que había en Europa, impulsou o transporte por estrada. En cambio agora, esta industria tena moi prexudicada porque os outros aprenderon a facer coches e, se cadra, mellor cós norteamericanos. E de aí veu o conflito do petróleo. O capitalismo é así.

Se á empresa lle quitas o carácter intelectual, non vale nada

Faro de Vigo, 29.07.2006.

Carmen Villar.

Dará guerra ata morrer, algo polo que, segundo di el, están pregando os seus adversarios, os mesmos que o botaron do consello de administración de Sargadelos, empresa que se construíu a partir do Laboratorio de Formas, a carón de Luís Seoane e Andrés Fernández Albalat. Pero chóvenlle os apoios. O xoves foi o Consello da Cultura Galega e onte recibiu a presidencia de honra do Pedrón de Ouro. A iso súmaselle a insignia de ouro do Museo do Pobo Galego, o premio Otero Pedrayo, o Araguaney de Ouro ou o galardón “Os bos e Xenerosos” que entrega a Asociación de Escritores en Lingua Galega, ademais dos apoios da Sociedade Española de Mineraloxía, o Colexio de Arquitectos de Galicia, dos ensinantes galegos ou dos que asinan na campaña de internet.

-¿Como se sente diante de tantos avatares?

-Vivo. Eu mantéñome sempre igual porque sempre hai que estar defendéndose dos que se queren quedar co que fas.

-¿Todo polos cartos, como dixo vostede Están en perigo as iniciativas culturais que dependen de Sargadelos?

Cando eles se fan donos da administración, que non da empresa, a través desa trampa, desa traizón espantosa, o que pretendían era botar a cousa cultural abaixo, pero como está habendo moitas reaccións que a están defendendo, non lle poden tocar a iso. Esa é a vantaxe, porque eu nunca pedín nada, pero hai que agradecer todas as adhesións porque iso evitou que desmantelasen a vertente cultural.

-Cal será o futuro de Sargadelos?

-Non o sei. Xa veremos. De todos modos, se non se arranxase este asunto, todo iso se virá abaixo.

-Pero no Instituto Galego de Información deixárono polo de agora.

-Era máis difícil porque hai xente que meteu aquí cartos e que non van deixar que eles se queden con isto. Porque o IGI ten máis ben un ca-

rácter político e social. Está para atender as galerías, Edicións do Castro, para o Seminario de Estudos Galegos... Eles quitarían isto, o outro e o de máis alá e non quedaría nada, porque esta empresa se vai ben, é polo carácter intelectual que ten e, se llo quitas, isto non queda en nada.

-¿E a Xunta, que. Tén que tomar cartas no asunto?

-Eu non pedín nada a ninguén. Non me meto nesas cousas... Cada un... As cousas que se fixeron ata agora son voluntarias. O único político, e é curioso isto, que está indignado con isto é Fraga. Púxome unha carta desde Madrid dicindo “isto é indignante”. Vendo as adhesións que hai, todas son máis ben tirando á esquerda, pero da dereita non ves ningunha máis cá de Fraga. É curioso. Non hai que pensar nas autoridades. As autoridades están a outra cousa. Non quero opinar sobre iso. O que si creo é que todos teñen unha obriga co espírito de Seoane.

“Os dereitos dos deseños son meus e de Seoane”

-Ademais de Seoane, tamén vostede lle dedicou a Sargadelos a súa vida...

-Eu non pedín nunca nada a ninguén, pero creo que o de Seoane si que é moi importante. Claro que a Fundación Luís Seoane, incluído o Concello da Coruña, non vai quedar calada porque senón o perde todo.

-Tamén dicía hai pouco que Sargadelos sen o deseño non é nada. E semellaba unha ameaza.

-Se é que isto non se resolvese, indubidablemente os dereitos intelectuais dos deseños son de quen son e tanto Luís Seoane coma min temos os dereitos intelectuais sobre a produción das fábricas. Ou retiran todos os deseños que hai aí ou do contrario terían que pagar un canon por eles. Por iso se a cousa queda en mans desa xente, iso afonde.

-Os membros do consello que o relevaron da presidencia alegaban que había que modernizar a empresa, o seu concepto.

-Iso é un conto completamente. Modernizar o deseño... Pobres xentes estas... ¡Que saben eles! Se o feito de que se teñan metido nesta operación demostra a súa ignorancia.

-É vostede optimista?

-Eu creo que si. Non haberá máis remedio que deixar que as cousas vaian para adiante. Hai que darlles tempo e ver como se desenvolven.

-Mesmo coa guerra...

-Pode haber guerra porque se isto se resolve será un problema ver como quedan algúns na sociedade. Porque ao administrador non vas telo de rositas aí para que che faga outro burato na barriga, pero aos pobres desgraciados aos que convenceu... Vai ti saber o que fas con eles...

Non hai quen me quite a parte intelectual de Sargadelos

Eco. Revista del Eje Atlántico, nº 183. Agosto, 2006.

Gonzalo Vázquez Pozo.

Presidente de honra da Fundación do Pedrón de Ouro, Premio Otero Pedrayo da Deputación da Coruña, Araguaney de Ouro ou o galardón “Os Bos e Xenerosos” que outorga a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Estas son só algunhas das distincións recibidas por Isaac Díaz Pardo durante o mes de xullo, despois de que as xuntas de accionistas o afastasen do consello de administración do Grupo Sargadelos. O intelectual, artista e empresario galeguista non para estes días de recibir apoios dos máis diversos estamentos da sociedade galega, como o ofrecido por varios intelectuais a través do manifesto “Et tu, Brute?” ou dun grupo de máis de 150 persoas vinculadas ao ensino no que din contrarrestar o “silencio do mundo intelectual e artístico”. Na extensa lista de comunicados, cartas, sinaturas e recoñecementos reivindicativos da figura de Díaz Pardo, tamén hai que salientar a enviada polo expresidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, na que di estar “consternado” polo sucedido.

-¿Como se foi formando no tempo o grupo Sargadelos?

-A fábrica do Castro naceu coa intención de recuperar algún día Sargadelos e a memoria histórica e intelectual que estaba espallada na Arxentinas, onde estaban exiliados intelectuais e artistas como Luís Seoane. Arredor del foise achegando xente que coñecía a historia de Galicia e Sargadelos, e xurdiu a idea de restaurar o proxecto. En 1955 viaxei ata Bos Aires, onde no Centro Coruñés dei unha conferencia sobre a cerámica de Sargadelos. Así comeza todo. En 1962 trasladei ata a fábrica do Castro (fundada en 1949) os coñecementos técnicos empresariais e de produtividade que adquirín na miña estadía de 12 anos na Arxentina, e así construín a actual planta de produción, que me permitía poñer en marcha o proxecto de reconstrución de Sargadelos, que se iniciou en 1965. Dous anos antes, Luís Seoane e máis eu creamos o Laboratorio de Formas de Galicia, que tiña por obxectivo restaurar os elementos de prestixio do pasado galego, e no que entrou Fernández Albalat en 1970. Este Laboratorio estableceu un convenio con Cerámicas do Castro para poñer en marcha o proxecto Sargadelos e reservouse a dirección

técnica e artística. Isto quere dicir que, coa miña destitución no consello da presidencia de Sargadelos, incúmprense os convenios asinados no seu día co Laboratorio de Formas. Grazas a el restaurouse o proxecto Sargadelos e, en 1970, inauguramos a planta circular. Dous anos máis tarde creouse o Seminario de Sargadelos e toda unha serie de institucións, como o Museo Carlos Maside, que forma parte do proxecto de recuperación da obra do movemento renovador da arte galega. E así fomos traballando ata a miña destitución.

¿Como se chega a esta situación? ¿Por que se cederon esas accións aos membros do consello que agora o destitúen?

-Sempre pensei que Sargadelos era un proxecto que formaba parte da historia e que era propiedade de todos os galegos, e por iso montei a empresa sen fins de lucro. Neste sentido reservei a dirección de todo o proxecto para o Laboratorio de Formas, configurando unha empresa na que este ten o 18,82%, Cerámicas do Castro, o 37,64%; a Fundación Sargadelos o 8,69%; a Fundación Luís Seoane, o 3,76%; e os socios individuais se reparten o resto. Nunca me preocupeí das maiorías porque nunca concibín Sargadelos como unha empresa mercantil ao uso, xa que os aspectos mercantís non me interesan, senón os artísticos, a recuperación da arte popular, as vangardas... Hai que vivir e facturar; pero a intención era crear un produto cun enorme valor artístico e cultural.

¿Os problemas xorden coa creación da Fundación Sargadelos?

-Si. Ao sentirme maior tiveron medo de que os aspectos mercantís predominasen sobre os históricos e propuxen aos meus socios crear a Fundación Sargadelos. Algúns deles opuxéronse porque consideraban que non se tiña que ceder patrimonio a unha fundación, pero eu defendín que isto era un protocolo sucesorio importantísimo para garantir o futuro e os obxectivos iniciais da empresa. Cando se puxo en marcha a primeira ampliación de capital para que puidese entrar a Fundación Sargadelos en 2002, houbo socios de Sargadelos, como a familia Rey e Segismundo García, que a impugnaron. De levarse a cabo esa ampliación de capital, non tivese pasado o que sucede agora, pero por entón perdemos o xuízo que se celebrou tras aquela impugnación. Pese a recorrer aquela sentenza, volvemos perder novamente, xa que a lexislación mercantil é moi estrita e non permitiu que a ampliación de capital se fixese obrigatoriamente. E o ano pasado fíxose unha segunda ampliación de capital, na que se respectaron os dereitos das minorías e a Fundación puido facerse socia pola doazón voluntaria dun grupo dos socios.

-¿Que familias participaron nesa doazón e cales quedaron fóra?

-Esa doazón fíxose en outono do ano pasado perante notario e só puideron intervir os socios individuais, xa que nas demais entidades, ou ben non existía unanimidade ou era moi complicado, como no caso do Laboratorio de Formas. Entre os que participamos co 100% do acordado estivemos as familias Díaz Pardo e Varela Martínez, e tamén participaron María Xosé Castro e Luís Marentes. Pola súa banda, a familia Vázquez achegou a metade e unha das persoas que estaba con nós, o avogado Santiago Sineiro, non achegou nada, ao igual que Segismundo García e a familia Rey, que foi a quen sempre impugnou todo.

-¿Poderá volver recuperar o control do grupo?

-O control perdeuse porque unha das institucións que forman parte del, o Grupo Técnico e Organizador da Cerámica de Sargadelos -unha sociedade limitada interna fundada en 1971- non fixo a convocatoria da súa xunta axeitadamente e foi impugnada. Ao impugnala perdeuse un 14% das accións que, xunto co 37% que controlabamos, dábanos o 51%. Pero iniciarei os meus recursos para recuperar o control, xa que non quero que Sargadelos se deturpe.

-¿E que pasa cos dereitos, se existen, sobre os deseños e creacións da casa?

-Ao longo dos anos creei moitos deseños persoais que lle permitiron ao Castro vender moito. Ademais, cando en 1972 se creou o Seminario de Sargadelos, asinou un convenio para que Sargadelos producise, e o Seminario se encargase de deseñar, crear tecnoloxías, actuar como o elemento creativo. É unha empresa independente de Sargadelos, da que teño o 50%, así que me reservo todo o que teña que ver coa parte intelectual. Iso non hai quen mo quite. Haberá que chegar a un acordo cos actuais membros do consello de administración para establecer un canon de propiedade intelectual ao abeiro da lei correspondente. Se eu quedase fóra, habería que pagarme os dereitos de autor para que non retire a miña obra, xa que a empresa correría o risco de quedar sen nada.

-Esa será a solución?

-Non. Non é a correcta porque as pezas de Sargadelos levan o selo de Seoane e o meu propio como fundadores, ademais da memoria dos exiliados que ten detrás.

-¿Segue á fronte do Instituto Galego de Información?

-Si, pero porque está de presidente Paco del Riego e como conselleiro Alfonso Pa-Andrade, ademais de min como conselleiro delegado. Como hai grandes persoeiros, destituír todo o grupo non sería lóxico. Ademais, están a chegar moitas adhesións de Arxentina, Alemaña, Cataluña, Italia... O Grupo Sargadelos realizou traballos de investigación das vangardas, de desenvolvemento tecnolóxico, de recuperación da memoria histórica e cultural do país. Non hai unha institución privada similar noutra parte. O que está a acontecer aquí non pasaría noutra parte de Europa.

-¿Que perspectiva ten sobre o que vai pasar no futuro?

-Imos dar unha batalla legal e supoño que a imos gañar. O apoio social que estou recibindo vai contribuír a iso e xa está anunciado que vai haber máis, aínda que eu nunca lle pedín nada a ninguén. Espero que todo estea solucionado pronto porque imos pedir a suspensión cautelar dos acordos mentres se reconstrúe o Grupo Técnico e Organizador da Cerámica de Sargadelos segundo os seus estatutos. Se o xulgado dita a suspensión cautelar, a dirección quedará en mans do Grupo Técnico.

-¿Que papel pode xogar a Xunta en todo este proceso?

-A Xunta e as institucións arróupanme como fundador de Sargadelos. Supoño que estará preocupada polo que está a pasar, xa que Sargadelos representa a Galicia en todo o mundo.

-Sobre a súa saída de Sargadelos, a nova dirección alega motivos de cambio “de imaxe e de métodos nas empresas”, ao tempo que din que mantiveron negociacións que vostede non quixo atender debido á súa “cerrazón”...

-Todo iso é mentira. ¡Que saberán eles de cambio de imaxe! A min nunca me fixeron ningunha proposta porque non lles convíña, e foron facendo as cousas por abaixo.

-¿Agora mantén algún tipo de relación co resto do consello de administración?

-As relacións son moi tensas. Póñolle o exemplo do meu fillo Camilo, traballador do grupo e que foi director de enxeñería e administrador durante 14 anos. Como deseñador industrial creou máis de 30 máquinas

que están a usar O Castro e Sargadelos, e fíxoo con total desinterese. Pero tal como están as cousas, está a pensar se debería iniciar accións legais sobre a propiedade intelectual dos equipos. Nin el nin eu nos preocupamos nunca destes aspectos porque sempre miramos cara adiante. Así que agora dáme pena todo o que está a pasar e temo que este complexo que se creou con grande esforzo e ilusión, se converta nunha empresa puramente mercantil e sen futuro. Entón, perderá o seu sentido.

“En Galicia ni siquiera el viento es nuestro”

El País, 25.11.2006

Juan Cruz.

La cara de Isaac Díaz Pardo tiene el aspecto de un puño amable. Sus ojos son penetrantes, parecen taladros. Tiene 86 años, es un intelectual gallego que vivió desde chico pendiente de la República, del exilio y de Galicia. Ahora cree que Galicia está mejor, pero sigue escarallada, estropeada. Hace poco perdió el poder sobre la principal de las empresas que creó, Sargadelos, un emblema de la industria cultural gallega. Está convencido de que se la quitaron haciéndole una trampa, y cree que la va a recuperar. Continúa siendo editor, está al frente del Instituto Galego de Información, lleva adelante el Seminario de Estudos Galegos... Y está alerta. Su historia es una metáfora de lo que le pasó a este país cuando se rompió en el 36. Su padre era un liberal republicano, cristiano, cartelista; fue asesinado nada más empezar la contienda. Su madre se volvió loca después de este suceso. Él escapó del destino siguiente, cuando tenía 15 años, disfrazado de ciego. Hizo relaciones con los exiliados gallegos, les ayudó como empresario y como promotor, y desde los años sesenta fue un referente del galleguismo.

-¿Cómo ve la vida?

-No se puede hablar de la vida sin hablar de la Guerra Civil. En este país, y en toda Europa, para hablar de lo que pasa hay que acudir al 36, cuando el pueblo español se dispuso a luchar contra los regímenes totalitarios. Europa se los quitó de encima, pero a nosotros nos cayeron 40 años de silencio, que aún llega hasta nosotros. La desmemoria aún nos persigue.

-¿Qué consecuencias tuvo para usted esa guerra?

-Quedé sin padre, mi madre perdió el sentido, me tuve que esconder, no pude estudiar. Todas las consecuencias.

-A su padre lo asesinaron...

-Lo inmolaron, me gusta decirlo así. Todo lo que pertenecía al Frente Popular quedó eliminado, y fue eliminado el Partido Galeguista. Una orden que dio Mola decía que no había que tener piedad con ellos.

-Pero su padre no era un revolucionario.

-El revolucionario era yo. Pertenecía a las Juventudes Socialistas Unificadas. Por eso no me llevaba bien con mi padre. Él era galleguista. Era un escenógrafo. Era delineante del Ayuntamiento de Santiago. Pero a mi no me gusta hablar de esas cosas; hay que recordarlas, pero no pueden interrumpir el futuro. Es necesario recuperar la memoria, porque lo que se hace sin memoria constituye un mundo falso. Pero eso no quiere decir que deba haber una revancha. ¡Se recupera la memoria para que todo quede en su sitio!

-Quizá no se ha explicado bien cuál es el propósito de la memoria histórica.

-Hubo cuarenta años de prohibición de la memoria, y aún hoy lo padecemos. Begoña Soneira, investigadora en el Instituto Galego de Información, ha escrito un libro sobre los arquitectos gallegos en la Guerra Civil y en el exilio... Tuvieron una dificultad muy grande: los pintores podían seguir pintando, pero otros no podían ejercer sus oficios: eran exiliados, o represaliados, no tenían título. Esa gente merece un respeto, su memoria.

-Recuperémosla, pues. Usted hizo a los 15 años, en el 36, un enorme cartel en la plaza del Obradoiro: un sí a la autonomía. Luego llegó la guerra y el miedo.

-Un amigo de la familia nos llamó el día después de que mataran a mi padre. Nos dijo que me escondiera, que venían a por mi. Salimos hacia Coruña, iba con una gorra calada y medio disfrazado. Podían creer que era un ciego.

-Se quedó, pero su relación fue con el exilio.

-Cuando salí del escondite trabajé en un taller de pintura industrial; luego me fui a Madrid, cuando se pudo entrar allí, estudié Bellas Artes y enseguida mantuve una relación constante con el exilio. Creé la industria, hicimos una fábrica en América, en torno a 1963 yo era un gozne entre los exiliados y Galicia. Creamos Ediciós do Castro, pero no podíamos publicar aquí... A lo largo de los años se fueron haciendo más cosas y hemos llegado a publicar, entre otros textos, más de doscientos documentos sobre la Guerra Civil y el exilio...

-¿El silencio que impuso el franquismo produjo melancolía o más ganas de lucha?

-Nunca perdí el espíritu de lucha. Contra las dificultades hay que luchar, hay que aguantarlas, aunque te tengas que callar... La lucha por la memoria histórica forma parte de esa actitud. Tenemos enemigos por todos lados, y entre ellos los más terribles son los del lado negro de la reacción.

-Ese sector trata de hacer llegar el mensaje de que la Guerra Civil era necesaria.

-Exacto. Y si pudieran eliminarnos todavía nos eliminarían.

-¿Cómo está Galicia?

-Galicia lleva siglos abandonada. Desde Felipe II. No hubo respeto para Galicia. Se quedó sin una entidad que la uniera. Eso todavía lo arrastramos. Cuando me preguntan digo que Galicia es una nación, una nación escarallada.

-¿Y qué tendría que pasar para que esté menos escarallada?

-Tendrán que pasar muchos años para que tome conciencia de su ser, de su historia y del desarrollo de su economía. ¡En Galicia ni siquiera el viento es nuestro! Casi todas las empresas que se crean liquidan en Madrid, y los de Madrid todavía dicen: "Bueno, es que Galicia no cubre sus necesidades presupuestarias, hay que ayudarla". ¡Pero cómo las va a cubrir si se lo llevan todo a Madrid!

-¿Le parece bien este Estado?

-El republicanismo siempre fue federal. Cuando se hizo la Carta Magna, la República iba a ser federal. Pero se hizo federable porque se adelantaron los catalanes: "Aquí estamos nosotros, que venga el gobierno de Madrid a hablar con nosotros". En este país siempre ha habido diferencias, los Reyes Católicos no llamaban a esto España. España era una entelequia, un nombre que pusieron ahí los borbones...

-Éste es un momento complicado...

-Mucho. Vamos a ser invadidos por África. Otra vez. ¡Los árabes han estado aquí más que los españoles! Eso va a pasar.

-Y tenemos este asunto del proceso de paz.

-Lo veo bien, pero con dificultades. Creo que está bien lo que está haciendo Zapatero. ¡Y de momento ETA evita que haya muertes! Querer romper esas supuestas negociaciones por el gusto de romperlas y que esta gente vuelva a matar no me parece nada bien. No hay que olvidarse de que hubo víctimas, pero hay que mirar al futuro. Y el futuro es que no haya enfrentamientos. Si los dejamos crecer, todo será mucho más grave...

-Usted es un promotor cultural. ¿Cómo ve la cultura?

Demasiadas cosas llevan el nombre de cultura... En la época republicana había un espíritu de la recuperación de la cultura que machacaron, y mataron a mucha gente. Un símbolo: se cargaron el Seminario de Estudios Galegos. Ahora lo tenemos aquí.

-Dice el poeta Ángel González que la historia de España es como la morcilla: se hace con sangre, se repite...

-Sí, hay esta historia de que somos violentos. Pero eso no quiere decir nada. La gente que está gobernando hoy está eliminando bastante ese carácter bronco o difícil de España, que tiene ideales y que tiene sangre. Si duran unos cuantos años mejorará el país, pero yo no lo veré.

“Deixei a pintura porque o que quería era facer un traballo para o ben cultural de Galicia. Segúin co debuxo”

El Correo Gallego, 2.06.2007

Albino Mallo.

Isaac Díaz Pardo é un home que neste momento aparece moito nos periódicos por dous motivos que, aínda que parezan diferentes, están moi relacionados. Por unha banda, polo despoxo que lle fixeron de todas as súas empresas partindo do Laboratorio de Formas do que dependen as cerámicas de Sargadelos e do Castro, o Museo Carlos Maside, as Edicións do Castro, o Instituto Galego de Información ou o Instituto Xeolóxico Parga Pondal; e, pola outra, as continuas homenaxes que dende todas as persoas e entidades defensoras do galeguismo lle están a facer e que poden culminar e resumirse co gran libro sobre a súa vida e a súa obra editado recentemente pola Deputación da Coruña. Isaac Díaz Pardo, aos seus 85 anos, ten unha memoria prodixiosa e unha intelixencia envexable, amais dunha grande amabilidade e humildade. Falar con el é unha delicia atendendo como explica todo con naturalidade e con moita sinxeleza.

¿Cómo pode explicar o problema do Laboratorio de Formas e as empresas derivadas que creou con Luís Seoane?

-Por un exceso de ambición de certas persoas que dan a cara e outras que están por detrás. Trátase dun grupo de empresas, pero a caixa forte está en Sargadelos e no Castro, que é onde se fixeron as operacións fraudulentas confiando nuns administradores que resultaron ser uns tramposos. Crearon unhas sociedades intermedias onde, aínda que eu teña a meirande parte das accións, deixáronme fóra. Pero o tema non rematou, xa que o levei á xustiza e todo dependerá do que digan os tribunais.

-Isto despois de moitos anos de tranquilidade.

-En efecto. O Laboratorio de Formas creouse como sociedade e ía ser independente do Castro, pero esta empresa quería participar en Sargadelos. O Laboratorio impuxo entón como condición que a dirección de Sargadelos tiña que estar sempre nas súas mans e O Castro tería que aceptalo. Levouse adiante e O Castro quedou co 34 por cento do capital de Sargadelos. Esta

situación durou 42 anos, pero chegou un administrador de Sargadelos que lles dixo aos do Castro que non se preocupasen polo acordo e que tirasen cara adiante votando en contra. En Sargadelos tamén tiñan preparada outra trampa a través dunha sociedade que se mesturaba, así que se concertaron nas dúas fábricas de cerámica e cun 10 por cento do capital total fixéronse cargo e botáronme fóra. O administrador que argallou isto, Santiago Sineiro, ten 61 anos e pensa que, aínda que vaia ao xulgado, cando remate o preito xa estará xubilado ou talvez morto. Pero eu sei que é unha fraude e rematarán na cadea.

¿Como naceu o Laboratorio de Formas?

-O mérito non é meu, senón que foi unha idea xurdida en Arxentina entre os intelectuais galegos exiliados ou residentes como Dieste, Blanco Amor, Antonio Baltar, Lorenzo Varela, Núñez Búa, Arturo Cuadrado, Laxeiro, amais de Luís Seoane e máis eu, que fomos os que o levamos a cabo en Galicia. Eu xa tiña O Castro dende 1948 instalado no predio dun pazo da miña muller. Nunha das viaxes que fixen a Arxentina, concretamente en 1954, xurdiu a creación de Porcelanas da Magdalena, que foi o xerme do Laboratorio de Formas; a partir de aí, durante algúns anos fixen máis de vinte viaxes xa que tiña que atender as empresas dos dous países. En 1964 foi cando decidimos recuperar a cerámica de Sargadelos, que era unha ruína, e fíxoo o Laboratorio de Formas. Tamén ía a París porque tiña contactos coa editorial Ruedo Ibérico, que entón publicaba en español libros prohibidos en España polo que mantiña moita amizade co seu director José Martínez. Por outra banda estaban os intelectuais que residían en Galicia como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ramón Cabanillas, Asorey, Bouza Brey, del Riego e outros procedentes das Irmandades da Fala ou do Seminario de Estudos Galegos, que eran os nosos exemplos.

¿E foron xurdindo novos proxectos?

-Cando nos xuntamos en España, Seoane e máis eu necesitabamos un arquitecto para levalos adiante e foi Andrés Fernández Albalat. Foron nacendo a editorial, o Museo de Arte Galega Contemporánea Carlos Maside, a incorporación do Laboratorio Xeolóxico Parga Pondal e, en Santiago, o Instituto Galego de Información, que agora os que levan o grupo queren destruílo.

-Unha das últimas homenaxes a Isaac Díaz Pardo foi o libro publicado pola Deputación da Coruña. ¿Qué pensa del?

-Que pesa moito. Cando un chega a vello vai acumulando páxinas de historia persoal e colectiva e foron moitos os amigos que colaboraron. Teño que agradecerlle moito ao presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda, o esforzo feito para que saíra, pero ao mesmo tempo síntome abafado e avergoñado, porque eu non merezo tanto.

-Vostede ía para ser un grande pintor e, de feito, deixou unha importante obra. ¿Por qué abandonou?

-Eu pinteí ata 1948, en que fixen a derradeira mostra na sala Gaspar de Barcelona. Pero entón decateime de que iso de pintar e vender cadros non me ía porque a miña idea fora sempre a de facer cousas para Galicia. Seguro que coa pintura, de seguir, teríame ido mellor e, ademais, non tería atrancos como o actual, pero eu sempre puxen a Galicia por diante e deixei de pintar para dedicarme á cerámica do Castro e logo a todo o xurdido do Laboratorio de Formas.

-¿Pero segue a debuxar?

-O debuxo mantívenlo porque me servía como base para o traballo na cerámica, xa que ademais dunha base filosófica necesitaba unha base estética, e tamén me viña ben para comprender o deseño das cousas que logo realizaba con Fernández Albalat como arquitecto. E agora se fago algo é para compracer a algún amigo que me pide un carteliño para unha obra de teatro, ou para facer unha felicitación de Nadal.

-¿Cómo leva agora a vida?

-Eu vivo o presente. O pasado quedou atrás e o futuro vaise formando cada día. Do que estou seguro é de que traballarei ata que morra. Por certo que os que fixeron a fraude pensaron que eu podería morrer pronto ou incluso co desgusto, pero demostréilles que teño aínda corda para tempo.

Entrevista a Isaac Díaz Pardo. Medalla de Ouro de Galicia. Ano 2007.

Avogacía Compostela, nº 2, xullo 2007.

Mar Rivero. Avogada.

Ao día seguinte de manter esta entrevista foille concedida a Isaac Díaz Pardo a Medalla de Ouro de Galicia, a máxima distinción do Executivo autonómico, para “honrar a súa traxectoria vital” en defensa da cultura e os intereses da comunidade. Segundo o goberno autonómico, “Con este galardón, preténdese recoñecer o labor dun home que levou a bandeira da arte galega por todos os países nos que estivo”.

Ademais, xa tiña recibido numerosas distincións e recoñecementos, o Pedrón de Ouro (1976), a Medalla de Ouro e Fillo Predilecto da cidade de Santiago de Compostela (1988), o Premio Otero Pedrayo das Deputacións provinciais (1990), a Insignia de Ouro (1991) e o título de Doutor Honoris Causa (1992) pola Universidade de Santiago, o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (1993), a Vieira de Prata do Padroado da Cultura Galega de Montevideo (1995), o Premio Jiménez de Asúa de Dereitos e Liberdades (1999), o XLI Premio Fernández Latorre (1999), Arquitecto Honorífico polo Colexio de Arquitectos de Galicia (2001), Premio Ramón Piñeiro de Láncara (2002), Premio das Letras e das Artes de Galicia (2003).

Para o suplemento cultural de “Avogacía Compostela” é unha honra que D. Isaac nos teña recibido e contestado ao noso cuestionario.

Transcribo un extracto da longa e interesante conversa que mantivemos na sede do IGI (Instituto Galego de Información) nun día no que, “ameazado” pola súa desaparición, semellaba un castelo abandonado.

-¿Cómo chega a súa familia a Santiago?

Meu pai era de Ferrol e miña nai da Coruña. No ano 1920 chegaron a Santiago porque meu pai colaboraba con Isaac Fraga, que era empresario de

cines, teatros e espectáculos, de aí vén que me chame Isaac (non teño orixe xudía como me teñen preguntado a veces, aínda que non me importaría) e que a miña irmá se chamase Mercedes, que era como se chamaba a muller de Isaac Fraga.

Fraga quería instalar en Santiago un taller de escenografía e produción de carteis e así se instalaron meus pais na casa da Tumbona na rúa das Hortas. A miña nai viña embarazada de min e eu nacín alí. Aínda me lembro das máquinas de producir os carteis, que eran parecidas ás de agora de offset.

-Polo tanto, vostede xa dentro do ventre materno se comezou a relacionar co mundo da cultura.

-Si, meus pais pertencían ás Irmandades da Fala e alí, pola casa da Tumbona, pasaban habitualmente Castelao, Otero Pedrayo, Ánxel Casal, Vilar Ponte, Valentín Paz-Andrade, Ramón Cabanillas. E a miña casa servía un pouco para poñer en contacto os membros das Irmandades do Norte (Casal, Vilar Ponte) cos do Sur (Castelao, Otero Pedrayo...).

-Síntoo, supoño que estará farto de contalo, pero téñolle que preguntar pola anécdota de cando vostede lle chamou “reaccionario” a Castelao. ¿Que anos tiña vostede na altura?

-(Risas). En fin, eu ía facer 16 anos. Meu pai levábame sempre a traballar con el, estaba contento comigo, máis ca eu con el (como corresponde a esa idade). Eu executaba materialmente os carteis do Estatuto de Autonomía feitos por Castelao, aqueles de “Rapaces, a Nosa Terra non é nosa. Para que sexa nosa VOTA O ESTATUTO”. Ademais, como non había outra forma de facer propaganda política imprimiamos pasquíns, nos que, como rapaces novos que eramos, escribiamos todas as barbaridades que un se podía imaxinar. Para poder distribuír os pasquíns era necesario un carimbo do Concello, pero nós, loxicamente, non os íamos selar porque tiñamos claro que non os ían autorizar. Entón, un día, estando no taller de meu pai Ánxel Casal, que era o Alcalde, e Castelao chamáronme a atención polos pasquíns e entón eu díxenlles que eran uns reaccionarios. Meu pai botoume de alí a patadas.

Logo, pasados os anos, remordeume moito a conciencia porque, dos tres que estaban alí, Castelao morreu no exilio e Casal e meu pai foron inmolados.

-Anos despois vostede foi perseguido e tivo que estar agochado na casa duns familiares, ¿en que altura sucedeu este episodio?

-En fin, a meu pai metérono na cadea, e o día 13 de agosto de 1936 a rapaza que lle levaba o almorzo ao cárcere veu á miña casa a dicir que a D. Camilo o puxeran en liberdade. Nese momento a miña nai perdeu o sentido e non o volveu recuperar máis, porque o seu subconsciente xa lle ditou o que realmente sucedera. Entón, ao día seguinte, o 14 de agosto, o doutor Puente Castro, que era amigo da miña familia, veu á miña casa a dicir que a Isaac había que sacalo de alí porque viñan a por el. A meu pai matáranlo o 13 ou 14 de agosto e eu o día 15 xa partín para Coruña nun Castromil, ben tapadiño a pesar de ser mes de agosto. Recordo que no traxecto, o Castromil tivo que parar catro ou cinco veces porque había xente morta na estrada e os familiares nas beiras chorando. Eu na Coruña funme para a casa do meu tío Indalecio e estiven seis meses agochado sen saír da casa para nada. Posteriormente, tiven coñecemento de que nalgunhas publicacións, en concreto en publicacións editadas en París que se fixeron eco do asasinato de meu pai, se dicía que o fillo Isaac se tivera que enrolar no Tercio para salvar a vida, o cal era falso, pero foron os meus familiares os que difundiron a noticia para protexerme.

-¿Cómo tomou a decisión de saír do seu encerro?

-Quedamos sen nada de nada e tiña que traballar. Despois de máis de seis meses encerrado, en marzo de 1937 empecei a saír discretamente e comecei a traballar de pinche na Coruña.

-¿E os estudos? ¿Cómo foi a decisión de marchar a Madrid a estudar?

-Ao acabar a guerra saíron unhas bolsas para ir a estudar a Madrid. Eu presenteime e déronma (supoño que tería recomendación) -risas- porque nesa época era presidente da deputación, Romay, e nesa familia (os Becaría) tiñan parentesco coa miña.

-¿É certo o que din de que seu pai tiña ilusión en que vostede fose arquitecto?

Si, pero iso, na situación na que quedáramos era imposible. En España só había dúas escolas de Arquitectura, en Madrid e Barcelona, e saían todos os anos uns 15 arquitectos entre as dúas escolas. Entrar nesas escolas

era moi difícil. Houbo xente que estivo esperando 20 anos para entrar, e ademais custaba moitísimo economicamente.

-¿Se fose hoxe e non tivese as restricións de que me fala, gustaríalle ser arquitecto ou repetiría?

-Pois non o sei porque ao longo da miña vida traballei igualmente con moitos arquitectos.

-¿Participou seu pai na remodelación da praza da Quintana?

-A ver, a remodelación da praza foi feita por un arquitecto, Constantino Candeira, ao que lle acabamos de facer un libro porque estaba esquecido. Era arquitecto municipal e meu pai traballaba con el. Ía moito pola miña casa, era membro do Seminario de Estudos Galegos, unha persoa moi importante, pero veu unha rapaza de Valladolid e levouno para alá. Si. Remodelou a praza da Quintana, que tiña unhas árbores “miserables”, e a Casa da Parra... Esta praza tiña un significado importante porque fora enxalzada por Federico García Lorca. Alí tamén se levaban a cabo os mitins e arengas dos galeguistas. Aínda hoxe ten un profundo significado.

-Retomando a cuestión dos estudos, ¿Cómo foron os anos de estudante en Madrid?

-Moita fame, escaseza enorme, acababa de rematar a guerra. En Galicia o tema da alimentación non se sentiu tanto porque había carne, ovos, leite... e non tiñan saída para fóra.

-Despois marchou para Londres. ¿Cómo foi a experiencia?

-En fin, eu fun facer unhas exposicións e alí estaba o Instituto Español, dos franquistas, que estaba dirixido por Leopoldo Panero e, paralelamente, os exiliados crearon outro, o Instituto de España, amparado por Murray, de Oxford, e outros políticos, e entón eu púxenme en contacto con eles enseguida e puiden ver que aquilo era moito mellor que o que había aquí. En Madrid o ambiente era moi pobre, case todos estaban no exilio.

-¿E non lle entrou a tentación de quedar?

-Eu estiven moitas veces, fixen exposicións, pero xa estaba casado, xa tiña un fillo, as cousas cambiaran.

-E de Arxentina, ¿Qué me conta?

-Luís Seoane estaba facendo unha revista, *Galicia Emigrante*, e empecei a colaborar con el xa antes de marchar eu para Arxentina. Logo, no ano 54, veu un dos exiliados, Núñez Búa, que viu o que se estaba facendo no Castro e dixo que había que facer o mesmo na Arxentina. E entón convidáronme a ir alá e fíxose unha exposición de cerámica e pintura e concretouse a cousa da cerámica de Magdalena no ano 1955. A partir desta data estiven todo o tempo viaxando, crucei o Atlántico máis de 20 veces. Non era a miña ilusión facer unha fábrica de cerámica en Arxentina, pero si o era convivir coas persoas que alí estaban: Blanco Amor, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Lois Tobío. Para min poñerme en contacto con esta xente era moi importante. Eu facía un pouco de ponte entre aquí e alá, incluso cos de Ruedo Ibérico que estaban en París.

-E no medio de todas estas figuras coñeceu vostede a Maruja Mallo...

-Si, si, claro. Maruja Mallo era un “rollo”, collía o teléfono e non calaba, víase ben que era unha muller chea de soidade. Tiña un enorme talento, pero había que escapar dela.

-¿Cales eran as preocupacións e inquietudes dos intelectuais exiliados cos que vostede tivo unha relación tan estreita?

-Nós falabamos continuamente do que íamos facer se todo volveuse á normalidade. A conclusión era que o primeiro que había que facer era recuperar a memoria histórica. Logo, particularmente, Luís Seoane e máis eu, decidimos crear o Laboratorio de Formas, recuperar Sargadelos, recuperar o Seminario de Estudos Galegos, recuperar as obras e a documentación do Movemento Renovador da Arte Galega, xa que a tres deles os mataran e o resto estaba no exilio, menos Maside que estaba aquí. En resumo, facer tarefas de recuperación da cultura e do desenvolvemento de Galicia.

-¿E como foi o de levar á práctica aquí en Galicia aquela “tormenta de ideas” que vostedes tiñan?

-Como dixen, a idea principal era a da recuperación da memoria histórica, pero no franquismo aquilo era imposible. Non obstante, creamos Edicións do Castro e comezamos a publicar. No ano 1968 creamos Sargadelos, o arquitecto Albalat foi o que deseñou a planta circular. A experiencia da

cerámica de Magdalena na Arxentina axudou moito. Sargadelos non era tan molesto para o franquismo, pero aínda así custou moito obter os permisos e houbo moitísimas dificultades. Contabamos coa férrea oposición do ministro López Bravo, que logo morreu en accidente de aviación. Aínda así, ao final conseguiuase grazas á axuda do gobernador civil de Lugo, que nos deu as autorizacións sen o permiso de Madrid.

-¿Cómo viviu despois a transición política? ¿Como republicano pareceulle a monarquía parlamentaria unha boa opción?

-En fin, fomos os republicanos os que apoiamos ao Rei, e claro, non me queixo, podía ter sido peor. Optouse por isto e penso que se acertou porque ademais portáronse ben, a familia real son persoas con amplitude de criterio.

-¿E agora, neste momento, xa estaríamos suficientemente “maduros”, para dar o paso a unha República?

-Posiblemente, a monarquía aínda sexa neste momento necesaria. Cada vez menos, claro, pero aínda é necesaria porque os restos do franquismo aínda están moi vivos. Ademais, dicirlle agora a esta familia que se vaian despois do servizo prestado non me parece ético, e penso que en moitos aspectos están comportándose como republicanos. O príncipe casou coa rapaza esta, que sen dúbida algunha é republicana. Son achegados ao pobo, non se meten en nada... Eu son republicano de corazón, vivín na República dos 11 aos 16 anos e non podía concibir que nos cambiasen a bandeira e esas cousas, pero foi así.

-E respecto á actualidade, ¿permíteme que lle pregunte polos “preitos” de Sargadelos? ¿Cómo está o tema?

-O tema está sub iudice?

-¿Qué pensaría Luís Seoane se puidese ver os problemas xudiciais que ten agora vostede co tema Sargadelos?

-Pois poñeríame a parir e diríame “¿con qué gente te metiste? Eres un idiota. ¿No te diste cuenta de que eran unos bandidos y unos sinvergüenzas?

-Pola experiencia “padecida” a raíz destes litixios, ¿Cómo é a súa idea da xustiza?

-En fin, os xuíces fan o que poden, están abarrotados de traballo, pero o lexislador é unha auténtica calamidade. Polo que puiden vivir, a xustiza está orientada para defender o ladrón. E non lles boto a culpa aos xuíces, que o que fan é aplicar o que teñen, pero a lei é unha calamidade.

-E o panorama cultural en Galicia, ¿Cómo está na actualidade? ¿Goza de boa saúde ou está agonizante?

-Hai moito abuso da palabra “cultura”: Consellería de Cultura, Dirección Xeral de Cultura, Consello da Cultura Galega e, por se fose `pouco, Cidade da Cultura. A palabra cultura é unha palabra relativamente actual, entra no dicionario da RAE no século XIX, antes había as palabras culteranismo, cultismo, pero non cultura. A palabra cultura equivale a civilización. Pero, claro, se se lle quere chamar cultura a unha pinturiña, un poemíña, a un libriño...

-Desculpe, pero non me contestou... Voulle facer a pregunta doutra forma. ¿Cómo está o mundo da intelectualidade en Galicia?

(-Risas). Hai de todo. Non lle podo chamar intelectual ao que fai unhas cousiñas por aí. A cultura dun pobo tamén é a agricultura.

-Déame algún nome, por favor...

-Hai xente intelixente: Ramón Villares, Víctor Freixanes... Agora estamos abafados cos medios de comunicación. Todo o mundo escribe, todo o mundo pinta... Pero realmente hai xente que vale: Uxío Labarta, Díaz Fierros...

-Penso que xa me contestou, pero non marcho sen preguntarlle pola Lei da Memoria Histórica...

-As cousas hai que contalas, non que haxa desquite nin nada diso, pero as cousas hai que contalas. Hai que ter coñecemento das cousas para que non se repitan. Eu sosteño que hai dous tipos de cultura: a cultura popular e a cultura “cult”. A primeira non ten medios mnemotécnicos e a segunda, si, ten medios mnemotécnicos de recuperación da memoria a través dos libros, as institucións culturais, os museos, etc. Entón é preciso dotar

a cultura popular dunha canle para que non sexa esquecida. Non hai máis remedio, non se pode presumir da cultura culta sen coñecer unha parte da Historia, o cal non quere dicir que se vaia facer outra guerra civil, nin pedir contas do que pasou.

Son un conservador libertario; non estou con ninguén, pero lévome ben con todo o mundo

De Luns a Venres. O gratuito galego, 24.07.2007.

AGN Sara González.

Pregúntase “por que está vivo”. Talvez, para falar daqueles anos nos que a liberdade e os dereitos non tiñan oco nin en Galicia nin no resto do Estado. Para seguir lembrando o que fomos como pobo, para facer todo o posible para que a memoria colectiva non fiquese só nos arquivos do pasado. Aínda cómpre seguir escoitando a persoas como Isaac Díaz Pardo para que conten como traballaron por Galicia e pola liberdade desde o exilio persoas como Luís Seoane, Dieste, Castelao... ou el mesmo, aínda que lle custe recoñecer méritos. Quizais lle pese algo a idade no corpo, pero a súa mente e os seus ollos, testemuñas de 87 anos da nosa historia, seguen cheos de forza e de vitalidade... aínda que tamén de certo pesimismo.

-¿Qué significa para vostede recibir a Medalla de Ouro de Galicia?

-Para min é máis ben un desagravio que fan xentes responsables, xentes que están na Xunta. Por exemplo, o presidente de Galicia é un vello membro do Seminario de Estudos Galegos, que recuperou o Laboratorio de Formas, que é unha idea concibida en América por exiliados e que levamos adiante como sociedade Luís Seoane, o arquitecto Albalat e máis eu. Entendo que non é por min só, o mérito non é todo meu.

-Hai 60 anos que deixou de pintar para dedicarse á cerámica. ¿Por qué renunciou á pintura?

-Son moitas cousas. A forma máis rápida de contestar sería dicir que porque me deu a gana (ri). Pero deume a gana porque era moi comercial e na época do franquismo ter que andarlle facendo retratos aos ricos era penoso. Iso de andar pintando cadros e expoñelos non ía comigo, vendo que no país había problemas máis importantes. Foi unha cuestión de principios.

-Entón comezou coa cerámica...

-Si, empecei poñéndome máis na realidade das cousas e do pobo, e coa idea de poñerme en contacto cos exiliados. Había uns cantos que xa coñecía de antes da guerra: a Seoane, a Rafael Dieste, a Núñez Búa... e

facíame ilusión poñerme en contacto, sobre todo con Seoane, que estaba publicando *Galicia Emigrante*, e terminei moi ligado a eles.

-¿Perdeuse ese entusiasmo por facer cousas con respecto á xeración que lle tocou vivir?

-Cambiaron as cousas porque iso tiña unha época determinada. O cambio é enorme: a técnica das cousas, os medios de transporte, sistemas de comunicación... Entón os conceptos tamén cambiaron.

-De todo o que fixo polo país, ¿Qué lle produce unha maior satisfacción?

-Non me parei a pensalo. Traballei e fixen o que puiden, interpretando o espírito desta xente que quedou atrás, porque eu vivo non sei por que.

-Se tivese que definir a sociedade dos nosos tempos, ¿Qué adxectivos lle poría?

-A sociedade galega, como todas as demais, é unha sociedade de consumo. Isto é o que hai.

-Por primeira vez hai un grupo nacionalista no goberno. ¿Cómo valora a súa actuación?

-Están facendo o que poden. O que pasa é que a realidade pode moito e pasa o da vaca de Castelao, que uns lle dan de comer mentres os señoritos a moxen. Iso é o modernismo. Entón tampouco poden facer nada, chegan ao poder pero atópanse con que a maior parte das empresas son estranxeiras, que hai unha economía que non funciona ben porque o sector primario, que é o que trata de alimentarnos, está abandonado, case todo o importamos...

-¿Cómo ve o futuro da lingua galega?

-O galego terminará nunha lingua litúrxica porque o pobo en xeral non o fala. Os rapaces fan ata o amor en castelán (ri). Xa non din “¡que riquiña estás!”, senón “¡que encanto de niña eres!” (ri). Entón eu non o vexo ben... A lingua é dos que mandan, dos que teñen o poder das empresas...

-¿E como ve o novo decreto do ensino en galego?

-Tanto dá unha cousa como outra, porque desgraciadamente o galego non vai ir arriba a pesar dos esforzos que se están facendo. Marisol

López pareceume estupenda, magnífica, pero... Eu penso que o que habería que facer sería abrírlle as portas máis a onde quedou a nosa lingua que é Portugal.

Arrepíntome de todo. Fixen moitas tonterías

-¿Cómo é un día normal da súa vida?

-Agora metido en avogados, xuíces... porque non hai máis remedio para defender as cousas (ri).

-¿Cómo lembra a súa infancia?

-Ata o 36 moi ben. Nacín no ano 20 e logo, cando tiña 16 xa estaba moi integrado politicamente, metido en cousas de sublevación... e ata aí non pasou nada, pero aos 16 anos tiven que esconderme, e estiven procesado ata o ano 45.

-Como se definiría?

-Eu son un conservador libertario desde o punto de vista político, non estou con ninguén, pero lévome ben con todo o mundo. Máis alá diso non me vexo nos espellos. Trato de traballar e de defender as cousas.

-Se tivese que recomendar a lectura dun libro, ¿cal sería?

-*Sempre en Galiza*, de Castelao; é onde está o espírito verdadeiramente construtivo do que é o idealismo do porvir. Castelao era un xenio que vía por onde ían ir as cousas.

-¿A que nunca renunciou nin renunciaría?

-A pensar como penso, aínda que é moi perigoso pensar como penso eu, ten moitos inconvenientes.

-¿Arrepíntese de algo?

-De todo. Fixen moitas parvadas.

-Iso recórdame o que manifestou vostede en 1977 cando lle concederon o Premio da Crítica. Dixo que a súa vida "era unha sucesión de fracasos".

-Si. Iso está nun libro que fixen repetindo o que fixemos Luís Seoane e máis eu no exilio, *Galicia hoy*. Na capa fago unha especie de autobiografía

e digo que fracasei cando quixen ser arquitecto e non puiden, un fracaso; estudei para pintor e non puiden, outro fracaso...

-Pero tamén fixo cousas positivas na súa vida, moitos logros...

-Si, pero hai moitas cousas negativas, e pesan algo máis cás outras. Fun a América e tamén fracasei como emigrante, non vin con cadeas de ouro nin nada...

-Fixo moito por Galicia...

-Ben, non sei... oxalá que fose certo.

-E tamén dicía que "Galicia é unha terra fermosísima, pero ¡que carallada de xente!". ¿Segue manténdoo?

-Si, si, claro (ri). Como dicían de Marín tamén: Marín é un porto precioso, pero ¡vaia tropa do carallo!.

Hay que recuperar la memoria, pero sin revancha

El País Galicia, 4.08.2007.

José Luis Estévez.

Generosidad es probablemente la palabra que mejor explica la trayectoria de Isaac Díaz Pardo (Santiago, 1920), una figura imprescindible para entender la Galicia de ayer y de hoy, que acaba de recibir la mayor distinción de la comunidad autónoma. Para ser coherente con su vida, ni siquiera considera que esta distinción sea exclusivamente para él, sino que la extiende a toda una generación que sufrió el exilio y con la que cree que todavía no se ha liquidado la deuda pendiente.

-¿Siente reconocido su trabajo con la concesión de la Medalla de Oro de Galicia?

-Me siento ultrarreconocido. Se trata más bien de un desagravio, me apoyan a mí porque soy el más viejo de una generación que creó cosas importantes, como el grupo Sargadelos o el Laboratorio de Formas, pero no soy el único. Hubo gente poco reconocida que hizo una labor muy importante, como Lois Tobío, que redactó el primer anteproyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, y otros ya más conocidos como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco Amor, etc. Todos ellos constituyen las raíces del Laboratorio de Formas porque coincidimos en la importancia de recuperar la memoria histórica. No se puede echar la culpa de todo a Franco, pero sí de algunas cosas como la desaparición del Seminario de Estudos Galegos en 1936, del exilio de artistas que renovaron el arte gallego...

-¿Se puede considerar superada la deuda con el exilio?

-Todavía no está saldada del todo. El otro día cuando me entregaron la Medalla recordaba una efeméride que coincidía en esa fecha y que deberían de ser las instituciones quienes la recordasen. Se cumplían exactamente 60 años del día en el que Castelao emprendía viaje desde Marsella con su mujer hacia la Galicia ideal, que era como él consideraba a Buenos Aires, y era consciente de que ya no volvería. Hay que seguir hablando de la memoria histórica para no retroceder en todo lo que hemos avanzado, pero no debe de hacerse con intención de revancha. Hay que recuperar la memoria porque sino nos ocurrirá lo mismo que les pasa a los árboles

que no tienen raíces y se vienen abajo. Si nuestro conocimiento no tiene raíces, será poco profundo.

-Usted ha sido siempre un emprendedor que ha puesto en marcha muchos proyectos culturales. ¿Con cuál de ellos se siente más identificado?

-La obra más importante es la que hizo el Laboratorio de Formas, pero entendida en conjunto porque no se puede separar lo que consiguió Sargadelos de lo que hizo el Seminario de Estudos Galegos o Ediciós do Castro. Seguramente con la pintura me hubiese ido económicamente mejor, pero no entraba dentro de mi manera de pensar dedicarme sólo a pintar y a vender cuadros. Tenía un compromiso con la realidad social y económica del país y por eso me dediqué a coordinar distintas actividades.

-Si volviese a empezar desde cero ¿daría marcha atrás en algo de lo que ha hecho?

-Pues no sabría decir lo que haría. El hombre es un animal de costumbres y es probable que hiciese lo mismo, pero no me arrepiento de nada. A lo mejor me tendría que arrepentir de tener demasiada confianza en la gente, je, je, je...de dedicarme sólo al trabajo y olvidar otras cosas. Hice el imbécil al confiar en la lealtad de algunas personas.

-Creyó alguna vez que iba a ver a Galicia con el nivel de desarrollo que tiene ahora?

-Pienso que aún no llegamos al mejor escenario posible, todavía hay mucho que hacer sobre todo desde el punto de vista de la cultura económica. Se está llamando cultura más bien al culturalismo, que son cosas que no tienen relación con la realidad social y económica. Donde está más arrasado el país es en la parte económica y social. El campo lo tenemos abandonado y desde el punto de vista empresarial ni los ríos ni el viento son nuestros. Lo primero de todo es cuidar el sector primario de la economía, que por algo se llama así, y nos hemos pasado al tratar de reducir el volumen del sector primario. La mayor parte de la población vive en el eje Ferrol-Vigo, pero las industrias que están ahí no son nuestras y los gobiernos que vengan, sean del color que sean, se encontrarán con esta realidad que no se puede cambiar de la noche a la mañana. ¡Hay que ver el trabajo que ha costado conseguir que el AVE pase por esa mina cerca de Santiago.

-Hace unos días alertaba usted también sobre la situación del gallego y el peligro de que se convierta en una lengua sin uso.

-Hay que recordar lo que sucedió en países como Puerto Rico o Filipinas en los que el español era una lengua dominante hasta que llegaron los norteamericanos y ahora lo que predomina es el inglés. El idioma es de quien lo trabaja, de quien lo usa comercialmente. Si las empresas que tenemos aquí no son gallegas no utilizarán ese idioma. Soy amigo de la persona que lleva el tema del gallego en la Xunta y lo hace muy bien en cuanto a promoción de la lengua, pero el problema es que hasta los jóvenes hacen el amor en castellano. Las instituciones dejaron las puertas abiertas al castellano y se las cerraron al portugués, que es una parte de nuestra existencia. Es indudable que los reintegracionistas van a progresar porque responde a una realidad, que es la existencia de una zona con intereses comunes como es Galicia y el Norte de Portugal.

-Ahora tenemos muchas infraestructuras culturales pero ¿hay tantas ideas como antes?

-Hay más instituciones que se llaman culturales, pero no se si hay tantas ideas para llenarlas. Por ejemplo, se publican muchos más libros, pero no sabemos si esa abundancia de cosas va a ser más trascendente que lo que hubo antes de desaparecer la República, que fue un ejemplo para el mundo entero.

-¿A qué se dedica hora?

-Pues más que nada a ir a los juzgados, que es una tarea que lleva mucho tiempo. Como ya es conocido hemos presentado una querrela por el asunto de mi salida del grupo Sargadelos, que se debió a los manejos de un letrado que hizo trampa. Probablemente esto se va a resolver de otra forma porque a los señores que hicieron aquella cafrada les está yendo muy mal. De todas formas, también sigo trabajando y siempre hay cosas que hacer.

Isaac Díaz Pardo na zona cero. Entrevista con Isaac GALICIA. Acción en rede contra o silencio

Galicia. Xaneiro 2008.

Sagrario Quintela / Ana Triñanes.

¿Como che vai Isaac? Como xa sabes isto é para o xornal Galicia. A nós gustaríanos comezar a entrevista pelando a cebola, desde o máis coñecido para a xente, que son as galerías, ata a esencia, que é o Laboratorio de Formas.

Instituto Galego de Información, 11.01.2008.

-Falemos primeiro das “Galerías Sargadelos”; ¿cando e onde?

-A primeira foi en Barcelona en 1972. Resultou ben aquilo e entón xa se montaron máis: en Madrid, logo xa veu a de Santiago. Á parte de que hai galerías a pé de fábrica, unha en Sargadelos e outra no Castro. Empezouse en Barcelona e tivo moito éxito, tal é así que para unha das exposicións que se fixo sobre Castela redactou o texto Salvador Espriu, o cal quere dicir moito do aprecio que se lle deu alí á Galería. Hai quer darse de conta de que ao cumprírense os 30 anos desa galería, o Concello púxonos unha placa dedicada a Luís Seoane e a min.

-Isaac, ¿por que Milán e non París, por que unha galería en Sevilla e non noutra cidade?

Ben, verdadeiramente as galerías tiñan que montarse en cidades que tivesen unha certa importancia porque, claro, hai que vivir tamén. E hai que vender. Onde hai pouca xente hai poucos compradores e menos xente que le. E como se trata tamén de arte e de libros ... A galería de Milán xa a sacaron. Xa a sacaron porque non entenden nada. Milán foi importantísimo porque grazas a iso nos comunicamos con movementos máis importantes.

-¿Que outros obxectivos tiñades á parte, evidentemente, da venda de cerámica?

-As galerías están feitas -e nisto colabora Luís Seoane- pensando en facer unha sala de exposicións e unha librería de libros galegos e portugueses; é dicir, volcar o espírito do Laboratorio de Formas.

-¿Foi entón a venda de cerámica nas galerías o respaldo económico do voso proxecto?

Si, nese sentido, comercialmente veulle moi ben ás fábricas. Tal é así que o 90% das vendas das fábricas fíxose nas galerías.

-O Museo Carlos Maside comeza en 1970, é outro dos piares que sustentan a dimensión cultural de Sargadelos...

-O Museo Carlos Maside é o primeiro museo de arte contemporánea que se dá en Galicia e que recupera o movemento renovador. Agora hai moitos movementos, moitos museos de arte contemporánea. Pero o primeiro, o primeiro foi ese.

-¿E por que se escolle a figura de Carlos Maside?

-Maside vén doutro momento, vén de que Maside deixa de albaceas testamentarios a Luís Seoane, a Dieste, a Borobó... Luís Seoane tiña idea de crear un museo, pero non tiña a idea de poñerlle o nome de Maside. Pero entón a principal obra de Maside veu parar ao museo porque eles eran os albaceas. Acordaron entre Rafael Dieste e Seoane -a min non me tiveron en conta- de chamarlle así, e os demais estaban de acordo co que facía Seoane, un tipo excepcional. Despois de Castelao é, indubidablemente, a figura máis importante que tivo Galicia na recuperación da súa memoria.

-E os primeiros fondos ¿Como se adquieren?

-Os primeiros fondos que alí hai son de Seoane e meus. E sobre a base de América viñeron moitas cousas, obras das que nos fixeron depositarios a nós. Hai que darse de conta de que o Museo Carlos Maside era unha institución, como o Laboratorio de Formas, que vén de América e que ten contacto con todas as cousas do movemento galeguista. Por exemplo, unha das cousas que se gardan no Instituto Galego de Información (IGI) é toda a documentación do Consello de Galiza creado por Castelao. Ben, pois desde a súa creación aquí depositáronse todas esas obras e os liquidadores finais, xa nos oitenta, pensaron: "¿a quen llo deixas?". Ese movemento político non lle interesaba a ninguén en Galicia e os fondos deixaránolos aquí, é dicir, que somos nós os herdeiros do Consello de Galiza do goberno no exilio.

-É increíble que puidédeses facer tanto nun tempo tan escuro, por exemplo Ediciós do Castro...

-Fíxose! Non porque fósemos moi listos, pero eramos un pouco zorros. Entón andabamos a xogar (risas). E como primeira cousa que fai Luís Seoane, como non pode matar os señoritos, fai un gravado do Meco: “¿Quen o matou? Matámolo todos”. Dalgunha maneira, así foron as primeiras cousas que fixo Ediciós do Castro.

-Seoane era un gran deseñador gráfico. ¿Como recolle Ediciós do Castro esa faceta súa?

-Si. En Ediciós do Castro, Seoane fixo moitos libros, entre outras moitas cousas: as cousas que fixo sobre Dieste, sobre Castelao. O que pasa é que Luís Seoane hai 29 anos que morreu. E el na democracia estivo pouco tempo porque Franco morre no 75 e catro anos despois xa morre Luís Seoane.

-Sorprende que Ediciós do Castro recupérase os fondos de Ruedo Ibérico. Cántanos.

-Eu estaba viaxando porque tiña que viaxar moito. Chego a Madrid e atópome coa campaña de “25 años de paz”, en galego, en catalán e en vasco, que sacaba o Ministerio de Información e Turismo. Pero, ¿que pasou aquí? ¿Unha revolución? ¿Pero que pasa? “Pois si, van sacar un libro de Castelao con zocas e con pandeiretas”. “Non me digas!” Entón eu fun a París, onde xa tiña relación cos de Ruedo Ibérico, e díxenlles: “Hai que facer inmediatamente o Castelao político para contrarrestar o Castelao folclórico que van facer”. Ben, fíxose e dixemos que o prólogo o fíxese non un roxo coma nós, senón un rapaz dos novos e fillo de falanxista: Alberto Míguez. E aí empezou a relación con Ruedo Ibérico. Foi tanta relación que Ruedo Ibérico foi morrer ao Castro e os seus catro últimos libros publicáronse e editáronse no Castro.

-E no principio foi o Laboratorio de Formas.

-O Laboratorio de Formas é unha institución que ten unhas raíces e na que estaban unha dúcia de galegos. Ademais de Luís Seoane, Rafael Dieste e Lorenzo Varela, tamén estaban Lois Tobío, Alberto Vilanova, Núñez Búa, Arturo Cuadrado. Estaban artistas como Laxeiro, estaba tamén Neira Vilas. Entón esta xente preguntábase que se ía facer cando regresásemos a Galicia. Pois chegouse á conclusión de que o que había que facer era recuperar a me-

moria histórica porque as cousas todas que creara o movemento galeguista, o movemento dos que tiñamos conciencia galega, desaparecera. Por exemplo, e fundamentalmente, o Seminario de Estudos Galegos. No SEG estaba metido todo. Luís Seoane e máis eu recolleemos a idea de que se podía facer unha institución que tratase de recuperar a memoria histórica, que se desenvolvese por aí, nesa liña. Logo, como necesitabamos ser unha institución que tivese que ver coa construción e co deseño, solicitamos un arquitecto e incorporamos a Fernández Albalat, cando xa estabamos aquí. Con el estivemos a traballar constantemente para facer as cousas do Castro; en fin, sempre nos entendeu ben.

-¿Podría establecerse unha conexión directa entre bo Laboratorio de Formas e as vangardas de entreguerras e proxectos como a Bauhaus?

-Verdadeiramente dese terreo estabamos máis informados do que se estaba aquí, porque na Arxentina había máis información de todas esas cousas. E no manifesto que se fai no caderno nº 1 do Laboratorio xa se fala da vangarda soviética, que é a que dá un avance no tempo, porque había unha situación historicamente nova, unha arte e unha concepción da vida novas. Entón esta era a idea que se nuclea no Vkhutemas, que nace ao tempo que a Bauhaus. O movemento soviético está por riba da Bauhaus, pero a Bauhaus está tamén colaborando co movemento que hai en Rusia. Verdadeiramente, o movemento da Unión Soviética está influíndo sobre toda Europa, é dicir, é unha liberación que había no mundo, que estaba movendo toda Europa. Os réximes fascistas créanse para os protexidos da burguesía mundial, para loitar contra o comunismo... esa é a cousa. Logo da Bauhaus hai outra institución que é a Escola de Ulm, unha localidade de Alemaña. Cientificamente foi a máis pura Escola de deseño que houbo. O curioso é que as tres institucións, tanto Vkhutemas, como a Bauhaus como a Ulm, morren por accidentes políticos. O Vkhutemas morre no ano 30. Cómpre darse de conta de que os movementos de vangarda apoian a Revolución rusa, e claro, os artistas que non eran de vangarda, que facían paisaxiñas e cousas así, pois estaban resentidos. Entón o Estado soviético impuxo a creación dos sindicatos de artistas, que se empezan a nutrir de xente resentida, mediocre, e chegan a ter maioría dentro dos sindicatos. Varren coas vangardas históricas e botan abaixo todo. A Bauhaus morre por Hitler. Os principais directores tiveron que exiliarse. Aí non quedou ninguén. Eses morren politicamente. Ulm nace por ese Max Bill, que é un discípulo da Bauhaus e que lle propón ao Concello de Ulm facer unha cousa en recordo das vítimas do nazismo. Está moi

recente o remate da guerra e aínda ten prestixio a URSS. Aceptaron a cousa e crearon unha institución importante. Pero ao cabo de 15 anos as cousas cambiaron en Alemaña. Os norteamericanos xa dominaban a sociedade de consumo. A vinculación coa Unión Soviética xa non importaba tanto, e cortáronlle o diñeiro a esa institución e morreu tamén. É dicir, que morren as tres institucións da mesma forma, por trampas políticas.

-E mira ti, agora tócalle ao Laboratorio de Formas...

-Vai morrer da mesma forma. E iso que o Laboratorio de Formas nunca pediu un real ás institucións públicas. Fíxose por autofinanciación. Comprando, vendendo, traballando e facendo cousas. Nunca pediu nada. Porque todas aquelas institucións vivían do Estado.

-Os edificios de Sargadelos, O Castro, o IGI, constitúen un conxunto arquitectónico singular, se cadra iconas dunha posible arquitectura galega...

-Aí discutiuse moito. Tal é así que o andar circular de Sargadelos inaugurouse cun congreso de deseño e arquitectura. E todos estes arquitectos novos que andan agora por aquí, verdadeiramente todos estiveron nos congresos eses que se fixeron alí, en Sargadelos. Si, tiña importancia. Todo iso tiña importancia.

-Os mobles, as cores, as formas...

-Si, todo iso vai relacionado.

-¿Representa o Laboratorio de Formas a vontade de influír na sociedade por medio do deseño?

-Había unha idea en concreto. Ademais, volcáronse moitas cousas. Non era simplemente unha escola de deseño porque había un museo, había unha editorial, había un laboratorio xeolóxico, había a recuperación do Seminario de Estudos Galegos, había o Seminario Tecnolóxico e de Comunicación. En fin, son doce sociedades e outras cousas que non son sociedades. Nin o Museo Carlos Maside, nin o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, nin Ediciós do Castro son sociedades. Son moitas cousas as que reúne isto.

No 64 créase Sargadelos a partir dun programa do Laboratorio de Formas. O Castro era unha cousiña pequeniña. Estaba feito nuns galpóns que tiñamos alí. É algo que tivo éxito, pero non estaba ben montado. Ao

cabo dun tempo teño que marchar a Arxentina. Monto alí unha fábrica e desde alí empezamos a planificar, a conseguir posibilidades económicas. Fíxose unha nave enteira que proxectou Albalat, o que é O Castro agora. Despois creamos Sargadelos xa cun espírito. Co espírito do Laboratorio de Formas. Non ía ser unha cousa comercial nada máis, senón que tiña que ser algo que estivese ao servizo de Galicia.

-Pero é que ata as propias fábricas de cerámica desenvolvían actividades educativas, organizaban intercambios, encontros entre deseñadores...

-O Seminario de Sargadelos era un encontro para discutir. Alí facíase teatro, estudos económicos. Téñense feito cousas dunha grande importancia. Espontaneamente, os encontros do Seminario de Sargadelos, en agosto, convertéronse en internacionais. E nunca se lle puido dar abeiro a todo porque se solicitaba moito máis do que tiñamos capacidade. Eses encontros duraron 35 anos, e pasou por alí do mellor. E funcionaron moi ben. E iso víñalle moi ben a todos porque traían ideas novas. Porque había un contraste do que faciamos nós co que se facía fóra. Moitos quedaron alí colaborando en facer cousas. Pasaron máis de 2.000 participantes. E non se permitía que a xente repetise. O Seminario é unha sociedade á parte de Cerámicas de Sargadelos. Esa aínda a domino eu. Era a alma de Cerámicas de Sargadelos, o control técnico e artístico. O departamento tecnolóxico.

-¿Como nace o Instituto de Cerámica da Universidade de Santiago?

-Nace por unha sociedade que organiza Andrés Varela. As sociedades cerámicas constitúense nunha asociación, presentan un proxecto a Europa, e Europa dálles uns cartos. Ademais estaba amparado por unha sociedade que tiña prestixio, como era o Seminario.

-A recuperación da memoria histórica era fundamental para vós. ¿Tés a impresión de que, dalgunha forma, se está desvirtuando?

-O que pasa é que neste país... Non sei se nos demais será así, pero este país está cheo de xente que inventou a pólvora.

-Por iso temos tantas minas agora (risas). Pero ¿Que entendiades vós por memoria histórica?

-Inventan a pólvora. A pólvora inventárona os chinos hai máis de mil anos (risas). Pero a memoria histórica, quen a trouxo aquí realmente foron

os nosos. Aínda non nos fixeron caso de nada. E agora, claro, como todos son inventores de pólvora... Había que recuperar a memoria sen ningunha intención de desquite. Había que recuperala porque estaban ocultas todas as cousas. Nós intentabamos recuperar a memoria histórica en todos os sentidos, non simplemente como se quere agora. Escavar na terra para ver os ósos que teñen os mortos. A meu pai tamén o inmolaron, pero nunca se me ocorreu ir a... Interésame a memoria del, pero non me interesa contarlle os ósos. Por exemplo, unha das cousas que queríamos recuperar oficialmente era o Seminario de Estudos Galegos porque foi a orde máis importante que estableceu o réxime. E tiña un prestixio. E oficialmente non houbo posibilidades. Iso é unha cousa grave. Iso xa é serio.

-Pois ao mellor hai que poñerse serios...

-Isto, o que pasou aquí en Sargadelos, para nós, para min sobre todo, pois é o mesmo que pasou no ano 36. No 36 foi a ocupación do país... Pero nós quedamos sen nada, sen nada de nada. Porque se apropiaron disto e do outro e destruíron aquilo, pero non nos deron unha peseta para nada. Realmente para min son os mesmos. Son os mesmos que fan esa cousa. Aqueles fixérono no nome da nai patria, madre patria que los parió a todos, pero non se sabe o que é, pero vén ser o mesmo.

-¿E como ves a continuidade do Seminario de Estudos Galegos?

-O Seminario de Estudos Galegos está aquí, no IGI. E imos ver, porque aínda hai moitas posibilidades de facer cousas. Posiblemente o mellor sería que todo o labor cultural disto se recollese nunha institución pública e habería que entregarlles todo. Porque, claro, aquí hai moitas cousas.

-¿E que vai ser do Museo Carlos Maside?

-Pois o que ten máis garantía é que pase a unha institución pública porque, dalgunha maneira, as institucións públicas, con todas as dificultades que teñan, danlle continuidade ás cousas. Hai que darse de conta de que moitas institucións e museos foron capaces de atravesar os períodos máis difíciles da historia deste país, como no glorioso meneo ese do ano 36 (risas). Pero seguiron vivindo. Non se perderon todos. Claro, porque os movementos políticos despois quedan como movementos históricos. Dalgunha maneira, é a forma de que queden as cousas, pois o Museo Carlos Maside é preferible que quede nunha cadea de museos da Xunta e non que quede nas mans deses vendetodo.

-¿E o xornal Galicia por que nunca viu a luz?

-Iso obedece a que Valentín Paz-Andrade no ano 24 ou 25 formaba parte do comité informativo dun xornal que se chamaba *Galicia*. Entón propuxo revivir o xornal... En cambio estábanse a crear outros diarios a costa dos que xa estaban creados, e así, mentres un xornal independente era difícil poñelo en marcha economicamente, funcionaba que *La Voz de Galicia* fixera un na ría de Arousa, en Ferrol... ata sete ou oito. Utilizaban os recursos todos, maquinaria, información, persoal... todo iso para facer outro noutro lado. Isto era a base fundamental de “¡coidado!, non nos imos meter nun lío e arruinalo todo para crear unha cousa así”.

Por outro lado, isto xa persoalmente meu, pois os que apoiaban isto morreron todos, pero o certo é que tampouco apareceu xente comprometida con facer algo a fondo. Verdadeiramente, a prensa galega non está a facer, non está a meterse a fondo cos problemas. Posiblemente non haxa posibilidades, eu non digo que... pero é posible que non haxa forma de levar iso adiante, atacando os problemas básicos de Galicia, a economía... porque hai moitos intereses. ¿Como se vai falar, como se vai recuperar? Se todos os medios están nas mans dos mesmos que crearon estes, que non teñen nada que ver con Galicia. Entendo que non poden facelo, que estes non poderán facelo. Ao mellor podemos facer as cousas en editoriais que dalgunha maneira queden aí, que algunha influencia poden ter. As exposicións que se fagan poden tratar de recuperar algo da memoria histórica... E ben, non saíu. E agora tocouvos a vós.

-Pero ti xa tes traballado moito... Têmosche que dar as grazas...

-¡¡Que me ides dicir!! “Así vinieron los sarracenos y nos molieron a palos, que Dios ayuda a los malos cuando son más que los buenos” (risas). ¡Cando os malos son máis que os bos, Dios ponse de parte deles!

“Moitos dos premios, a veces, son para amolar a algún”

Mariñán. O xornal das Mariñas., Febreiro, 2008. Ano VIII. Nº 78.

A.Ramil.

Entrevistamos a un dos poucos galeguistas que quedan. Lenda viva da recuperación da memoria histórica galega en canto á cultura galega se refire, artífice dun dos grupos de empresas máis representativo e recoñecido da nosa terra: Cerámicas do Castro-Sargadelos. Estamos a falar de D. Isaac Díaz Pardo, fillo predilecto de Sada.

-Acábanlle de outorgar a Medalla de Ouro ao Traballo, foi nomeado fillo predilecto de Sada, doutor Honoris Causa por dúas universidades, ¿xa lle quedan poucos premios para cando vaia maior?

-De medallas vou como un can, que llas poñen cando van vellos... Pero moitos dos premios son por circunstancias, a veces non son para premiarme a min, senón para amolar a algúns...

-¿Como vai o contencioso cos actuais xestores do Castro? ¿Hai algunha posibilidade de que se volva ao de antes?

-Mal. Son disparates que fixeron... Metéronme niso... Eu xa delegara as miñas responsabilidades nos meus fillos, pero aos meus fillos perseguíronos máis cá min.

-¿Perigan os postos de traballo do Castro?

-No IGI de Santiago levan sen cobrar máis de dez meses, entón non se sabe que pasa ¿teñen diñeiro ou non teñen diñeiro? Están condenados a pagar. Tres deles teñen a indemnización no xulgado, pero os outros non se sabe. As cousas están complicadas. Como a min me suspenderon toda a información e non me volveron dar nin un real, pois non podo dicir nada, só que están querelados criminalmente dous deles. ¿Correrán perigo os traballadores? Pois non o sei. Están destruindo todo, cerraron a galería de Milán, a de O Porto, destruíron o IGI, teñen en venda, que iso é o grave, unha propiedade que tiñamos en Sevilla. Xa fixeron mal porque o tiñan que consultar coa xente; eu teño máis do 26 por cento do capital do Castro e tiñanmo que consultar, pero xa se informou ao comité de empresa que ese diñeiro non o poñen nunha con-

ta controlada polos sindicatos e quéreo compensar para as perdas. Iso dentro de pouco vaise ao carallo.

-¿Que aconteceu para que se dese este caso?

-Pois o avogado, que leva 34 anos de confianza, é tan listo, tan listo que cunha trampa dolosa que fixo botoume a min fóra... Vese que a xente de Sada, pola ambición dos cartos, meteuse nese “negocio”. Primeiro, o avogado convenceunos de que abandonasen un convenio firmado no 65 entre o Laboratorio de Formas e Cerámicas do Castro para que o Laboratorio fose sempre o que dirixise Sargadelos. O avogado convenceunos de que podían incumplir o convenio debido a que a xustiza non funciona a tempo, pero aínda incumprindo o convenio non tiñan maioría. Na xunta na que se vota contra o Laboratorio de Formas, o avogado Santiago Sineiro tiña unha trampa que consistía en aceptar como socios do Grupo Técnico a empresas xurídicas con datos que el amañou. Pero eses non votaban nunca, ata esa reunión na que deron o golpe de estado. Por iso están querelados criminalmente e han caer aínda que trema o Ministerio de Xustiza.

-É tan distinta a súa filosofía de traballo da dos actuais xestores?

-Hai que darse de conta de que eu non son o ideólogo de todo. Iso foi unha cousa que se estudou na Arxentina cos exiliados. Estaban Rafael Dieste, Blanco Amor, Lois Tobío, Alberto Vilanova, Lorenzo Varela... xente valiosa que coincidiu alí e chegamos a un acordo de que se volvíamos a Galicia deberíamos restaurar a memoria xa que destruíran todo. Por este motivo, Luís Seoane e máis eu formamos unha sociedade, que é o Laboratorio de Formas, e cando chegamos a Galicia incorporamos o arquitecto Albalat porque tiñamos moita confianza con el.

-Tanto O Castro como Sargadelos e o Laboratorio de Formas, ¿naceron pola necesidade de reconstruír a memoria histórica?

-Todo o que se fixo foi por recuperar a memoria histórica. Recuperouse o Seminario de Estudos Galegos, recuperouse Sargadelos, creouse Edicións do Castro para recuperar memoria...

-¿O que desexan os novos xestores é vender e recoller os cartos?

-Pois si, practicamente. Pero imos ver porque poden pasar moitas cousas. Coido que é un disparate, que eles se meteron nunhas cousas que

non se deron de conta de onde se metían, non entenderon... pensaron que non ía pasar nada, pero cada vez pasa máis.

-¿Eles non se dan de conta do erro?

-Eu coido que non porque se comprometeron tanto que están como aqueles que asaltan unha casa e cando están dentro, cécános e non saben que facer. Eu penso que están nese terreo.

-A xente respáldao cen por cen...

-Medran, están medrando porque a Xunta está tomando medidas porque hai cousas moi importantes que se poden perder, moita documentación que xa pertence ao patrimonio común.

-Vostede pode considerarse como o primeiro grafiteiro de Galicia...

-Sen dúbida vostede refírese a que con 16 anos fixen un no praza do Obradoiro polo Estatuto de Autonomía, o que, entre outras cousas, tróuxome moitos desgustos... Tiven que estar escondido sen saír durante medio ano dun piso na Coruña. Logo, ata o ano 45, estiven procesado porque lle destruíramos a pedradas a farmacia ao xefe da Falanxe en Santiago porque de alí saía un que lle pegara unha puñalada a un compañeiro noso.

**O galego está a morrer, se nom se abrir á naçom irmá,
que pode sustentá-lo, nom vai ficar em nada**

Portal Galego da Língua. Associação Galega da Língua. Marzo, 2008.
Sole Rei.

Isaac Díaz Pardo tem saltado às páginas de todos os jornais devido ao conflito desatado no seio da empresa que ele propio fundou e que agora lhe vira as costas: Sargadelos. Os apoios e os reconhecimentos polo caminho andado non tardaram a chegar-lhe de todos os cantos da Galiza, por meio de artigos, abaixo-assinados, concentraçõs e mesmo fóruns de informaçom e debate. Após toda umha vida de traballo em prol da cultura da Galiza, nos últimos meses.

Na mesma tarde em que debía ir recolher a Medalha de Ouro da cidade de Compostela, como reconhecimento ao trabalho do Museu do Pobo Galego, que também preside, e na semana em que colectivos de ideología espanholista começaram mobilizaçõs polos direitos dos castelhano-falantes e contra iniciativas como a implantaçom nas escolas de 50% de cadeiras em galego, o Novas da Galiza foi conversar com este homem, que já tratou figuras como Castelao, Seoane ou Blanco-Amor, sobre o futuro idiomático do País.

-Em Setembro Ediciós do Castro publicou Tentando construir uma Esfinge de Pedra e, para além de outras consideraçõs chama a atençom a normativa escolhida para a escrita do livro. Quais som os motivos para essa aposta no re-integracionismo lingüístico?

-Eu vou para os 88 anos, e sempre fum um pouco reintegracionista. E bom, estas cousas, afinal... pois es reintegracionista. Creio que é o meu dever moral faze-lo assim. Acho que para a Galiza, Portugal ficou com a nossa língua, e devíamos, cria-o também Castelao, voltar outra vez a nos integrarmos. Nom a isso que se di lusista, a falar em português... nom. Porque os portugueses também teriam que reintegrar muito porque tenhem muita influência do castelhano, do francês, de muitas cousas. Mas nós, sobretudo, temos que familiarizar-nos com o Norte de Portugal. E isso é mais importante do ponto de vista económico que já do da lingüística.

Mas ademais, se o galego está a morrer, se nom se abre á naçóm irmá que pode sustentá-lo, que pode continuar, pois nom vai ficar em nada. Ficaré como umha língua clássica, como o latim, que se estudará nas universidades, umha língua litúrgica, e mais nada. Nós estamos a ver que a gente cada vez fala menos galego. E as empresas geralmente nom som galegas, entom a gente procura um trabalho numha empresa e, se falarem castelhano, fala castelhano.

Esta é a cousa. Entom eu cuido que haveria que fechar a porta a Castela; refiro-me às instituições da língua como a Academia Galega... Eu levo-me mui bem com os da Academia Galega, porque umha cousa nom tem a ver com a outra: umha cousa é o que pense eu como ideal e outra cousa é o que me vejo obrigado a fazer para conviver. E creio que a Academia Galega fai moi bem em todas as cousas menos na da lingua galega.

-Pois pouco mérito lhe concedemos entom...

-(risos) Porque, claro, abre as portas de Castela e tem fechadas as do reintegracionismo. E claro, todos os demais que tenhem interesses por alí, pois vam por onde lhes convém, coompeende? As instituições autonômicas fam o mesmo. O Instituto da Língua, também o mesmo. Como se costuma dizer: “Onde vás Vicente? Onde vai a gente”.

-O facto de publicar em reintegrado é ir un pouco contra a Academia, contra as instituições e contra o Instituto da Língua...

-Polo menos é deixar umha nota aí. Claro que os da Academia me porám verde, e os outros também... Mas, total, dentro de pouco, eu muitos mais anos non vou viver. Entom, aí fica isso. Este desgraçado deixou-nos isto. Bom, que se lhe vai facer!

-Historicamente as elites culturais ligadas ao galeguismo tenhem estado mais conscientes da importância do reintegracionismo; falava há um momento de Castelao, e como ele outros muitos...

-Mas Castelao foi esquecido. Fam-lhe umhas estatuas, fan-lhe algumas cousas... mas o que realmente queria fazer Castelao, isso nom o fam.

-E se antigamente existia essa consciência da existência de um tronco comum do galego e do português, em Castelao e noutra gente do seu tempo,

¿qual crê que tenhem sido as mudanças que levárom as elites culturais actuais a defenderem este afastamento?

-Em todo se vê que há umha acomodação ás cousas. Por exemplo, o facto de chamar ao Governo galego “Junta” é um erro. Aos reaccionários interessava chamarlhe Junta por seguir umha tradição que havia.

As Juntas eram os inimigos da Galiza, porque as Juntas nom erarn mais do que a representação das sete cidades que havia, com dous procuradores por cada cidade: a única função que cumpriam era a de arrecadar dinheiro e levar de homens para as guerras. Esta era a função que cumpriam as Juntas, e isso era negativo para a Galiza.

Mas claro, aos espanhologistas, aos espanholeiros, interessava-lhes continuar com isso. E claro, os políticos, os galeguistas de agora, e os nom galeguistas, foram acomodando-se. Assim é.

-Falta-nos valor?

-E que lhe havemos de fazer? As cousas som assim, e claro, umha pessoa tampouco pode fazer umha revolução...

-Mas pensa entom que talvez falte um pouco de espírito crítico entre a intelectualidade, o professorado...

-Sim, claro. Mas aconteceram muitas cousas. Há que dar-se conta de que o franquismo durou quarenta anos. E umha pessoa passa quarenta anos em Inglaterra e vem falando inglês, ainda que nom queira. E se tem filhos também falam ingles, claro.

Depois está a transição que houve em Espanha. Na Europa varreram o fascismo nazi por todos os lados, e em Portugal a revolução dos Cravos varreu também com o salazarismo, mas aqui houve que transigir. Aquí nom se passou nada. Todos ficaram no seu sítio. Os franquistas ficaram e ficam ainda. Compreende?

E nom digamos na justiça; aí nom se moveu nem um pelo. Os juízes que estiverom a nos perseguir a todos, continuaron a perseguir depois. Isto é assim. E que se lhe vai fazer? Quanto ao idioma, eu digo à Marisol, que me levo mui bem com ela: “esta é umha grande mulher que está a fazer todo o possível para o galego morrer, para que fique bem enterrado”. Ela ri.

-Sabia que Marisol López recusou ao Novas da Galiza, enquanto publicação em galego, a possibilidade de receber subsídios pola normativa empregada?

-Ai é? Ah, claro! Já se sabe, claro. Concedem cousas só a quem convém. Mas som-che assim as cousas, eu nom tenho nada que fazer-lhe. Eu só digo o que há.

-Cada ano que passa a Galiza perde maior número de galego-falantes, e nos últimos tempos, estamos mesmo a assistir a umha radicalizaçom das posturas por parte dos espanhol-falantes, que dim sentirem-se agredidos pola língua galega. Pensa que umha aposta no reintegracionismo poderia ajudar a incrementar outra vez o número de galego-falantes?

-Bastaria simplesmente com que fechassem a porta do castelhano e abrissem a porta do português. E que deixassem avançar as cousas. Ademais, a Galiza e o norte de Portugal formam umha região económica que tinha que ter mais comunicaçom nesse terreno.

Algo se irá fazendo, eu creio que algo se irá fazendo, porque parece ser que há bastante gente da Galiza que vai trabalhar a Portugal, e gente de Portugal que vem trabalhar a Galiza. Se nalgumha circunstância determinada isso melhorar, pode haver algumha reacçom.

-Entom, talvez fosse precisa umha mudança na orientaçom da política económica, tentar rentabilizar mais a relaçom com Portugal, segundo isso que me di. ..

-Claro. É que, ademais, do ponto de vista económico, por exemplo nas editoriais, teria sido umha grande cousa que se pudessem publicar livros reintegrados, chegando-nos a Portugal, porque abríríamos o mercado.

O mercado da Galiza é um mercado mui pequeno, e as pessoas nom lem. A gente nom lê porque nom está ainda preparada. É um mercado mui pequeno o do livro galego. Entom, o que estamos a fazer é amarear livros nos stocks.

Se nom chegamos a três milhons de pessoas, e ademais esses dous milhons e meio nom lem... somos moi poucos. Eu nom digo que nom haja alguém que leia, mas som mui poucos. No entanto, se nos abríássemos a Portugal haveria 200 milhons de pessoas, e outros possíveis sectores.

-Na justificação de Tentando Construir umha Esfinge de Pedra di que “os tempos têm mudado no vestuário das cousas, mas os problemas dos homes seguem a ser os mesmos”. Quais esses problemas?

Aqui referia-me aos problemas vitais do homem, a problemas como procurar umha saída à existencia, que nom tem saída. As gentes andam à procura de Deus e nom o encontram nengures, porque nom há deus que o encontre claro.

Para além disso, o drama é que nom temos capacidade para entendermos as cousas; e ponho o exemplo de como nom podemos compreender o infinito. Ninguém pode compreender o infinito. Porque o finito é o que finaliza aquí, porque o infinito é o que nom termina em nengumha parte.

Entom, está visto que se o homem e a mulher dam com que o seu conhecimento nom lhe serve para entender sequer essas cousas, quer dizer que nom entendemos nada, que estamos a sonhar, verdadeiramente.

O librinho todo é umha metáfora. Porque a final a esfinge quarteia toda (ri). De nada serve que um esteja a trabalhar, que esteja a dar-lhe voltas, que afinal quarteia toda.

-Ao longo da sua vida presenciou momentos mui diversos, e alguns mui duros...

-Essa é umha história enorme. Somos mui poucos os que ficamos. Somos Paco del Riego, Avelino Pousa Antelo e eu. Quando morrermos os três que estivemos a lutar pola autonomía da Galiza no ano 1936, nom ficará ninguém dessa geração. Acabou o testemunho daquela época.

-Tivo um papel activo naqueles anos, ¿que valor lhe concede à recuperação da memória histórica, e que opiniom lhe merece a maneira em que está a ser encarada na actualidade?

-Bom, nós nom figemos mais do que recuperar memoria histórica. O que figemos na América, com essa gente que estaba ali, essa dúzia de intelectuais, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Blanco-Amor, Lois Tobio... enfim, toda esta gente importante, e verdadeiramente todos perguntavam: se algum día podemos voltar a Galiza, que convém fazer? O que convém é recuperar a memória, porque nos desbarataram muitas cousas: o Seminário de Estudos Galegos, o Movimento renovador da arte galega...

Enfim, destruíram-nos todo, a desfeita do ano 36 fui tremenda e havia que recuperar; e recuperar para que a gente soubesse que foi o que aqui aconteceu. Claro, a memória esteve proibida durante 40 anos. Ninguém podia recuperá-la, ninguém podia dizer: vamos investigar a quem matárom. Nom había forma.

E nom se trata de recuperá-la de fôrma revanchista, de querer vingar-se; nom, nada disso. Simplesmente é que a memoria há que recuperá-la; senom, vivemos na ignorância, se construímos um castelo sem tê-lo apoiado, sem raízes, ese castelo vem abaixo.

Luís Seoane e máis eu figemos umha instituição que era o Laboratório de Formas, para recuperar memoria histórica ao voltarmos aquí. Tratava-se de fazer instituições que recuperassem essa memória. Claro, temos muitos inimigos por isso (ri). Porque há muitos que continuam sem querer que se recupere a memória.

Em Ediciós do Castro temos umha série que se chama Documentos que está íntegramente destinada a recuperar a memória, e passa já das 200 publicaçons. E claro, muitos nom gostam de que se recuperem os tempos aqueles. Non só os que viveram aquela época, tampouco os filhos. E nom há, nom está feito com nengumha intençom de revanchismo, de nengumha maneira.

-Pensa que se sentem acusados por este tipo de iniciativas?

-Sim. Eu defendim Dionísio Pereira na imprensa quando o levaram perante os tribunais. Em todas as famílias houve de todo, de um lado e do outro, porque estava mui dividido o país. É um erro querer recuperar agora a dignidade do meu bisavô se nom se portou bem. Homem, pois que lhe vamos fazer... Mas nom querem falar disso, começando por esse senhor do PP, o Mariano Rajoy. A memória histórica para ele é má, já se sabe.

Isaac Díaz Pardo, A patria enteira na memoria

Galegos, nº 2, 2008.

Xosé Ramón Fandiño.

Isaac Díaz Pardo, nacido en Santiago en 1920, foi un neno criado e educado nos valores culturais, ideolóxicos e artísticos da República. Seu pai, o artista Camilo Díaz Baliño, escenógrafo de profesión, fixo do seu taller da casa da Tumbona, na rúa das Hortas compostelá, un lugar de encontro dos artistas e intelectuais galeguistas cos que Isaac conviviu e colaborou desde mocío.

Sen embargo, todas as ilusións da infancia e da adolescencia escacharon en xullo de 1936. Díaz Baliño, Ánxel Casal e outros tantos amigos da familia foron inmolados. Isaac, en cuestión de horas pasou de ser un neno da República a un mozo da guerra. Tivo que agacharse porque tamén perigaba a súa integridade e defenderse na vida como puido. Primeiro como pintor industrial, logo como artista plástico de grande éxito e desde 1950 como ceramista, creador e fundador das Fábricas de Cerámicas do Castro, de Magdalena arxentina e de Sargadelos.

Mais os tempos da República deixaron en Díaz Pardo unha marca indeleble que lle alentou de por vida a ilusión por mudar a sociedade galega. Na Arxentina serviu de ponte entre a Galicia do exilio e a do interior e con Luís Seoane en 1963 fundou o Laboratorio de Formas de Galicia, ente teórico e viveiro de ideas, que foi o que posibilitou que da unión de dúas personalidades creadoras e visionarias como a de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo nacesse a proposta cultural privada máis importante e transcendente de cantas se teñan feito na Galicia posterior ao ano 1936.

A cita é no Instituto Galego de Información, poucos días despois de celebrada a asemblea (2008) na que os novos administradores de Sargadelos fallaron no seu intento de expulsar a Díaz Pardo do Instituto Galego de Información, último reduto que conserva do entramado empresarial por el creado .

-Botáronte do Castro e de Sargadelos, pero non te puideron votar do IGI. ¿Que sensación tes?

-Que se equivocaron e que están facendo cousas inventadas. Unha das cousas que fixeron é non querer aprobar as contas porque din que non existen. As contas eu coñecíaas, sabía que había as contas. No ano que se estaba solventando na xunta de accionistas do IGI celebrada o pasado 23 de xaneiro, que eran as contas de 2006, había utilidade, 30.000 euros, e outros tantos no ano anterior, porque as contas hai que miralas en comparación un ano con outro para saber a evolución que hai. Entón esas contas existían, pero eles negaron a súa existencia, pero Santiago Sineiro entregoulle ao notario 32 documentos, pero non sei como, entre eses documentos meteu as contas. Ou sexa que a trangallada esa de que o IGI era ruinoso, eles mesmos nas contas manifestan que estaba en utilidade.

-Hai quen di que se trata dunha batalla gañada nunha guerra perdida...

-Perdida porque poden eles estar perdendo todo, destruindo as empresas, que ese vai ser o problema, pero tamén é culpa da xente que traballa nelas, que creo que nos portamos sempre ben con ela, e que aceptou de boa gana que o Laboratorio de Formas o defenestrasen así. E creo que iso poden pagalo. Non é que eu llo vaia cobrar, pero ao mellor téñeno que pagar eles.

-Esta entrevista pretende abranguer toda a túa vida. Polo tanto, hai que comezar polo principio, que é a casa da Tumbona...

-Si. Parece que eu nacín alí porque eu non me acordo de cando nacín. A casa da Tumbona hoxe é a casa do Reitor da Universidade de Santiago (Senén Barro) e iso que era unha especie de casa para adestrar ás rapazas na prostitución. É un dos orgullos meus ter nacido nunha casa de putas. As tumbonas non eran exactamente as putas, senón que no argot da prostitución eran as madames actuais que tratan de colocalas. Oínlle dicir a miña nai que unha vez chamaron á porta crendo que alí seguía a casa da tumbona. Eran uns vellos que traían a súa filla para ver se a tumbona lle buscaba un traballo de muller en Santiago.

-¿Como era daquela a Rúa das Hortas?

-Ata moi tarde, ata a República, non houbo rede de sumidoiros. En Santiago as casas tiñan pozos negros que baleiraban unha vez ao ano. Viñan os esterqueiros, traían toxo co que impregnaban toda a porcallada do pozo negro, metíano no carro e levábano ás esterqueiras, que estaban onde hoxe é San Clemente e onde se poñía a secar o esterco. Ademais, nós estabamos ao carón do Inferniño. E, como se sabe, os Inferniños rodean as catedrais románicas porque onde había cóngos, xa se sabe. Aí tes, por exemplo, a morte de Mondoñedo, que tiña un importante seminario do que saían a maior parte dos cregos de Galicia. E ao pechar o seminario marcháronse as putas e acabouse Mondoñedo. Non hai nin un cine nin cousa ningunha.

-Da túa xenea, por parte dos Díaz había certa prosapia: Xoán Ramón Díaz de Arteaga fora alguén importante...

-Eran antecedentes de meu pai alá por Ortigueira. Xoán Ramón era avó de meu pai e creo que fora algo así como secretario do Concello, pero non teño moita idea.

-Pero vivían nun pazo...

-Pode ser, pero nese pazo vivía unha rapaza italiana que aparece en Navarra e despois creo que casa con este Xoán Ramón. Ela chamábase Becharía e na miña casa había un documento co escudo que dicía: Arma Becaría cavata in Milano de libri antiqui de Caetano Bianqui. Ten unha aguia e tápanse os helmos porque o helmo ten unha lectura. Cando están de fronte son reais, cando están do lado dereito son nobres e cando están á esquerda son bastardos. E este é bastardo, coma deus manda, claro.

-O berce dos Pardo era máis humilde e incluso máis politizado...

-Era familia de anarquistas. Dos anarquistas que había daquela, cunha pureza enorme.

-Que cousa tan curiosa a dos irmáns Díaz Baliño, que todos saíron artistas: Camilo, Indalecio, Lolita...

-Si, pero non sei por que. Ao mellor porque o máis vello de todos era meu pai, que foi o que empezou e arrastrou aos outros.

-Teus pais chegan a Santiago, onde ti naciches, en 1920, pero xa casaran en 1910. ¿Que pasou nestes 10 anos, desde que casaron ata que chegaron a Santiago?

-Vivían na Coruña e el tiña un taller na rúa de Damas no que facía escenografías para os teatros aqueles que había, como un que había na Dársena, que tivo moita vida e que tivo moitas cousas. E facía moitos traballos, pero xa estaba en contacto con Isaac Fraga porque unha das cousas que parece que fixera Fraga era un teatro en Ourense que se chamaba Apolo para o que meu pai fixo unhas decoracións moi modernistas. Pero iso desapareceu todo e non queda documentación diso.

E como Fraga estaba medrando, ampliando cines, decidiu propoñerlle a meu pai montar en Santiago un taller de escenografía e outro de carteis. E así, en 1920 constrúese un galpón na horta da casa da Tumbona, onde se fai escenografía, e no baixo da casa estaba a máquina de imprimir os carteis, que era coma o ofset de hoxe, pero sen motor, senón que o volante era manual. E había unha prensa, que se poñía ao sol para gravar as pranchas...

Logo, cando eu tiña dous anos Fraga acordou montar o taller ese en Madrid e alá nos fomos. Pero Fraga fixo unha operación e terminou no cárcere. Fraga era un bo negociante e a operación foi que fixo socio a un indiano con moito diñeiro, que, ademais, xogou á lotería e tocoulle o gordo. Algunha cousa debeu de pasar aí porque Fraga terminou na cadea. A partir dese momento as relacións de meu pai con Fraga arrefriáronse bastante e veuse para Santiago a seguir traballando na casa da Tumbona, pero de xeito autónomo.

-A traxectoria política de teu pai comeza no Carlismo ¿por que?

Si, coa paivada de Paiva Couceiro, pero que era unha cousa rara porque este xeneral, que durante a Guerra Civil estaba exiliado en Portugal, apoiou a República. En Portugal, sen embargo, apoiaba a monarquía fronte aos republicanos, que eran moito máis reaccionarios porque foron os que axudaron a instalarse a Oliveira Salazar. É todo moi curioso porque don Jaime de Borbón apoiaba a Paiva Couceiro, pero todas esas cousas están todas sen estudar.

-Pero pronto se fixo galeguista.

Si. Iso de carlista debeu ser pouco tempo, cousas de rapaz novo porque el está nas Irmandades da Fala da Coruña desde o principio.

-Tamén se di que foi masón.

-Si. Estivo na loxia Libredón de Santiago, que curiosamente tiña o local na casa do cabido. Eu supoño que a cousa debeu de ser así porque meu pai alugou esa casa para un taller de pintura e os masóns estaban disfrazados alí. Debe ser algo así porque na sentencia que lle fixeron a Santiso Girón figuraba que como masón se reunía na casa de Camilo Díaz.

¿Ti nunca fuches masón?

-Pois non porque non lle cadrou.

-Vai pasando o tempo e ti convérteste nun mozo de 16 anos, comprometido politicamente, e participas na campaña do Estatuto de Autonomía de 1936. ¿Cal era o teu compromiso político naqueles momentos?

-As Xuventudes Unificadas, ou sexa, os comunistas e os socialistas que fixeron máis cós galeguistas polo Estatuto...Bon. Fixeron máis no sentido de berrar, de pintar cousas porque nese sentido fíxose unha campaña moi importante. Avelino Pousa Antelo conta cousas que fixemos xuntos porque estivemos xuntos nesa campaña, aínda que el é maior ca min porque creo que me leva seis anos ou algo así.

-Pousa Antelo di que pintabades ¡Viva Rusia!

-Non. Non sei se o faría outra xente, pero tampouco tiña importancia porque Rusia era nese momento un exemplo de liberdade para todo o mundo, de acabar coa reacción, unha nova forma de loitar pola liberdade. Pero, claro, os tempos cambian e as cousas cambian tamén. Eu na Praza do Hospital o que fixen foi un gran mural que poñía Autonomía de Galicia. Si. Si. E tamén unha estrela. E hai fotografías que fixen eu mesmo despois de pintalas, unha desde o balcón do Concello e outra desde a catedral.

-¿Cal foi a túa participación na campaña de propaganda do Estatuto?

-Fixen un cartel que meu pai me deixou firmar co meu nome, que era o dos comunistas, cunha estrela vermella e outra branca, inter-

pretei os dous de Castelao, e fixen outros que firmei co pseudónimo de Xalo.

-Cos galeguistas, que eran todos amigos de teu pai, tiñas desavinzas.

-Con meu pai, incluso. Meu pai quería facerme Ultreia e eu dicíalle que non. O dos Ultreias era porque tiña moita relación con Álvaro de las Casas a través do Seminario de Estudos Galegos co que colaborou moito, sobre todo nas cousas de arte.

-Dos amigos da familia daquela época sempre destacas a Ánxel Casal...

-Casal era o máis amigo de meu pai. Tal é así que meu pai ao ir a América a finais do ano 30 coa coral de Ruada deixoulle a casa onde vivíamos nós nese momento, no nº 20 da Rúas das Hortas, para que puidese instalar alí a imprenta, e nós fómomos vivir a unha casa máis modesta na rúa Carretas. E a maior parte dos libros que Casal publica en Santiago están feitos na rúa das Hortas, bastantes máis dos que publicou no nº 15 da rúa do Vilar, a onde se trasladou no ano 33. Isto pódese comprobar no libro que sobre Casal están a facer o Novo Seminario de Estudos Galegos e o Consello da Cultura Galega.

-Aínda estabades celebrando o triunfo nas eleccións da Fronte Popular e a aprobación do Estatuto de Autonomía cando estalou o levantamento militar ¿Como viviches os primeiros momentos da guerra?

-Metidos na casa, sen saír. Meu pai, por precaución, non acudía ao traballo no Concello, pero chamouno o alcalde que puxeron os falanxistas, Manuel García Diéguez, comandante de infantaría e díxolle: “Camilo, borrón y cuenta nueva”, pero ao pouco tempo veu a Garda Civil a mirar unha panoplia de armas antigas que había na casa e a Garda Civil díxolle que se podía quedar con elas, que non servían para nada, pero leváranos xa para a cadea. Aqueles momentos foron tremendos. Isto que me está pasando agora con Sargadelos non é nada comparado con aquilo porque, claro, nós quedamos sen nada, sen pai e na ruína completa. E grazas ao Dr. Puente Castro, que era moi amigo da familia, puidemos saír adiante porque el chamou aos meus tíos da Coruña e díxolles “venid a recoger a Isaac porque peligra”. Puente Castro estaba moi informado de todo o que pasaba, pero había aí unha cousa, que un fillo ou unha filla estaba enmozado cun mozo/a de Falanxe e sabía que me viñan buscar para pa-

searme. Así que viñeron meus tíos e alá nos fomos, eu, en pleno agosto, disfrazado cun abrigo e cunha gorra. Fomos no Castromil miña nai, miña irmá e máis eu cos meus tíos. O Castromil tivo que parar unhas seis veces porque na estrada de Santiago a Coruña estaban tirados os paseados e a xente chorando ao seu arredor. Os paseados estaban non na cuneta, senón na estrada para que os vira a xente porque o que querían era aterrorizar. Perdiamos a guerra, perdiamos todo. Eu metínme na casa do meu tío, no segundo piso do nº 23 da Praza de Pontevedra e alí me pasei medio ano sen saír, vendo como se ía caendo en anacos a República.

-¿Como pasabas o tempo?

-Algo facía porque tiñan un faiado e algo fixen na casa aquela, tallei un banco e outras cousas.

-Ti vivías na casa de teu tío Indalecio ¿e túa nai e túa irmá?

-En principio foron para a casa da tía Camila, irmá de meu pai, pero pouco despois fóronse para a casa duns parentes de miña nai porque na familia de meu pai estaban moi con Franco. E iso que miña nai non recobrou o sentido desde que sacaron a meu pai da cadea e non se apercibiu do que pasou. Morreu dous anos despois sen recuperar a consciencia.

-E os teus tíos correron o bulo de que te alistaras na Lexión...

-Si. E iso Seoane rexístrao no libro *La Galice sous la botte de Franco* (París, Jean Flory, 1938) no que di que o fillo de Camilo se tivo que incorporar á Lexión. Cando me encontrei con el en América díxenlle: “Ai, si ¿eh?, así que me metiches na Lexión”, cando foron os meus tíos quen o dicían. Claro, era unha forma de ocultarme.

-¿Quen coidou o patrimonio artístico que gardaba teu pai na casa?

-Miña tía e miña irmá contrataron un camiión e leváronse as cousas para Coruña, pero moitas cousas non as recuperamos. As cousas son así e incluso é normal ou hai que dicir que é normal porque do contrario non hai paz posible. E tamén os falanxistas, que entraron na nosa casa para destruír un monte de cousas, como o cartel da vaca de Castelao para a propaganda do Estatuto de Autonomía. Era un debuxo que me entregou a min, coloreado sobre unha cartolina para que eu o ampliase, lle puxese a lenda que el me indicou e o mandase imprimir. Ese debuxo meu pai levouno para o seu

despacho, que foi onde os falanxistas se cebaron, e desapareceu. Dese debuxo, magnífico, que ademais tiña un significado especial, só se conserva a miña interpretación. Destrozaron todos os carteis do Estatuto, levaron libros...

-En 1937 saes do tobo e poste a traballar na Casa Bianchi...

-Si. Falouse cun taller de pinturas Bianchi, que dirixía un tal González Moro, que fora alumno de meu pai.

-¿Cal era alí o teu cometido, que tiñas que facer?

-De todo. Entrei de pinche ganando 3 pesetas, pero ao pouco tempo, como eu lles resolvía problemas de rotulacións e outras cousas, fun medrando e ao pouco tempo era o que máis ganaba do taller, que me acordo ben que eran 13,75 ptas. Iso xa me permitía vivir e axudar a miña nai, de forma que nos independizamos e collemos unha bufarda na Avenida de Fisterra.

-En 1938 morre túa nai e ¿que foi da túa irmá?

-A miña irmá deulle traballo Arturo Taracido, un republicano represaliado que creara unha fábrica de produtos dentífricos que se chamaba Laboratorios Orzán. Este Taracido era sogro do avogado pontevedrés Gonzalo Adrio, ao que lle publicamos un libro en Edicións do Castro, e que ten un retrato que eu lle fixen a Taracido.

-Economicamente falando, como te amañaches para ir en 1939 a estudar Belas Artes a Madrid?

-Fun cunhas pesetas que tiña aforradas ¿comprendes? Con moi poucas pesetas, pero logo axudáronme uns parentes meus que me levaron á súa casa, pero ao pouco tempo convocaron unha beca na Deputación da Coruña á que me presentei e ganei, ao mellor inxustamente porque tamén se presentou un rapaz que me fixo un debuxo, que está moi ben e que conservo, que se chamaba Crisanto Garrote. A este Crisanto sacárono dun hospicio e antes da guerra a Deputación xa lle dera unha beca para estudar en Madrid. Cando nos presentamos os dous e nos fixeron o exame, a beca déronma a min. E este rapaz valía moito, pero eles alegaron que a Crisanto xa lla deran anteriormente, pero ademais o presidente da Deputación era Romay, o pai de Romay Becaría. E os Becaría eran parentes nosos e funcionou o de que “hay que ayudar a un hijo que quedó sin padre”. Eu fixenlle un retrato ao pai de Xosé Manuel Romay, que me dixo que o tiña seu irmán.

Pero a este Crisanto Garrote encargáronlle un retrato de Franco, que aínda se conserva nos almacéns da Deputación. Tiña unha moza, que era dependente da confeitaría La Jijonenca da Coruña, coa que vivía nun pisiño da rúa Rosalía de Castro. E en Madrid entereime que lle pegou un tiro e despois el se tirou ao tren. Unha cousa dramática. Hai moitas cousas que están sen estudar. Ademais el durante a guerra dedicouse a facer retratos da aristocracia (tamén eu despois fixen retratos da xente aristocrática. Tiña que aguantalos (grandes risas. ¡Nai que os pariu!). Tería sido ben que se fixese algún estudo de por que sucedían estas cousas. Pero non se fai nada, claro.

-Desta época tamén é a experiencia de estudar deseño industrial na Escola da Palma.

-Si. Foi unha idea Carlos Sáenz de Tejada, un debuxante magnífico que estivera algún tempo en París estudando aspectos de arte industrial, que convenceu ao Marqués de Lozoya, director xeral de Belas Artes, da conveniencia de celebrar un proxecto avanzado de deseño industrial no curso 1941-42. Tratábase de xuntar a artistas, técnicos e operarios e abrílles novas perspectivas profesionais utilizando os talleres da Escola da Palma, que daquela era a Escola Central de Artes e Oficios de España. Seleccionaron a cinco alumnos da Escola de Arquitectura (José Rebollo Dicente, Julio Garrido Serrano, Daniel Carbonell Ruiz, José Luis Fernández del Amo e o coruñés Juan Jacobo Rodríguez-Losada Trulock) e outros cinco da de Belas Artes (Isaac Díaz Pardo, Primitivo Ramón Cristóbal Castillo, Cesáreo Sánchez Álvarez, Francisco Núñez de Celis e Miguel Pérez Aguilera). E fun encantado porque nos pagaban 2.000 ptas., que me viñan moi ben porque eu tiña fame e unha gran necesidade de saír adiante. A fame fai moitas cousas e sempre que había unha cousa, Díaz Pardo tiña que ir aí. Foi unha experiencia moi interesante, pero tamén houbo cousas moi negativas porque por alí andaba o SEU, que eran moi jilipollas.

Á Palma íamos de 8 a 10 da noite, ao saír de Belas Artes, e ademais de pagarnos tiñamos o dereito de poder ocupar unha praza nas Escolas de Belas Artes de provincias. A verdade é que estiven encantado na Palma porque me levaba moi ben con Sáenz de Tejada.

-No verán de 1942 viaxas a Italia...

- Si. Tamén me escolleron e nin preguntaban: “Hai que ir a Italia” e a por narices, a Italia, non quedaba máis remedio, pero tamén me facía certa ilusión porque se celebraba un congreso de arte internacional. Era no 42, que eran os últimos tempos da grandeza de Alemaña e Italia porque ata ese momento aínda dominaban en Europa ¿comprendes?. Así que houbo que ir a Italia porque España mandaba sempre artistas novos a ese congreso que se chamaba de xuventude europea ou algo así. Non sei se nalgún sitio haberá datos disto.

Era a primeira vez que montaba en avión. Abrín a xaneliña e chamáronme de todo. Era un avión de Alitalia e un señor que se sentou ao meu lado deume instrucións para non marearme. Eu non me mareei, pero a algún houbo que sacalo do avión en padiola. Claro que aqueles avións non tiñan as comodidades dos de agora e collían moitos baches porque voaban moi baixo.

Chegamos ao aeroporto de Fiumicino e estaba esperándonos unha rapaza italiana preciosa. Parecía sacada dun cadro de Leonardo da Vinci. Que-dei pasmado daquela rapaza que nos recibía en nome da GILI, a Xuventude Italiana de Litorio, a organización fascista do goberno. Aloxáronnos nun bo hotel, pero pasamos unha fame, ¡buf...! porque aquilo era tremendo... Ver as prazas dos duomos levantadas para poder plantar calquera tipo de vexetais para poder comer e alí comemos ata peixe podrido. Nese momento Italia sostíña a guerra da Cirinaica e tiñamos que soportar aos fascistas berrando todo o día ¡Viva o Duce! Tomaban Tobruk, perdíano e volvíano tomar...

Da escola de Belas Artes fomos tres. Xa non me lembro dos nomes, pero un deles fixo os murais para o Teatro Real e o outro era un rapaz que debuxaba moi ben, pero non volvín saber máis del. Vimos moitas cousas, non só pintura, en Roma, Asís, Siena... Despois cando volvín a Italia preguntei por varios pintores que estiveran con nós no congreso, pero algúns deles xa morreran.

-No curso 1942-43, acabada a carreira, impartes clase na San Jordi de Barcelona...

-Ao chegar a Madrid, de volta de Italia, atópome con que a Academia de Belas Artes concedérame a beca do Conde de Cartaxena para ampliar estudos no estranxeiro, pero como toda Europa estaba en guerra tiven que

disfrutar a beca en España e deixáronme ir a onde quixera. Estiven en Toledo e en Granada, pero como tamén tiña dereito a unha praza de profesor pola beca da Escola da Palma incorporeime como auxiliar de debuxo na Escola Sant Jordi de Barcelona na cátedra de Luís Muntaner Muns, pero claro, as cousas de arte oficiais na Cataluña do franquismo era todo unha carnavalada. Destrozaran Barcelona de mala maneira. Os intelectuais todos de alí tiñan un compromiso coa República e estaban exiliados. Estiven un ano no que dei as tres clases semanais que tiña Muntaner, que non aparecía por alí nin para os exames. Hai un gravado que me regalou. Unha cousa moi romántica. Logo xa volvíñ para Madrid.

-E comezaches a tomar máis en serio a túa profesión de pintor...

-Si. Xa fixera en 1939 unha exposición na Asociación de Artistas da Coruña, pero en 1944 expuxen en Madrid, na Sala Vilches, na Coruña de novo, en Barcelona, en Vigo e varias veces máis en Madrid.

-Con éxito de crítica e de ventas.

-Non hai que darlle moita importancia. Vivín diso. No reino dos cegos un torto pode ser rei.

-Quen interveu como conferenciante nalgunha das túas exposicións foi Otero Pedrayo...

-Na de Madrid da sala Macarrón. Nunha exposición anterior escribume unha carta dicíndome que coñecera moito a meu pai nos tempos da República e que se fosen outros tempos que iría a Madrid só por saudarme e ver a exposición. Cando fixen a seguinte exposición púxeno en coñecemento del e foi dar unha conferencia. O dono da galería preguntoume que quen era ese señor e que se tivera algún problema co goberno. Eu díxenlle que non, que era un escritor, que non había ningún problema, pero na conferencia abarrotouse a sala, aínda que moitos dos asistentes non sabían quen era e chamábanlle Otero Pedrajo. Ao rematar a conferencia, Macarrón díxome: “Ahora ya se quién es ese señor. Vd. me engañó. Vamos a ver si nos pasa algo”, pero non pasou nada.

-¿De que falou na conferencia?

-De todo. Era extraordinario.

-Dise que na túa etapa de pintor en Madrid Franco se interesou por ti.

-Iso me dixo o pintor Álvarez de Soutomaior, que era o director do Museo do Prado. “Sepa Vd. que el Caudillo se interesó por Vd.”. E que soaron bastante na prensa aquelas exposicións, pero esas son cousas que mellor é esquecer.

-Porque Franco foi compañeiro de pupitre de teu pai... E de nenos en Ferrol tiveran certa amizade...

-Si. E incluso despois, cando foi o da Lexión encargoulle algúns carteis.

-Abandonas a pintura ¿por que?

-Porque me deu a gana.

-A contestación de sempre. ¿Non hai ningunha outra razón?

-Eran uns tempos moi difíciles. Naquel momento en Madrid nada valía a pena e a un torto resultáballe fácil triunfar no reino dos cegos. Aquele ambiente tan pobre a min non me gustaba. Ademais, no 46, terminada a Guerra Mundial puiden entrar en Inglaterra e a través de Alexandre Raimúndez, que era un xornalista que traballaba na BBC, púxenme en contacto co Instituto Español, creado polos exiliados co apoio dos profesores ingleses Murray, da Universidade de Oxford, e Trend, da de Cambridge, e dirixido por Martínez Torner, que fora membro do Seminario de Estudos Galegos e que con Bal y Gay preparou os dous tomos co Cancionero Gallego. Tamén estaba Luís Cernuda e vin que a do exilio era outra xente distinta e iso descubriume que tiñan unhas inquietudes distintas ás que había en Madrid. E pouco a pouco fun deixando a pintura.

-¿A Londres a que fuches?

-A expoñer e a ver ¿comprendes? Era unha boa época para esas cousas, pero eu non sabía aínda o que quería facer. Aínda non o sei agora.

-Tamén che propuxeron ir pintar no Val dos Caídos.

-Iso foi cousa dun amigo meu que era Coullat Valera, escultor e sobriño do escritor Juan Valera, que tiña unha grande amizade co arquitecto Pedro Muguraza, que fora nomeado por Franco para levar adiante o Val dos

Caídos, tanto nos asuntos arquitectónicos coma nas esculturas. E este Valera contábame cousas peregrinas, que Franco lle dicía a Muguraza: “!Aquí más falangistas y menos requetés!”. E Muguruza dicíalle a Coullat por min: “ese muchacho podía colaborar allí”. Pero non.

-En 1945 regresas a Galicia e casas con Carme Arias de Castro, familiarmente coñecida por “Mimina”. ¿Quen era Mimina?

-Eu xa a coñecía porque na Coruña fora alumna da miña tía Lolita e coincidín con ela na escola Superior de Belas Artes, que foi onde formalizamos as relacións. No Castro fixemos un estudo, mercámoslle uns galpóns a meu sogro e empezamos coa cerámica.

-En 1949 constitúese a Fábrica de Cerámicas do Castro. ¿Con que protección económica?

-Nós aportabamos as instalacións e diñeiro. En principio puxemos un millón de pesetas entre Pepe Rey e máis eu. Dous anos despois entrou na sociedade Federico Nogueira cunha aportación doutras 500.000 ptas. Como técnico especializado incorporamos a Jacinto Alcántara, que despois nos abandonou, director da Escola de Cerámica de Madrid, a quen tamén levamos para Arxentina. E así foron para adiante as cerámicas do Castro. Tivo éxito porque o material é moi bo, o caolín é excepcional. E foi prosperando tanto, que cando eu me marchei para América, en 1955, o Castro xa tiña cen persoas traballando. Faciamos figuras, xogos de café, vaixelas, de todo.

Pouco a pouco mercamos máis terreos, fixemos a nova fábrica e fomos medrando. Todo o que se fixo foi por autofinanciamento. Daquela O Castro de Samoedo era unha cousa tremendamente pobre e moi atrasada a situación que había alí. Por exemplo, había un só un médico para toda a comarca, que receitaba aspirinas e pouco máis. As únicas persoas que había, que tiñan estudos da Escola de Comercio, que eran uns estudos moi breves, eran os irmáns Vázquez Freire, que entraron a traballar na empresa, xunto con Luís Marentes, que se dedicou ao asunto das vendas, que se quedaron á fronte da fábrica cando eu me fun a América coa promesa de que se na miña ausencia eran capaces de soste a fábrica eu propoñería que se vinculasen á empresa. E ao regresar eu da miña primeira viaxe a Arxentina, que durou 3 ou 4 meses, firmouse con eles un convenio polo que se lles entregaba gratuitamente unha participación accionarial de 200.000 pts. a cada un. E así, entre eles e máis eu

tiñamos maioría na empresa fronte aos capitalistas -Rey e Nogueira-, o que nos deu a vida porque ao ver que todo ía para arriba, os capitalistas quixeron desfacer o acordo e montáronnos un preito. E arranxeino eu dicíndolles que se eles se poñían así que eu non volvía ao Castro.

-Co Castro en marcha, en 1955 vaste a Arxentina. ¿Quen che propón montar a Fábrica de Porcelanas Magdalena?

-Propúxome Núñez Búa, que foi o conselleiro delegado, pero detrás del estaba Xosé Villamarín como presidente, que tamén o era do Centro Galego de Bos Aires, e máis eu como director técnico. Así que montamos a fábrica en Magdalena, nun poboado que quedara da redución de indios Tubichaminí, na marxe dereita do Río da Prata, a 108 quilómetros de Bos Aires, semellante á que fixera no Castro, aínda que máis evolucionada, baixo os auspicios dunha sociedade denominada Celtia S.A., da que formaban parte Cerámicas do Castro, exiliados e tamén argentinos.

Nós, O Castro, aportamos maquinaria que fixemos aquí e que tiñamos patentada. A Magdalena tamén foi para adiante, pero as cousas no Castro pasaban por moitas dificultades e había que controlalo por iso viaxaba constantemente. Nos trece anos de estancia viaxei vinte veces a Galicia para cumprir cos compromisos que contraera a un e ao outro lado do Atlántico, para atender os melloramentos técnicos de maquinaria e fornos aplicando toda a investigación que se facía na Magdalena, que servía para que O Castro mellorase.

-Na Arxentina entras tamén en contacto cos exiliados, fundamentalmente con Luís Seoane e en 1963 creades o Laboratorio de Formas. ¿Que é o Laboratorio de Formas?

-Ao principio creouse un proxecto, o L.C.M (Laboratorio Cerámica de Magdalena), feito por nós e pola facultade de Física e Química da Universidade da Prata polo que firmamos un convenio de colaboración co goberno da provincia de Bos Aires para levalo adiante. Este L.C.M. acadou a protección do goberno provincial, que xa mercara os terreos e convocara becas, mais cando os militares depuxeron a Arturo Frondizi os caciques de sempre volveron a facerse donos de todo e o L.C.M quedou en nada. E nese momento Seoane e máis eu pensamos en crear o Laboratorio de Formas para actuar en Galicia recuperando a memoria e facendo realidade o pensamento dos intelectuais galegos exiliados en Bos Aires: Dieste, Lorenzo Varela, To-

bío, Blanco Amor... Logo, en 1964, o LF constitúe a Sociedade Sargadelos Limitada, da que en inicio só formaban parte Mimina e Antonia Mosquera, a muller de Ánxel Vázquez Freire. Para que Cerámicas do Castro entrase en Sargadelos, o L.F. esixiu que se firmase un convenio de colaboración. Cando se crea Sargadelos, o Laboratorio de Formas xa se fixera unha idea do que queríamos e en 1965 firmamos un convenio polo que os socios do Castro aceptaban que Sargadelos era unha idea do LF e se comprometían a aceptar que a dirección lle correspondía ao LF porque, claro, aos capitalistas xa os coñecía eu e, como me esperaba, en 1971 ao ver que Sargadelos ía para adiante volveron a presentarnos máis dificultades porque querían maior participación na nova fábrica e, de non ser así, negábanse a asinar a entrada do Castro en Sargadelos. Eu defendínme advertíndoos de que se non se firmaba ese acordo que me desligaba do Castro e que me dedicaba unicamente a Sargadelos. Puxeron o grito no ceo, pero non lles quedou máis remedio que aceptar e xa se firmou a entrada en Sargadelos da Fábrica de Cerámicas do Castro e do Laboratorio de Formas.

O proxecto da planta circular xa o ideamos na Arxentina e empezamos a funcionar nun sector que tiña sección de preparación de pastas e fornos, que nos permitiron empezar cunha pequena produción. E antes xa de finalizar a construción de toda a planta, que se inaugurou en 1970, xa se vendía a cerámica de Sargadelos. Ao confirmarse que Sargadelos se consolidaba, os socios capitalistas volven á carga con que queren máis participación e propoñen botar fóra da sociedade a Luís Marentes e que entrase no seu lugar o fillo de Pepe Rey. Ao negarme eu en rotundo, primeiro arremeteron contra os irmáns Vázquez Freire e despois contra min. Ademais, a situación política axudáboas porque os ricos eran todos franquistas. E ségueno sendo xa que a democracia esváralles. Non pasou nada porque nós resistimos, pero formouse un preito que durou dez anos e que se solucionou denunciando de corrupción ao presidente do Colexio de Avogados e á administración de Xustiza. A min procesáronme, pero o preito solucionouse.

-Ademais de Sargadelos ¿que outras actuacións levou a cabo o Laboratorio de Formas?

-Primeiro foi Edicións do Castro (1963) e ao mesmo tempo ca Sargadelos inaugúrase o Museo Carlos Maside (1970). Case inmediatamente despois de empezar a funcionar creouse o Grupo Técnico Organizador da Cerámica

de Sargadelos, que se integrou no accionariado grazas a unha reserva que se fixera do 14% do capital. Os do Castro, Xosé Luís e Ánxel Vázquez Freire e Marentes, e o Grupo Técnico cumpriron sempre o convenio de submisión á dirección do Laboratorio de Formas. Para formar parte do Grupo Técnico, formado inicialmente por Andrés Varela Martínez, Santiago Sineiro García, Henrique Enríquez Casas, Antonio Rolle Fernández, Eduardo Gradaílle Sierra, requiríase traballar en Sargadelos e residir nun radio máximo de 25 kms.

-Máis actuacións do Laboratorio de Formas

-O Seminario de Sargadelos, que é unha sociedade limitada que se crea en 1972 coa función de crear un centro de tecnoloxía e investigación, así coma un centro de comunicación e configuración. Tamén promoveu as galerías. A primeira que se creou foi a de Barcelona, en 1972, e ao ver que funcionaba creáronse as de Madrid (1975), Santiago (1978), etc. O Laboratorio Xeolóxico de Laxe (1978), naceu ao verse vello Isidro Parga Pondal e propoñerme que o Seminario de Sargadelos se fixese cargo de todo o seu material bibliográfico, arquivos de correspondencia e fotografías, láminas delgadas e litoteca, que se acolleu no Castro porque el vivía na Coruña e así podería atendelo máis facilmente que se se instalase en Sargadelos.

-En 2001, como órgano de cohesión, propoñelle aos socios das empresas a creación da Fundación Sargadelos, que debería ter por obxecto "o estudo da cultura industrial de Sargadelos, a divulgación do seu significado histórico, a protección da súa denominación e a defensa da súa memoria". ¿Aceptaron?

-Non lles quedou máis remedio. O único que se opuxo foi un novo socio, Sexismundo García, pero hoxe está comprobado que Sexismundo era un amiguete de Santiago Sineiro que se prestaba a iso. Estabamos todos de acordo e posiblemente o único que non estaba de acordo era Santiago, pero non lle quedaba máis remedio que finxir e convencía a Sexismundo para que loitase contra a Fundación. Santiago Sineiro estivo cinco anos traballando para a creación da Fundación, pero non fixo máis que perder preitos no xulgado e no rexistro porque el xa estaba facendo trampas.

-Chegouse a constituír a Fundación?

-Despois si. Visto que neses cinco anos Sineiro non progresara nos trámites consultamos con Manuel Botana Agra, párroco da Lavacolla e catedrático de Dereito Mercantil, que nos confirmou que Santiago Sineiro

estaba levando mal as cousas para que a Fundación non se aprobase. Botana explicounos o camiño a seguir para que a Fundación se puidese rexistrar sen ningún atranco.

-En que consistía a proposta que ti lles facías aos socios para a creación da Fundación?

-A cousa era un acordo polo que cediamos a metade das accións para que a Fundación tivese o 51% para poder preservar o espírito das empresas. Sargadelos é un produto que forma parte da historia e que é propiedade de todos os galegos e por iso montei a empresa sen afán de lucro. A Fundación significaba sentar as bases de que no futuro se mantivese o carácter socio-cultural das empresas fronte ao económico, aínda a costa de non repartir beneficios.

-¿Por que non funcionou a Fundación?

-A Fundación está aí. O que pasa é que empezaron a fallar os socios e non ten o que queríamos que tivese e non ten máis que o 9%. Pedíaselles que cedesen a metade das participacións e vimos que os do Castro empezaron a fallar e escrituraron a metade do que se acordara.

-Situámonos nos meses de maio e xuño de 2006. ¿Como se levou a cabo a conspiración para afastarte da dirección das empresas?

-Primeiro foi a xunta de socios do Castro da que dimitín como presidente porque ao darme de conta de que estaban aconchabados, ¡que me importaba a min...! Eu vía algo raro, pero non sospeitaba que Sineiro fose facer o que fixo. Pero fíxoo.

Logo veu a xunta de Sargadelos, que foi moito máis complicada e na que Sineiro mostrou todas a súa capacidade de manobras dolosas polo que el e Xosé Luís Vázquez Freire están querelados penalmente. Eu depositara nel toda a confianza porque era un home traballador que sabía como había que facer as cousas. Tan listo era que botou fóra ao Laboratorio de Formas.

As trampas de Sineiro consistiron, fundamentalmente, na manipulación que fixo dos estatutos do Grupo Técnico Organizador da Cerámica de Sargadelos, que xa che contei que é unha das actuacións do Laboratorio de Formas, e que, sen eu sabelo, me retirou o poder dirimente. Eu de Sargadelos non son accionista, pero entre as accións do Laboratorio de Formas, Fundación Luís Seoane, Mimina, Andrés Varela, os meus fillos e o Grupo Técnico,

que me apoiaban, controlaba o 51%, pero Santiago conseguiu que o Grupo Técnico non votase, co que me retirou o 14% dos apoios e quedei en minoría co 37%. Nese momento a composición do G.T xa non era a inicial, senón que, para resolver un problema de participacións recíprocas derivado da nova Lei de Sociedades anónimas, ao morrer un socio e ter que negociar a compra da súa participación cos seus deudos, Sineiro deulle entrada ao Castro con dúas participacións, e ao Laboratorio de Industria e Comunicación (LICSA), con unha. Naquel momento, a correlación de forzas dentro do GT rexistraba un empate porque eles controlaban as 2 participacións do Castro máis unha de Sineiro fronte a 1 de Gradaílle, 1 de Andrés Varela e 1 de LICSA. Houbo empate no GT e como manipulando os estatutos lograron que O Castro votase, cando formaba parte do G.T. como sociedade xurídica, con voz pero sen voto, e que me retirasen o poder dirimente para decidir nos empates, que me correspondía como representante permanente de Sargadelos no GT. Así, o GT non puido votar na xunta de accionistas de Sargadelos e nós quedamos en minoría e defenestraron ao Laboratorio de Formas da presidencia de Sargadelos, pero con máis trampas e irregularidades porque o artigo 8º dos estatutos do G.T. especifica que os seus membros teñen que ser persoas físicas, non xurídicas, formar parte do cadro de persoal de Sargadelos e residir a non máis de 25 kms. da planta. Así que en aplicación dese artigo sobreenténdese que nin O Castro nin LICSA cumpren os estatutos.

-¿Quen formou parte da conspiración?

-Os do Castro cumpriran escrupulosamente o convenio co Laboratorio de Formas durante 41 anos, pero agora uníronse a Santiago Sineiro, que os convenceu de que a xustiza non anda.

-Ti falas de traizón... ¿a que?

-Ao Laboratorio de Formas.

-Quédache o Instituto Galego de Información como un baluarte das empresas por ti creadas do que tamén te queren votar e así llo propuxeron á xunta xeral de accionistas celebrada o pasado 23 de xaneiro. Mais de forma sorpresiva non o lograron a pesar de que entre o Castro e Sargadelos contan co 75% das accións do IGI ¿Como foi iso?

-Porque fixeron as cousas mal. Eu na xunta presenteille documentos ao notario para que llos entregase ao xuíz para dirimir problemas, para que

se vise quen era o culpable das cousas do IGI. A xunta de accionistas foi incomprendiblemente permitida por un xuíz, aínda sabendo que os que pedían a xunta estaban querelados nun proceso abreviado, pero que leva presentado desde hai quince meses (¡Se non chega ser abreviado!) e agora entregábaselle a estes suxeitos a apropiación indebida do IGI, aproveitando un procedemento rápido. Eles non quixeron aprobar as contas, que era o primeiro punto da orde do día, que existían, que eu as coñecía e que ofrecían superávit, tanto nas do exercicio de 2006, que eran as que había que aprobar, como nas do anterior, pero non as presentaron porque se lles viña abaixo o seu infundio de que o IGI era ruinoso. Iso era un motivo para que o xuíz invalidase a xunta.

O curioso do asunto é que eles non presentaron as contas e, polo tanto, non se puideron aprobar, pero agora na acta notarial da xunta de accionistas vemos que aportaron 32 documentos e que, ou se lles colou ou non sei como fixeron, entre eses documentos aparecen as contas, que presentan uns beneficios de 29.600 euros no último exercicio.

-¿Como foi a asemblea? ¿Houbo tensión?

-Estiveron moi ben as cousas que se dixeron. Creo que foi Camilo Nogueira quen lles dixo que a maioría que eles teñen que é relativa porque nesa maioría hai moitos que non están de acordo con eles. Logo, no segundo punto, querían reprobar o Consello de Administración e nomear outro, pero a minoría non aceptou iso porque a orde do día só contemplaba que se lle fixese unha chamada de atención aos conselleiros. E a quen primeiro lle habería que chamar a atención sería ao secretario do Consello (Santiago Sineiro), que se dedicou a extorsionar e deixar de pagar aos traballadores, que levan nove meses sen cobrar e que teñen que recorrer á xustiza para resolver os seus problemas. O cretino de Remeseiro presentou un papel que propoñía a disolución do Consello de Administración e formar outro de catro membros, o cal xa é dubidoso porque debe ser sempre impar para evitar empates, e propuxo que O Castro nomease un membro, Sargadelos outro, LICSA outro e, iso si, “e máis eu”. Hai que ser...! O Remeseiro é un traidor aos seus compañeiros que desacredita a Comisións Obreiras, de onde procede, e que agora se dedica a botar fóra das empresas o persoal do Castro e Sargadelos, e xáctase diso.

Como remate, a minoría convenceu a Víctor Ruppén, presidente en funcións do Consello de Administración do IGI e presidente, por tanto, da reunión da xunta de accionistas, de que non sometese a votación a disolución do Consello, que era o que propoñían os do Castro e Sargadelos, por considerala ilegal xa que non figuraba na orde do día imposta polo xuíz.

-Por que este odio ao IGI?

Iso foi unha idea de Xosé Luís Vázquez, fillo: “Hai que acabar con Ediciós do Castro”. Este rapaz empeza por terlle odio á xente que estudou, aos licenciados. “Agora somos nós os que mandamos, hai que acabar con iso. Fóra todo iso”. E están a servir á reacción máis negra e inculta. Esta é a cousa.

-¿Cres que te darán botado do IGI, que ademais é o teu domicilio desde hai 15 anos?

-Non sei o que pode pasar. Tamén me poden matar ou poden pasar moitas cousas.

-Perdiches todo dúas veces. A primeira en 1936 e a segunda en 2006, cando te defenestraron das empresas, pero falando contigo dá a impresión de que aos teus 87 anos non te rendes e que estás disposto a comezar de novo.

-Xa veremos.

-¿Como albiscas o futuro das empresas por ti creadas?

-Bastante negro. Fago o que podo e non me dedico a preocuparme. Non se sabe porque as labazadas que eles lle están dando ás empresas desde que tomaron o control son impresionantes. A primeira, a que lle dan ao IGI, de deixar de pagar todo. Logo pechan a galería de Milán, que iso é unha barrabasada tremenda, a de Porto e teñen en venta a de Sevilla. E xa vai ter unha reunión o persoal con eles.

-Din os especialistas que é importante coñecer a Historia para non cometer os erros do pasado. Sen embargo a Antonio Raimundo Ibáñez e a ti, os dous marqueses de Sargadelos, parece que os astros se conxuraron para maltratarvos...

-¡Que lle imos facer!

-Desde que se perpetrou a ignomia de maltratarte sucedéronse ininterrompidamente homenaxes de todo tipo que ti recibes coa explicación de que

tes que seguir, aceptar todos os honores e defender a memoria dos que crearon o Laboratorio de Formas desde o exilio. ¿A Xunta de Galicia podería facer algo por preservar o patrimonio por ti creado a través do Castro e Sargadelos como lle pediron os tres expresidentes da Xunta ao actual?

-Eu creo que están intentado facelo, pero hai que estudar moitas cousas. Queren facer unha Fundación que recolla todas as cousas porque eles coas empresas, desde o punto de vista comercial, non se poden meter. A iso do neoliberalismo non hai deus que o ataque porque sería acabar cos privilexios dos poderosos. O respecto comercial é intocable porque é a forma de que os ricos se poidan quedar con máis cousas dos pobres. Esa é a razón. Por iso vemos que co sistema liberal que se implantou despois da guerra, os países ricos fixéronse máis ricos e os pobres máis pobres ⁷.

⁷ O caso do Grupo Sargadelos e a destitución de Isaac conmocionou o mundo cultural galego e desatouse unha auténtica ferverza de actos de desagravio e de recoñecemento aos seus innumerables méritos. Pola súa relevancia simbólica e institucional é de salientar o manifesto que máis de mil intelectuais galegos, encabezados polas firmas de Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe e Manuel Fraga Iribarne lle presentaron en xaneiro de 2008 ao presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, no que lle pedían que por constituír un patrimonio cultural de Galicia enteira, mediante o procedemento acaído, preservase e garantise a continuidade e supervivencia do complexo “O Castro-Sargadelos” a cuberto de calquera eventualidade e de calquera peripecia empresarial que o puxese en perigo de desnaturalización, estrago ou desaparición.



CON/TACTO

Aos meus anos non sei o que é a felicidade

Xornal de Galicia, 28.12.2008.

Cristina Díaz Pardo.

A Isaac Díaz Pardo débolle ter acabado a carreira. A Historia sempre se me atragoou un pouco. A nota era un 4,5 e o profesor todo un óso que nunca subía nin 5 décimas nas revisións. Pero aí estaba Don Isaac, como o chaman na miña zona, ou polo menos estaban os seus apelidos. O historiador revisou a historia da alumna. “¿Díaz Pardo, eh? ¿E vives preto das cerámicas?” Todo o que dicía era certo. O sino quixo que sen ter eu ningún tipo de parentesco, compartise apelidos e veciñanza cun ilustre galeguista. Ata o momento non dixeran eu mentira algunha, pero o mestre preguntou: “¿E tes algo que ver con el?”. Entón, sen darme de conta, e pensando na mala perspectiva de ter que estudar no verán e non poder ir á piscina que Don Isaac mandou construír na fábrica do Castro para os seus empregados, as mentireiras verbas saíron da miña boca. “Si -dixen moi rápido- é meu avó”. E subiron as cinco décimas que me faltaban. “Tamén ti, sendo neta de quen es e contéstasme así á pregunta do nacionalismo galego”, foi o último que me dixo o profesor. E a anécdota quedou soterrada como unha vergoña durante varios anos, ata o día que me entrevistei con Isaac Díaz Pardo. Entón conteille a historia e pedínlle perdón por emparentarme con toda a súa estirpe sen tan sequera el saber da miña existencia. Don Isaac riu cando lle mostrei as miñas desculpas e dixo: “Non pasa nada, muller, de min aproveítase todo o mundo”. E así comezou a entrevista.

-Desde que naceu na compostelá casa da Tumbona pasaron 88 anos e segue traballando. ¿Non ten ganas de descansar?

-Non teño xubilación. Eu nunca paguei nada porque non me deu a gaña, así que agora teño que traballar ata que morra. Iso de estar xubilado non me gusta.

-¿Cómo é un día normal na vida de Isaac Díaz Pardo?

-Pois non teño tempo para moito porque como estou tan enleado nos xuízos... Vivo en Compostela, e dende hai quince anos no IGI (Instituto

Galego de Información), pero estou todo o día cos avogados para que non se acabe co patrimonio das empresas... Refírome aos proxectos que ideamos Seoane e máis eu porque eran máis que empresas. Así que ando moi atarefado, con iso case que non fago nada máis.

-Pero si ten tempo de recibir algún que outro recoñecemento. Este Nadal déronlle unha figuríña no Belén do Concello da Coruña e recibiu a Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo.

-Eu non son máis que un traballador. Traballei toda a vida e teño que seguir traballando. O que pasa é que a un, cando vai vello, danlle este tipo de premios. Eu non lles vou dicir que non mos dean, quedaría feo. Vou e punto.

-Volvendo a vista atrás, ¿cal foi a etapa máis decisiva da súa vida?

-A etapa máis decisiva foi a de América. Porque alí proxectei todo o que logo fixen aquí. Alí foi onde colaborei con Seoane, e onde decidimos que o que faciamos non era meramente empresarial, senón que tiñamos que levar a cabo unha política reivindicativa. Luís Seoane e máis eu fixemos o proxecto de recuperación de Sargadelos, ideamos o Museo Carlos Maside, Ediciós do Castro...

-E tamén en Arxentina idearon o Laboratorio de Formas.

-Si, no ano 63. Seoane e máis eu pensamos en crear este Laboratorio de Formas para actuar en Galicia. Para recuperar a memoria e facer realidade o pensamento dos intelectuais galegos exiliados en Bos Aires: Rafael Dieste, Blanco-Amor, Lois Tobío, Lorenzo Varela... O importante era recuperar a memoria histórica.

-Así que vostede xa falaba de memoria histórica no ano 55.

-Si. Todo o que fixemos foi con ese espírito. E comezamos a utilizar ese termo no exilio, nos anos 50. E agora resulta que é unha lei e que todo o mundo fala dela.

-Marcouno moito a etapa no exilio, pero tardou en regresar a América...

-No ano 1968 volvíñ a Galicia para facer Sargadelos e non volvíñ ata maio deste ano (2008) porque lle facían unha homenaxe a Seoane e só vin mortos. Non coñecía a ningún. Antonio Díaz foi o único que me encontrei,

un fillo dun decorador da fábrica que montamos alí, a da Magdalena, e que é afillado meu. Marchei cando el era un cativo e cando volvíñ tiña 50 anos. Foi o único que me atopei. A verdade é que non tiña ganas de ir outra vez a América, pero fun alá porque era o acto de Luís e había que ir, pero se non fose por iso quedaba na casa. É que os atopei a todos mortos.

-Falemos das empresas. Vostede construíu a Fábrica de Cerámicas do Castro en 1949. Moitas familias da zona traballaron alí e viviron desa factoría. ¿Volvería agora a facer o mesmo?

-Foron tempos moi duros cando naceron O Castro e Sargadelos, pero volvería facelo. Os inicios na cerámica foron complicados porque todo se facía mediante autofinanciamento, non había ningunha axuda. O único bo era o material, pero a zona era moi pobre e estiven moi pendente do traballo alí, incluso cando marchei para Arxentina. Agora volvería facer o mesmo, o que pasa é que tería que escoller mellor a xente porque, como che dixen ao principio, moitos se aproveitaron de min. As fábricas deron moitos cartos e sacaron a moita xente da miseria e agora parece que xa non van tan ben porque moitas das persoas que metemos gratuitamente acabaron facendo unha gran traizón. Agora o que queda alí é unha colección de traidores e ladróns. As persoas, cando non teñen ideais, vólvense feras diante dos cartos.

-É que Sargadelos e O Castro, aínda que vostede di que non, creáronse cunha necesidade puramente empresarial, deron moitos cartos, aquí e fóra de Galicia...

Si, foron moi ben e crearon moita riqueza. En Galicia, trala morte de Franco, unhas cousas cambiaron para ben e outras cambaron equivocadamente, como a economía. Porque o sector primario perdeuse todo. O campo perdeuse, que é o que nos alimenta e o primeiro que nos asegura vivir ben. Aquí tiñamos unha economía moi forte, pero a xente do campo foise para a liña das cidades, para ese gran eixe que se estende desde Ferrol ata Vigo. E o campo quedou sen nada. Iso foi un gran erro. E por exemplo agora, que me perdoe o meu amigo Pérez Touriño, tampouco está nada ben entregarlle as autoestradas aos americanos. A estas alturas que veñan os ianquis a colonizarnos... Pero ¡que lle imos facer!. Eu, polo menos, nada.

-Di que non pode facer nada, pero aínda hoxe está a loitar polo que cre e para preservar o seu patrimonio. Participou na campaña de propaganda do Estatuto do 36. ¿Como ve os intentos actuais de facer un novo texto?

-Eu participei na campaña cun cartel que meu pai me deixou firmar co meu nome. Tamén interpretei dous carteis de Castela e fixen outros dous que firmei con pseudónimo. Pero agora é moi difícil que se faga un Estatuto novo porque non vai haber acordo. Hai que darse de conta de que, así como os réximes totalitarios de Europa foron varridos en cinco anos, aquí tivemos 40 anos dos mesmos. E aínda quedan moitos dos que mandaban entón. Na xustiza quedaron os mesmos que na época de Franco e os de dereitas son de dereitas, pero cunha nostalxia do réxime. Cando falan da memoria histórica non queren saber nada, pero é unha equivocación. Non se pode vivir sen saber o que pasou como tampouco se pode vivir sen coñecer ao pai ou á nai. Por iso vai ser moi difícil que se faga un novo Estatuto.

-Polo que di non parece que crea que Galicia cambiase moito desde a ditadura.

-É que falta moita educación política. Aquí non se varreu a ditadura, morreu o ditador. En todos os países europeos se acabou cos réximes totalitarios, Portugal e a Revolución dos Cravos, pero aquí houbo que esperar a que morrese Franco. Por iso Galicia é un país enormemente atrasado.

-Vostede que escribiu as súas obras en galego e castelán, ¿Como ve a evolución do idioma?

-O galego mantívose nos camiños de máis miseria, nos vales onde non había comunicación, nos montes. Iso foi o que mantivo a lingua e tamén o que nos fixo ser así como somos. O peor é que o galego está a retroceder.

-E, con todo, hai moitos grupos e partidos que defenden que o galego se está a converter nunha ameaza para o castelán.

-Que va!. Iso é unha tontería. ¿Que parella de noivos fai o amor en galego? Está nas estatísticas, non sei como poden dicir iso. Hai unha equivocación tremenda que teñen aberta nas propias academias, unha cousa absurda que é que teñen pechada a porta ao portugués e aberta ao castelán. Espero que agora a área que vai unir Galicia co Norte de Portugal, a eurorrexión, sirva para ter máis comunicación neste sentido. A situación do galego é

curiosa e lamentable. Entre as moitas equivocacións está, por exemplo, a de que non exista ningún recoñecemento a Ricardo Carballo Calero porque era reintegracionista. Non hai recoñecemento para un home da súa talla, que se daba de conta da necesidade de reintegrar as dúas linguas.

-¿Cal é a situación da cultura?

-Agora hai moita alegría. Fixéronse moitas cousas. Aquí mesmo, na Coruña, antes non había practicamente nada. E agora mira todo o que hai: a Fundación Barrié, a de Caixa Galicia, Caixanova, a Fundación Luís Seoane... O que ocorre é que medramos demasiado ás presas. Hai un exceso de institucións culturais que ao mellor sobran un pouquiño. Na Coruña tamén están os museos científicos. Estes últimos hai que agradecerllos ao anterior alcalde da cidade, Francisco Vázquez, que é un home ao que lle gustan moito algúns escudos, pero que no terreo da cultura fixo cousas boas. Hai que ver a de institucións culturais que se crearon na democracia. Falo da Coruña como falo de Santiago ou de Vigo. En toda Galicia hai moitísima cultura, pero teño medo de que ocorra como coa vivenda, que se fixeron máis casas das que se necesitaban e, ao final, xa ves o que pasou.

-É certo que hai moitas institucións culturais, pero a administración galega debería facer algo por preservar, por exemplo, o patrimonio que vostede creou, ¿non si?

-Están intentando facelo, pero hai que estudar moito esas cousas. É moi complicado que se poida preservar todo o legado porque hai empresas de por medio. E é que a iso do neoliberalismo non hai ninguén que lle poida meter o dente porque sería acabar cos bens dos poderosos, e iso non se pode facer. Co sistema neoliberal que se implantou despois da guerra, os países ricos fixéronse máis ricos e os pobres fixéronse máis pobres. E non se pode acabar cos privilexios que teñen os poderosos.

-Non só o seu patrimonio quedou abandonado, senón tamén, por exemplo, a casa de Castelao en Rianxo ou o pazo de Meirás.

-A casa de Castelao tena a familia dos Baltar, que eran moi amigos da familia e quedoulle a un deles, non se sabe moi ben por que. Agora xa a van declarar Ben de Interese Cultural, como o pazo de Meirás. No caso de Castelao eu non digo nada porque todo o mundo quere cartos e iso é un problema de tipo máis persoal, pero no caso de Meirás hai que subliñar

que foi adquirido con diñeiro do pobo. Pagouse cun imposto que impuxo a Deputación. Había que dar desde unha peseta, que era a cota que me correspondía a min, ata 300, que era a que tiñan os máis ricos. Cun imposto público, o normal sería que o pazo fose de todos, pero, claro, a familia non quere.

-Acaban de anunciar a data das eleccións autonómicas. ¿Vaticina algún resultado?

-Supoño que o Bloque subirá algo porque houbo xente dentro dese grupo que traballou moito. Anxo Quintana fixo cousas importantes, trouxo financiamento e outras cousas que tiveron moito eco e iso é moi decisivo. Eu creo que subirán os nacionalistas, pero a democracia é un pouco aleatoria, e con este sistema da Lei D'Hont nunca se sabe como van quedar as cousas.

-¿Foi a Guerra Civil a etapa máis dura da súa vida?

-Sen dúbida. Todas as leas que teño agora con Sargadelos non son nada comparadas con aqueles anos da guerra. O ano 1936 foi o máis duro da miña vida. Primeiro matáronme o pai e logo quedei na miseria total e absoluta. A meu pai matárono e iso que eu tiña ideas moito máis fortes cas del. Logo tiven que agocharme na Coruña, na praza de Pontevedra. Na casa dun tío pasei cerca dun ano, no momento máis perigoso do alzamento. Asasinaron a moita xente. É que cando hai unha guerra civil e a xente se pelexa, o lóxico é que a parte triunfadora tenda unha man de perdón, iso é o espírito da democracia castelá. Hai que perdoar ao vencido. Pero aquí non se perdoou nada, e despois da guerra seguiuuse matando.

-Pero no medio de tanta tristura tamén viviu momentos bos.

-É un pouco lamentable, pero aos meus anos non sei o que é a felicidade. Seguramente a felicidade será cando un estea a durmir e non sinta nada.

Todas as miñas decisións foron erradas, sempre perdín

Contexto, 24.01.2010.

Iago Martínez.

A mudanza sorprendeuno con 89 anos e varias toneladas de memoria ás que lle buscar acomodo. Logo de dúas décadas no Instituto Galego de Información (IGI), na periferia de Compostela, un edificio tan grande como o fracaso do proxecto cultural que quixo encarnar, o fundador de Sargadelos está de volta na súa casa do Castro de Samoedo, en Sada, ao pé da fábrica de cerámica á que dedicou a metade da vida e algunhas horas de quirófano. Xa nada do que ve a través da ventá é seu. Non como antes. Expulsado da empresa que fundara con Luís Seoane en 1963, Isaac Díaz Pardo (Santiago, 1920) trata de poñer orde nas caixas e nos recordos. Andeis e xustiza, porque o artista ten a esperanza de que os tribunais lle devolvan o que a maioría dos socios lle quitaron: o temón de Sargadelos. Talvez por iso lle reprocha ao xornalista que só fale de “ cousas tristes ” á calor da estufa. Talvez por iso, cando lle preguntan como está, crava a ollada nos hóspedes por enriba das lentes e retruca, moi serio: “ Vivo ”.

-A Xunta ofreceuse a trasladar á Cidade da Cultura o seu legado, que gardaba no IGI e agora se reparte entre esta casa de Sada e o Seminario de Sargadelos de Cervo (Lugo). ¿Vai aceptar?

-Haino que estudar. O primeiro é organizármonos nós aquí, xa ve que é un desastre como está. Xa veremos a ver, vai depender de moitas cousas. Ofrecense levalo para o Gaiás, pero claro, hai que ter en conta que o Gaiás non ten máis que un edificio terminado, o Arquivo, e aí non ten sentido ningún. O Arquivo que fixeron alí é tremendo, inmenso, son naves e naves cheas de arquivos. De momento teñen moi pouca cousa: o de Basilio Losada, o de Alonso Montero... Iso é metelo alí e morrer. Temos moita documentación do Seminario de Estudos Galegos e do Consello de Galiza, e iso ten que ser unha cousa viva, non pode ser unha cousa morta. Está a biblioteca de Marino Dónega, que son como cinco toneladas de documentos... Son moitas cousas. E logo, que na suposta fundación, ou o que se faga, terían que ir cousas que non están alí, como por exemplo o Museo Carlos Maside e a participación que hai na Fundación Luís Seoane. Iso de momento, porque

se a Xustiza resolve as cousas como é debido e devolven o patrimonio, pois aínda quedarían moitas máis cousas. Por iso que o hai que estudar, porque se queren facer unha cousa viva non convén que sexa en forma de arquivo. Cómpre que teña xente, que se mova. O primeiro que teño que facer é ver se dou ordenado todo isto antes de morrer.

-¿Bota de menos o IGI?

-Agora non teño nin tempo de botar nada de menos, con este rebumbio de cousas.

-Pero botou alí máis de vinte anos.

-Eu atendín aquilo durante vinte anos, si. Tiña unha habitación, pero hai máis de vinte ou así. Imos ver que vai pasar alí. Eu procurei que Sargadelos tivese o control máximo das cousas, para que houbera unidade, pero saíume mal, porque ao cabo se volveu contra min. Sargadelos tiña o control maioritario do IGI, e como estes teñen maioría, botan abaixo todo e quedan co edificio, véndeno. Fíxeno eu para que eles o desfagan. En fin, van ter un problema, porque o 25% do capital do IGI está noutras mans, moi diversas, e claro, van reclamar. Dirán que iso é unha trangallada, unha bestialidade. Facer iso cunha institución que foi a que creou todas as galerías do Castro e de Sargadelos... Ademais de que estaba alí o deseño, produciu libros e investigacións...

-¿Qué vai pasar co edificio?

-Van intentar vendelo ou, senón, hipotecalo. Non pensan máis que en vender. Queren hipotecar outro edificio onde está o Museo Carlos Maside e todo iso para pagar débedas. É todo un disparate. ¿Quen ten a culpa? Temos unha institución da xustiza, pero hai moita burocracia. Complicado.

-¿Conserva esperanza de que o proceso xudicial se resolva ao seu favor?

-Se a xustiza funciona, non cabe dúbida, porque todo isto de Sargadelos foi unha trampa total. En Madrid, ese señor iría á cadea decontado. Aos da Gürtel cóllenos con 1000.000 euros e van á cadea. Estes señores, quedando coa caixa de Sargadelos, quedan con catro millóns de euros. Alí meteríanos na cadea, pero aquí non pasa nada. Isto é unha aldea.

-¿Por qué o quixeron apartar?

-Para quedar co diñeiro, ¿comprende? Eles non entenden nada do que era o Laboratorio de Formas, o que era a cultura galega, a recuperación da memoria histórica. Non entenden nada de nada. O único universitario que hai aí é precisamente o avogado, e resultou ser un delincuente (ri).

-Destituírono como conselleiro delegado do IGI, pero ofrecéronlle seguir na empresa, iso si, nun posto menor. ¿Por que non quixo?

-¿Como ía seguir? Destrúen as cousas, ¿e eu vou seguir? ¿Para que digan que o que fan é co acordo de Isaac Díaz Pardo? Tan imbéciles non somos. Somos parvos, bastante parvos, pero non tan imbéciles. ¿Que o vendan eles!

-¿Cal vai ser o futuro de Sargadelos?

-Tal e como vai, arruinarse. Lévano á ruína. Estes collen Sargadelos crendo que vai moi ben... As empresas ían moi ben, ollo, e construírono todo, todo se fixo con diñeiro da empresa, nunca se pediu diñeiro a ninguén, nin á Xunta nin aos bancos. Todo autoxestión. Eles pensarían, supoño, isto dígoos eu: “se quedamos con todo e enriba eliminamos o que custa a cultura, que non entendemos, todo iso de pagar libros e tal...” Pero claro, a esta empresa quítanlle precisamente o máis importante, que é o significado. Así lles vai: están no segundo ERE, despois de eliminar o IGI e as galerías de Porto e de Milán... En Gráficas do Castro ata vender as máquinas non pararon, e as Edicións do Castro alá foron tamén. Sacáronlle o fundamental e teñen moitas dificultades, claro. E logo que aí non se sabe o que pasa. Din que lles deben tres millóns aos bancos, e que os bancos lles esixen que amplíen capital, pero non está nada claro. Fanlle crer aos traballadores que todo está na ruína, pero non se sabe se está na ruína de verdade ou se fan crer que está na ruína.

-¿Edicións do Castro xa se desmantelou?

-O que queda é un fondo editorial moi importante, valorado en dous millóns de euros, iso polo baixo, porque vale moito máis.

-¿Vano vender?

-Van vender ou destruír todo o que poidan. O que pasa é que non é tan fácil. Xa veremos que pasa, porque están querelados todos, o cal para

min non é ningunha garantía. Temos a posibilidade de ir enriba deles, pero para min non é unha garantía. Por cousas que vexo eu, aí hai outras cousas, outros intereses detrás. Había intereses franquistas que querían destruír a empresa e estes prestáronse. Esta cousa da recuperación da memoria histórica é algo que nós trouxemos de América, e que foi levada adiante por Ediciós do Castro. Iso era Ediciós do Castro: recuperar a memoria histórica. Dos 4.500 títulos que ten a editorial, 3.000 polo menos están dedicados a iso. Isto foi andando até Madrid e en Madrid convertéreno en lei. Xa se sabe como están atacando iso as dereitas franquistas, como atacan ao presidente do Goberno. Pois se nós creamos esa cousa, tamén estaremos acusados, ¿comprende?

-¿Estivo a Xunta á altura das circunstancias?

-¿Qué Xunta?

-Calquera delas.

-Eu nunca me metín en política. Son un conservador libertario, estou por riba do PSOE e do PP. De todos os partidos. Iso si, sempre me levei con todos. Incluso con estes que están agora. O outro día chamoume o presidente e preguntoume que que me parecía que metesen todo isto na Cidade da Cultura. Díxenlle: “Home, fai o que queiras, ti es o presidente”. Non se pode dicir que haxa unha acusación por aí. A acusación pode vir por outro lado.

-¿Por que lado?

-(ri). Iso descoñécese, porque unha cousa é a política que está operando, traballando, e outra cousa son os que están detrás tratando de gobernar.

-¿Cre que tomou algunhas decisións equivocadas á fronte de Sargadelos?

-¿Eu? Todas. Non fixen nada máis que perder. Sempre perdín. Quixen ser arquitecto e non puiden. Falloume toda a familia. Paseinas canutas para sacar adiante as cousas. En fin, sempre me fallaron as cousas. Até o final, que xa foi explosivo. Non podo presumir de éxitos, precisamente.

-¿Sentiuse traizoado?

-Non soamente eu. Eu tiven sempre un respecto grande por Luís Seoane. En América entendémonos. Pódese dicir que eu admiraba o labor que estaba facendo. O compromiso e o talento de Seoane eran excepcionais. Chegamos a un acordo, rodeados de toda esa xente importante que

había en Bos Aires, como eran Antonio Baltar, Núñez Búa, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Lois Tobío. Co espírito desa xente. Eles preguntábanse “¿que imos facer cando volvamos, se volvemos vivos a Galicia?” Pois recuperar a memoria histórica, porque o franquismo a destruíra toda: o Seminario de Estudos Galegos, a imprenta Nós... Había que recuperar todo iso, e iso foi o que fixemos Seoane e máis eu no Laboratorio de Formas. Desgraciadamente, Seoane hai trinta anos que morreu, pero a participación que el tiña no Laboratorio de Formas, que era igual cá miña, tena a Fundación Luís Seoane. Non hai problema ningún nese sentido. Creo que o labor de Seoane é fundamentalísimo. O que se fixo aquí, indubidablemente, é unha traizón, pero non só a min, senón tamén a Seoane. Unha traizón burda, de xente desprezábel, xente toda, incluíndo o avogado ese, que recibiu unha participación gratuitamente. Regaláronselle a todos. Non son accionistas que puxesen cartos.

-¿Qué lle debe Galicia a Sargadelos?

-Débelle o que creou: recuperar a cerámica de Sargadelos, unha editorial, levar adiante unha serie de cousas... Todo o labor do Laboratorio de Formas. Todo iso era para Galicia.

-E vostede, ¿Que lle debe?

-¿Eu? Ter nacido aquí. Todo. Galicia a min, en cambio, non me debe nada. Son eu o que lle debo a ela.

-¿Le os periódicos todos os días?

-Bótolle unha ollada. Agora hai moitos.

-Mentres falamos hai miles de persoas na Praza do Obradoiro manifestándose contra o goberno da Xunta. Cren que fai política contra o galego e que estraga o que se conquistou nos últimos trinta anos.

-Iso é ignorancia. Nós loitamos precisamente contra todo iso. De todos os xeitos, nunca nos fixeron caso. A Real Academia vai polo seu camiño e non cambia. A lingua manteríase hoxe mellor se se pechasen as portas de Castela e se abrisen as de Portugal, porque alí quedou o noso espírito, a nosa lingua. Ademais, estamos vendo a cada momento que no portugués, no que chaman o portugués, están aparecendo palabras galegas e inmediatamente as usan. Eu asistín a moitas resistencias que había. ¿Cómo vai ser iso galego?,

dicían. Pois si, é galego, e non hai máis remedio que aceptalo porque está nos documentos todos. Bueno, se se tivesen aberto as portas de Portugal, non necesariamente para cambiar absolutamente o galego, porque tamén hai diferenzas lingüísticas entre Brasil e Portugal, pero de termos estado aí, coas portas pechadas de Castela, indubidablemente o galego estaría hoxe mellor. Pero falarlle disto á Academia... nada de nada. Eles cren que teñen o saber absoluto e que como son doutores, non poden fallar.

-¿E por que non se abriron esas portas?

-Iso pregúntellelo a quen as teñen pechadas.

-Cúmprense cen nos do nacemento de Luís Seoane, co que fundou Sargadelos...

-Extraordinario, un home extraordinario. ¿Qué lle podo dicir? Sinto unha admiración grande por el. Este ano a ver se se entende un pouco mellor a súa maneira de facer as cousas. Ninguén comprendeu mellor nin traballou máis a Galicia medieval ca el. E a Galicia medieval é moi importante para saber por onde tiña que ir a lingua, por onde tiña que ir Galicia. Foi aí cando se rompeu Galicia, a Galicia sur, que chegaba a Coímbra, cando se proclama o primeiro rei de Portugal, de Portus Cale, e o resto queda a mercé do reino de León, e o reino de León rouba o rei de Galicia, cólleno rezando, lévano para León e morre no castelo de Luna. Pois a partir de aí Galicia queda no reino de León, pero abandonada completamente, reducida a uns condados que non teñen ningunha importancia.

-¿Cómo hai que entender a Seoane daquela?

-Estética, filosofía, historia. Foino todo.

-¿O mellor de Galicia estivo en América?

-Estivo Castelao, que coido que foi do mellor que tivemos en Galicia, e tamén estiveron Seoane, Curros Enríquez... América é importante para nós porque na miseria na que vivía Galicia...

-¿Pensouse Galicia desde alí?

-Uns pensaban en enriquecerse, e outros, os exiliados... Hai unha diferenza grande entre os emigrantes e os exiliados. O emigrante vai para mellorar a vida. O exiliado vai porque o botan fóra.

-¿Débeselle moito ao exilio?

Si, coido que si. Sobre todo intelectualmente, porque para alí marcharon os mellores. Marcharon Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Blanco Amor. En fin, que se lle debe moito. A certos exiliados, claro, non a todos. Este grupo mantivo vivo o espírito de Galicia.

-¿Algunha vez se arrepentiu de participar na fundación de Sargadelos?

-Non, arrepentirme, non. O que lamento é o que pasou. Que se lle vai facer. As cousas son así. Non se fixo Sargadelos para enriquecerse, pero outros pensaron que si e teñen 200 persoas nun ERE. Non sei, aí un xuíz debía nomear xentes que controlasen iso, porque claro, ¿quen controla nas sociedades limitadas as cousas? Ninguén. Cada un fai o que lle dá a gana. Se vai ben, meten os cartos no peto. E se vai mal, bótanlle a culpa aos obreiros. É moi difícil iso. Moi complicado. A solución intermedia era pedirlle a un xuíz a intervención do xulgado para ver que é o que pasa e levar as cousas adiante. Ver se iso está na ruína ou se pode salvar.

Tengo tantas cosas encima de la mesa y tanto que mirar del presente

El Correo Gallego, 10.12.2011.

Enrique Beotas.

Siendo apenas un niño, su vida transcurría ya entre intelectuales: la casa familiar fue referencia obligada para todos ellos: Castelao, Eduardo Blanco Amor, Otero Pedrayo, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Antón Fraguas, Ánxel Casal y Vicente Risco, entre otros. Su padre, escenógrafo, pintor y miembro activo de las Irmandades da Fala, el galleguista Camilo Díaz Baliño, fue ejecutado por la ciega barbarie nada más comenzar la guerra incivil. Lo cuenta admirablemente Xosé Ramón Fandiño Veiga, con exquisita prosa gallega y pulcritud biográfica en “Creación e compromiso na Galicia do século XX (A patria enteira na memoria)”. Todo aquello motivó que el niño Isaac, prematuramente avocado a la adolescencia, tuviera que esconderse en la casa de su tío Indalecio para, más tarde, ganarse el sustento en A Coruña como rotulista. No obstante, la historia, que siempre escribe azarosamente y sin brújula, le brinda la oportunidad de acceder a una de las bolsas económicas que aquella Diputación Provincial destinaba a financiar la formación de algunos jóvenes. Isaac no lo duda. Marcha a Madrid, donde cursará estudios en la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. La capital de España era por entonces una ciudad de tranvías ocupados hasta el estribo, calles grises, carteristas espabilados, pillos con estampita y tocomocho, checas humeantes, ambigús de corinto terciopelo, meretrices amateurs y revistas de maya y marabú. Dámaso Alonso describió como en aquella ciudad se escuchaba fluir blandamente la luz de la luna en noches de azucenas letales...

-“Nací en Santiago, no número 37 da rúa das Hortas... Por cierto Beotas, ¿prefiere usted el gallego o el castellano?”

-Hombre... Llevo ya nueve años con estas entrevistas y, excepto la de Ramón Villares, que fue pensada para ser publicada en el Día de las Letras Gallegas, todas fueron en castellano...

-Pues, como le iba diciendo, aquella casa perteneció a una mujer que iniciaba as rapaciñas no oficio da prostitución y que fue conocida como la

casa da Tumbona. Allí viví hasta mis ocho años, en que tuvimos que trasladarnos, porque la compró un petulante canónigo con bastante dinero, don Calixto, del que decía la gente con ironía que era el hombre más listo que el mundo conoció después de Cristo. A mi siempre me pareció que era más vivo que el demonio... Tras diferentes avatares, aquella casa es ahora propiedad de mi buen amigo, el rector Senén Barro. Como verá, un lugar muy interesante para llegar al mundo...

-¿Fue la primera vez que la vida lo desalojó?

-Mi hermana Chita y yo no llevamos bien aquello y decidimos pintar las paredes de la casa con la frase: "Que listo es don Calixto..."

-¿De su padre?

-La memoria permanente, el recuerdo de un sentimiento profundo. Me quería mucho. Hacíamos juntos tantas cosas... Su muerte fue un episodio trágico de aquella época de violencia.

-¿Qué piensa ahora de aquello?

-Que fue demasiado sufrimiento para demasiada gente...Que ese penar nos acompaña toda la vida.

-¿Lo superó?

-Acepté la vida como vino.

-¿Conformista?

-Sencillamente resignado a las cosas que ya no tienen vuelta. De ahí la necesidad y la obligación de no perder nunca la memoria.

-¿Le gustaría poder olvidar?

-Eso jamás. El recuerdo debe permanecer. Mi padre estaba en la cárcel y retrató a los compañeros de celda... Los fusilaron a los veinte. Entre ellos estaba Ánxel Casal, que fue alcalde de Santiago de Compostela, un gran personaje.

-¿Y su madre?

-Lo pasó muy mal. Poco después de que fusilaran a mi padre, padeció cáncer de pecho y murió en A Coruña. Como le decía, las cosas vinieron así. A estas alturas qué voy a decirle sobre todo aquello...

-Los noventa y un años de vida curtida en el conocimiento no le han cambiado su sempiterna mirada melancólica, entre la nobleza y la pillería. Me extiende su tarjeta de visita:

-“Ahí me tiene para lo que necesite...”,

En la cartulina, completamente blanca, sólo figura “Isaac Díaz Pardo”. Nada más... ¡Y nada menos! Me fijo en el movimiento pausado de sus manos. No distingo un solo gesto defensivo, apenas dibujos en el aire que evocan tiempos pasados, movimientos vividos, creaciones permanentes... Su inevitable sonrisa mantiene la sinceridad propia de quien comienza a despegar del aeropuerto de la vida. Eso sí, ya se apunta algún recurso para disimular pasajeros olvidos que el tiempo va imponiendo de manera implacable. Pero Díaz Pardo no se conforma con esos vientos y, como el que no quiere la cosa, se detiene, medita y retoma con la precisión de quien ha librado los combates de una vida fecunda y generosa:

-“Cada día acudo puntual al trabajo. Ahora reviso y reordeno lo guardado. ¡Me reencuentro con tantas cosas...!”.

-Inevitable Castelao...

-Hay dos carteles que hice con motivo del Estatuto del 36 y que recuerdo perfectamente cuando se los mostré. Uno de ellos decía: “A nosa terra non é nosa”. Representaba a un leñador rodeado de niños. Castelao me dijo que en lugar de aquella frase pusiera: “Para que a nosa terra sexa nosa, vota o Estatuto”.

-¿Y el otro?

-El original se perdió en la guerra, en uno de los registros que hicieron en casa. Representa una vaca y una rapaza que le está dando de comer mientras un señorito con chistera la ordeña. Castelao me dijo que era una estampa con alma.

-¿Su llegada a Madrid?

-¡Tiempos complicados! Llegué becado y enseguida comprobé que no había otra cosa más que hacer que lo que le mandaban a uno. En la Academia de San Fernando había una especie de delegado gubernativo que daba muchas órdenes. ¡Y ay de quien no las cumpliera...!

-¿Cumplió?

-Nunca fui persona violenta. Tampoco conformista. Había que combinar prudentemente la dignidad y el compromiso con los ideales. Recuerdo una vez que nos obligaron a ir a Italia a un congreso que organizaba el fascismo de Mussolini. En aquel ambiente nos encontramos con otros artistas que estaban en nuestra misma sintonía, muy lejos de aquel burlesco régimen. Ahora bien, en honor a la verdad debo decir que en la de San Fernando me apreciaban mucho porque me consideraban un gran trabajador. Yo tenía hambre, y no hay mejor acicate para el trabajo que la gazuza.

-Intento imaginarlo en aquel ambiente...

-Mientras estábamos en Italia, los norteamericanos desembarcaron en el norte de África. Los fascistas italianos tenían los días contados... Allí conocí a Pilar Primo de Rivera y al autor de la música del Cara al Sol, el maestro Juan Tellería, que, además de gustarle mucho el vino, era simpatiquísimo...

-¿Y ahora cómo contempla aquel tiempo?

-Ya no tengo tiempo para mirar hacia nada de aquello. Tengo tantas cosas encima de la mesa y tanto que mirar del presente...

-Machado escribió: "Ni el pasado ha muerto, ni está el mañana en el ayer escrito..."

-Me apeno cuando pienso que algún amigo va a morir. Todos vienen y me preguntan una y otra vez... A veces no es sencillo recordar...

-¿Y perdonar...?

-No es que no tenga que perdonar, es que las cosas siguen siendo complicadas. He vivido traiciones a la amistad, a la confianza, traiciones financieras... Contra ellas nada pude hacer. Ahí también me ha tocado resignarme.

-¿Se considera un emprendedor?

-Me hace gracia la palabra. Ahora parece que se la han inventado... Lo de emprender es un espíritu que se tiene o no. Yo no he sido un emprendedor, sino un trabajador que siempre ha hecho lo que ha podido. Me propuse recuperar la memoria de Sargadelos, de gran importancia para hacer justicia a la labor de Antonio Raimundo Ibáñez Llano y Valdés... Eso no es emprender, sino trabajar por la noble memoria. Él sí que emprendió.

-¿Lo ha conseguido?

-¿El qué?

-Lo que se propuso...

-Hombre, aun pecando de inmodestia, debo decir que me enorgullezco de que el nombre de Sargadelos sea reconocido en todo el mundo. Para mí que eso no estuvo mal...

La historia de este santiagoés continúa por la Real Academia de Bellas Artes San Jordi de Barcelona, en la que fue profesor. A partir de ahí empieza a exponer obra por todo el mundo, hasta que, en uno de esos giros que marca la vida, deja la pintura y pasa a la cerámica. Con otros socios funda la fábrica de Cerámicas do Castro, en Samoedo, Sada, ensayando con materias primas usadas en las primitivas cerámicas de Sargadelos. Esa vuelta a la esencia de la historia de Galicia, a la memoria que le habían robado demasiado pronto, le lleva a crear en la Argentina de 1963, el Laboratorio de Formas, junto con su amigo Luis Seoane. En ese momento, el mundo parece que quiere empezar a devolverle parte de lo que le había quitado:

-Irme a Argentina me sirvió para conocer a gente estupenda. Seoane fue un personaje excepcional, como Rafael Dieste y Lorenzo Varela... Gracias a ellos se recuperó buena parte de la Galicia histórica”.

-¿Mereció la pena tanto esfuerzo?

-Nunca lo viví como tal. No me quejo de nada. Al contrario, las cosas se fueron haciendo.

-¿Por qué Argentina?

-Desde allí me pidieron que hiciera algo parecido a lo de Sada. Y no lo dudé.

-¿Es cierto que le propusieron formar parte del Consello de Galiza...?

-A medida que sus miembros fueron muriendo, se pensó en ampliarlo, pero aquello ya no era posible. Habría sido como ampliar el gobierno vasco en el exilio... Castelao le pidió a Lois Tobío que hiciera una estructura legal.

Todo aquello terminó, como suele ocurrir siempre, con una trapallada. No, nunca estuve en aquel Consello...

-¿*Cómo era Seoane?*

-Una persona verdaderamente extraordinaria, muy culto y humano. Se llevó bien con todos. Coincidíamos en tantas cosas... Y no era fácil, porque él era diez años mayor que yo. Hace más de treinta años que murió y no hay día en que no me acuerde de él...

-*Volvamos al Laboratorio de Formas...*

-Desde él hicimos todo. Fue algo noble. Se fundó para recoger todas las ideas y para recuperar la memoria.

-¿*Y?*

-Lo conseguimos. Ahí radica su mayor importancia.

-¿*El secreto?*

-La comarca no precisaba de secretos. Aquel Marqués ya había creado una serie de industrias que ni siquiera existían en el resto de Galicia. Todo ello forjó una disciplina empresarial. Sólo quedaba pendiente la idea estética.

-¿*Fue el camino?*

-El primero en verlo fue Bello Piñeiro, el gran pintor ferrolano. Pensó que en aquellas ruinas de la fábrica de cerámica dormía buena parte del porvenir de Galicia. Y así se hizo.

-¿*Continuará...*?

-La Xunta concede un millón de euros para restaurar los restos que aún quedan y para terminar las casas de los obreros que ya estaban empezadas. Hay muchos más proyectos...

-¿*Por qué se fue?*

-Diga mejor que “me fueron”. Fue una trampa legal. Alguien que llevaba trabajando treinta y cinco años conmigo me la jugó. Ahora puedo decir tranquilamente y sin tapujos que la Justicia no funciona. Parece como

si ya nadie recordara que el Laboratorio de Formas trajo la auténtica memoria histórica...

-Tras tanta controversia, ¿no le parece peligroso ese concepto?

-Rodríguez Zapatero lo convirtió en ley y ya se sabe... Un sector del país no la quiere.

-Quizá el desenterrar ciertas rencillas no sea el mejor camino para superar una historia preñada de luchas fratricidas...

-Considero un gran error el reflotar venganzas. La cuestión radica en darle a la historia, con sencillez y naturalidad, lo que a la historia le corresponde.

-¿Pudo jugar eso en su contra?

-Lo he meditado muchas veces... Puede que más de uno pensase: "Esos del Laboratorio de Formas son capaces de recuperar toda aquella memoria".

-¿Si volviese a nacer...?

-Esa es una pregunta demasiado complicada para un hombre de mi edad... Siempre estuve en el empeño de ir evolucionando, por lo que no va conmigo repetir. Acepté las cosas como vinieron y ahora tengo que aceptar la expectativa de vida que te conceden los noventa y un años. Dejémoslo, para no parecer descortés, en que haría lo mismo.

El refugio de O Castro de Samoeiro respira por las obras que cuelgan de sus paredes, un contradictorio regusto a nostalgia y sentimiento de modernidad. Su dueño no ha dejado de rendir tributo permanente al viejo combatiente que, enjuto y con la huella del tiempo en el rostro, marca el ritmo de la pausada charla.

Intelectual notable, indiscutible referencia de nuestra historia más reciente repaso con él su "Galicia hoy", escrito junto a Luis Seoane, o aquel "Paco Pixiñas", con el poeta Celso Emilio Ferreiro. Isaac Díaz Pardo, el chico que trabajó con Castelao, me comenta que en la vida ha visto "demasiadas cosas..." Mueve con estoicismos sus dedos que ya parecen sarmientos de cepa centenaria. Su mayor elocuencia está en los puntos

suspensivos. Cada unas de sus descripciones huele a pino, galleguidad, salitre y retranca...

-El amor es una virtud para continuar en la vida, para que no se interrumpa el crecimiento. Tiene sus encantos, naturalmente...

-¿Existe?

-¡Vaya pregunta...! El amor es una fusión. Por razones de continuación, las mujeres quieren tener hijos. Los hombres nos vemos arrastrados por ellas, pues son muy hermosas... Pero, Beoatas, hágame caso, eso del amor es una cosa complicada...

-¿Ha conseguido descifrarlo?

-Nunca me pregunté por ello. Al amor uno va arrastrado. Es absurdo pretender resistir. Ellas nos llevan por las narices.

-¿Es buen negocio la generosidad?

-No lo sé... Lo fui dando todo y me quedé sin nada. Para mi que muy buen negocio no debe de ser. ¿Usted que cree...?

-Que todavía me lo sigo preguntando...

-Es mejor dejar algunas cosas de la vida en la duda.

-¿Le costó hacerse empresario?

-Lo que uno nunca es, jamás cuesta. No creo haberlo sido, aunque al meterme en la empresa, lo pareciese. Piense que el grupo Sargadelos fue muy rentable.

-¿Cuesta más hablar con banqueros o con políticos?

-Procuré no llevarme mal con nadie. Las cosas son así y cada uno es como es. Lo mejor es no complicarse con los estereotipos y transitar tranquilamente, sin buscar pelea...

-¿Cómo vivió la llegada de la democracia?

-Verdaderamente no había más solución que la que hizo el Rey. Había demasiados odios larvados y era muy difícil la concordia. La democracia fue bien defendida por el Rey.

-No lo hacía yo monárquico...

-No confunda los términos. El proyecto de crear una república federal era inviable de todo punto. Durante la Transición ocurrieron muchas cosas y el Rey las detuvo. Hay que recordar bien aquel 23 F...

-Isaac...

-Es la historia.

-¿Derecha o izquierda?

-A estas alturas de la vida es algo evidente en mí...

-Coño, no me sea tan gallego...

-Siempre me pareció que lo transcendental radica en tener progreso y libertad. Pero las cosas no fueron nunca así. Hubo que aceptarlas como vinieron. ¡Qué se le va a hacer!

-¿Ha sido feliz?

-Una pregunta que nunca quise hacerme.

-¿Por?

-Entre otras cosas, porque no he tenido tiempo. Siempre estuve haciendo cosas, sin parar.

-Pero no me negará que lo ha pasado bien...

-Trabajé siempre en lo que me apeteció y resolviendo los problemas. Quizá esa sea la mejor definición del arte, dar la solución a cada problema... Suficiente.

-¿Dónde está Galicia hoy?

-Debería tener más cultura. Hay poco material relevante. Nos hemos convertido en un pueblo de cultura básica, de escuela.

-¿Espera a la vieja dama?

-Con paciencia y resignación. Le contaba el otro día al deán de la catedral de Santiago, don José María Díaz, que lo que nos toca es devolver a la tierra los materiales que utilizó el ánimo para hacernos tan complicados... Y estaba de acuerdo conmigo...

-¿Su epitafio?

-Déjeme pensar... Mire, ahí va uno: "Aquí murió Isaac Díaz Pardo: dejadlo ir, dejadlo ir..."

-Superviviente de la Galicia que se rompió el alma en una pesadilla de exilios interiores y exteriores, Isaac Díaz Pardo encontró su lugar en el mundo. Hoy, cuando todos apuntamos futuro, inmersos en un logaritmo de ceros y unos, su trabajo al frente del grupo Sargadelos está en el recuerdo imborrable de quien nunca se sintió extranjero en ningún lugar. La plenitud le ha hecho entender que es muy largo el camino para mirar atrás... Qué más da, qué más da... Aquí o allá...

-“Y no lo olvide, Beotas, jamás busque pelea...”.

-¿Y si nos buscan...?

-Entonces no haga por salir corriendo, sobre todo por el qué dirán.

Esta vai ser unha exposición para rematar coa vida dun pintor”

La Voz de Galicia, 11.12.2010.

Mercedes Rozas.

Isaac Díaz Pardo móvese entre unha morea de papeis no seu refuxio do Castro de Samoedo; son fragmentos de memoria espaxados sobre unha mesa que el revolve unha e outra vez traéndoo ao presente, resucitándoo para que o esquecemento non os extráia para sempre. Aos seus noventa anos, o intelectual galego prepara unha exposición para a que fala para “Culturas” con lucidez, ironía, certa melancolía e sempre cun cándido e cómplice sorriso.

-¿Cómo vai estar organizada a exposición que vostede está a preparar para a Casa da Parra de Santiago?

-Pois a exposición vaise chamar *Pinturas e fracasos de Isaac Díaz Pardo*. Porque, non creas, fracasos teño moitos. Esta non vai ser a exposición dun pintor calquera, vai ser unha exposición para rematar coa vida dun pintor. Vai ser sinxela pero variada. Van óleos pintados desde antes dos corenta ata os setenta, algúns son cadros familiares cos retratos da miña familia, de Mimina e os meus fillos; nunha vitrina vai unha carpeta con vinte debuxos, a máis antiga titúlase *Presa de debuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro*, que é de 1956 e foi imprimida en Bos Aires. E quero levar dous carteis de cego, *Paco Pixiñas* e *El crimen de Londres*.

-Ou sexa que está disposto a saldar contas definitivamente coa pintura.

-É que o último cadro que pinteí foi en 1971. Non volví pintar máis. Paradoxalmente, o Rei o ano pasado deume a medalla de Belas Artes a toda unha vida de pintor e, había corenta anos que non pintaba!

. -E por que deixou de pintar?

-¿Permítesme que diga un inconveniente? Deixei de pintar porque me deu a gana. Bueno, en realidade seguí pintando en Arxentina porque as fins de semana tiña moito tempo. O cadro *A nave espacial*, por exemplo, está realizado alí.

–Ese cadro é unha canción de cego que vostede crea habitualmente para carteis, pero que neste caso está levada á pintura. Sempre fixo carteis, os primeiros foron os do Estatuto de Autonomía do 36?

–Efectivamente, eu tiña 16 anos e traballaba co meu pai, axudáballe no seu taller de artes gráficas. Os carteis eran algo doado para min, fixen varios para o Estatuto, pero meu pai só me deixou asinar o dos comunistas, o que ten as estrelas. Eu era das Xuventudes Socialistas Unificadas e considerabamos aos galeguistas, como meu pai e Castelao, un pouco reaccionarios. Mesmo os carteis que asina Castelao fixen eu os afiches. Para reproducilos deume os debuxos e explicoume como tiña que facer. Un deles tiña que sacalo do *Álbum Nós*: “pos o número que vén no *Álbum Nós* e despois os nenos coa inscrición: Rapaces para que a nosa terra sexa nosa vota o Estatuto”... Fixen tamén o da vaca co señorito muxindo. Os debuxos orixinais perdéronse no asalto que fixeron os falanxistas á casa da Tumbona. Só queda a interpretación que fixen eu.

–Pero a eses anos vostede aínda non tiña unha base técnica para a pintura.

–Non, pero dábaseme ben o debuxo. A base adquirina posteriormente en Madrid e Italia despois da guerra, claro que na miña familia xa había ambiente, meu pai, miña tía Lolita...

–Xa na posguerra, naqueles tempos de censura, ¿os carteis dábanlle máis liberdade, en canto a contidos, que a pintura?

–Mira: ese é un dos fracasos que describo na introdución do catálogo desta exposición. No Castro iamos sempre á feira industrial de Ferrol e o director estivo interesado en que expuxésemos nunha sala do INI. Naquel momento estabamos facendo o robot dos cantares de cego, que tiña movemento e iluminaba os textos que ía cantando, textos evidentemente cunha clara intención política. E alá o levamos. Na inauguración estaban as autoridades, entre elas o ministro de Mariña e varios almirantes que escoitaron atentamente –eu tremendo, claro– e ao final da representación aplaudiron moito e acabaron felicitándome. Ah, aquilo para min foi un fracaso tremendo!

–Con pintura ou sen pintura, o certo é que nunca se desvinculou da actividade artística.

–Non, iso non. Nestas últimas décadas fixen deseño e carteis. Carteis sobre todo para teatro, por exemplo para *A Esmorga*. Tráeme bos recordos

iso porque o orixinal da novela deumo Blanco Amor estando en Arxentina e eu tróuxeno e entregueillo a Paco del Riego; Galaxia fixo o libro porque tiña que facer as primeiras probas de impresión antes de pasar a censura, que non pasou. Prohibírono totalmente. Eu volvinlle levar a Blanco Amor as galeras e a primeira edición imprimiuse xa na Editorial Citania en Arxentina.

-Pódese dicir que fixo de correo.

-Bueno, en certo modo si, pero quen fixo un papel importante de relación co exilio foi sen dúbida Paco del Riego.

-Por certo, vostede tamén levou a cabo algunha exposición en América.

-Expuxen no Centro Galego de Bos Aires a mediados dos cincuenta, levei cerámica do Castro e pintura, e tamén fixen unha individual importante no Centro Lucense, que daquela era un centro relevante.

-Tivo moita relación cos artistas do exilio?

-Si, ademais de Seoane, con Laxeiro, que estaba moi ben considerado en América, con Colmeiro, pintor moi importante pero algo esquecido hoxe en día, con Leopoldo Nóvoa que colaboraba en *Galicia Emigrante*, con Maruja Mallo que tamén era moi respectada, pero á que eu lle temía porque, como se encontraba moi soa, chamábame e pasaba tempo e tempo falando por teléfono. Cando xa estivo en Madrid coincidín con ela nunha exposición. Era unha surrealista moi importante. Aquí o movemento dos surrealistas foi un movemento significativo: Mallo, Luguís... Aos Granell coñecinos antes da guerra. Mario pódese dicir que vivía na nosa casa, admiraba moito a meu pai, mesmo lle fixo un libro en Venezuela, cando xa estaba no exilio. Con Eugenio entendínme moi ben cando o da Fundación en Santiago.

-Aínda así con Seoane a relación foi especial. Traballaron cóbado a cóbado na planta de porcelana da Magdalena en Arxentina e despois, a partir dos anos sesenta, en Sada no Laboratorio de Formas de Galicia, que a dicir do seu biógrafo, Xosé Ramón Fandiño, foi durante anos un auténtico “ente teórico e viveiro de ideas”.

-Compartimos moitas empresas xuntos, moitas ideas. Seoane tiña unha gran personalidade. O primeiro que fixo en Sargadelos foi unha pomba para meter a herba de namorar de San Andrés de Teixido e doce xerras de personaxes galegos que a ninguén se nos ocorrera antes, unha idea xenial.

Os bosquexos están no Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside. O nome do museo, que se inaugurou en 1970, tamén foi idea del porque sentía unha grande admiración por Maside. En Sargadelos fixemos os encontros estivais polos que pasaron todos os escritores galegos a dar unha conferencia. Seoane tiña personalidade e tiña carácter. Coincidimos en moitas cousas, nalgunhas, claro, non estabamos de acordo, pero Seoane era un filósofo, tiña unha idea e cando quería impoñela sempre dicía “a min gústame o que me gusta e gústame que me guste”. E xa non había máis que falar. Tivemos moita relación con el e con Maruxa, tanto aquí como na Arxentina. Cando morreu eu continuei co grupo de empresas que creáramos, pero no ano 2006, polo que xa se sabe, sacáronme todo e quedeime sen nada. Iso si que foi un fracaso importante na miña vida.

-Agora toca pensar na mostra de xaneiro na Casa da Parra, que vai ser de moitos anos de traballo e nada de fracasos; ímola esperar con ganas.

-Bueno, xa ves, podes poñer que na miña vida hai máis anécdotas que pintura.

Isaac Díaz Pardo, memoria do compromiso

Tempos Novos, Nº 177, febreiro 2011.

Xaime Fandiño.

Unha mañá de escura invernía. Nese estudo no que un día comezou a aventura industrial máis vangardista da Galiza de posguerra, de costas á planta de produción da fábrica de Cerámicas do Castro, Isaac acolleunos entre moreas de libros e papeis amontoados. “É o único que puideron salvar cando tiveron que saír correndo do IGI”. Falaba de plans futuros, de proxectos para cando recuperase o control dese entramado industrial-artístico-empresarial do que fora expulsado.

Un repaso con el a unha vida á beira das vítimas, dos asasinados, marcada pola tensa responsabilidade de non deixar á memoria esquecer. E unha humildade no transmitirlo, como se fose outro o protagonista da súa vida.

-¿Que recordos tes da Casa da Tumbona, e da rúa das Hortas, onde te criaches?

-Na rúa das Hortas, onde nacín, Isaac Fraga, meu padriño, quixo ter un taller de carteis e escenografía en Santiago. Na parte de abaixo había unhas máquinas, como o off-set de agora. Na horta un taller de madeira, onde se facían as escenografías.

Chamábase casa da Tumbona pola tumbona, a que tumbaba as rapazas. Era xente do campo, que tiña unha rapaza, e querían ver se collía un traballo en Santiago, pero o traballo que había era ese...

Despois dun tempo de vivir nesa casa, mercouna un cóengo, don Calixto. Eu e a miña irmá escribíamos nas paredes “don Calixto es el hombre más listo que en el mundo se ha visto después de Cristo”.

Logo tivemos que cambiar de casa, na mesma rúa, ao número 20. E alí vivimos ata o ano 30 ou 31, en que meu pai lle deixou a casa a Ánxel Casal, para montar a imprenta na que se fixeron moitísimos libros. Coincidiu con que meu pai marchou a América, coa Coral de Ruada, e estando alí estalou a República.

-A casa de teu pai, sendo ti neno, era un centro de artistas e intelectuais galeguistas. ¿Como viviches ese ambiente artístico e intelectual?

-Foron varias cousas as que coincidiron alí. Isaac Fraga quería montar o taller, e as Irmandades da Fala buscaban organizarse en Santiago para unificar o galeguismo do sur e do norte. No norte estaba Ánxel Casal; no sur Otero Pedrayo, Castelao, Valentín Paz-Andrade... E a casa da Tumbona converteuse no lugar onde poñer de acordo aos do norte cos do sur para facer medrar o galeguismo. Logo a cousa foi por outro lado, formouse un partido político.

Eu coñecía todo aquilo sendo neno. Coñecía tamén a don José Teijeiro, que levaba a Academia Gelmírez, na Algalia de Abaixo, onde aprendín a ler e escribir. Cando estalou a República, don José Teijeiro, durante unha clase, colleu o periódico e estendeuno na mesa. Leunos a noticia e explicounos o que tiña pasado en Madrid. Explicounos que a República era un proxecto para dignificar a vida e as relación dos homes. Era un home liberal, acusado logo de masón, ao que se lle quedaron con todo, a casa, a academia.

-Con 16 anos participas na elaboración dos carteis da campaña do Estatuto de Autonomía...

-Eu traballei sempre co meu pai. Axudáballe cos panos, encintando... Vía debuxar ao meu pai e algo foi quedando. Hai un poema que publicou na revista *Nós*, que di “prendínlle na cabeza ao meu fillo unha estreliña forxada na Irmandade”. Logo, cando o meteron na cadea, escribiulle unha nota a miña nai “te podría decir que estoy bien si no fuera por estar aquí. Pero a mi lo que me preocupa es el pequeño...”. Cando estala a guerra, eu xa tiña feito carteis de cousas comerciais. Entón meu pai fixo os carteis aqueles. Eu fixen os dous de Castelao, o do leñador e o da vaca. Era simplemente reproducir as súas ideas nos carteis. El dicíame “aquí metes tal cousa, alí aquela outra”. Cando viñeron os falanxistas, asaltaron a casa e destrozaron todo. Levaron o debuxo orixinal. Así que o único que queda é o que fixen eu, a miña interpretación, que se cadra non se parece en nada ao orixinal.

-E ti pasas de ser un neno educado nos valores da República a sufrir en primeira persoa as consecuencias da guerra.

-Tiven que estar medio ano escondido na casa do meu tío Indalecio. Ao terminar a guerra matan ao meu pai. Enterámonos por unha rapaza que lle levaba o almorzo á cadea, Teresa dos chismes. Un tal día veu dicindo que

non necesitara o almorzo, que a meu pai o puxeran en liberdade a noite anterior. Nese preciso momento miña nai quedou calada, e non volveu reaccionar nos seguintes dous anos. Foi o Dr. Puente Castro o que chamou a casa do meu tío para avisar de que eu me tiña que esconder, que corría perigo. Era o mes de agosto. Eu saín de casa cunha chaqueta, unha boina e gafas negras. No Castromil, de camiño para Coruña, a viaxe foi dramática. O bus tivo que parar seis veces, porque había mortos na cuneta. A xente choraba.

Estiven seis meses escondido sen saír na casa do meu tío Indalecio, na Praza de Pontevedra da Coruña. Logo deses seis meses fun traballar nun taller de pintura industrial que montara un discípulo do meu pai. Estiven alí ata que rematou a guerra, que fun para Madrid, cunha beca da Deputación da Coruña, que ma deron por un parente que traballaba alí. Todo por esa mala conciencia de se matamos ao pai, teremos que darlle algo ao fillo.

Fixen a carreira de Belas Artes en dous anos, e debín facelo bastante ben, porque me deron algúns premios e medallas, pero foi máis por necesidade que por virtude. Tiña unha fame enorme, e para tirar para adiante non facía máis que pintar.

-E logo dunha época prolífica como pintor, xorde a idea da fábrica de cerámica.

-Nace verdadeiramente dun libro. Un libro escrito por Bello Piñeiro, que logo de ver as ruínas da antiga fábrica de Cerámica de Sargadelos, pregúntase como é posible que teñamos deixado morrer unha industria tan importante para a economía do país. Aquela mensaxe fíxome pensar na posibilidade de crear unha fábrica que recollese aquela idea. Díxenlle entón a un socio meu, Rey Romero, que ía montar unha fábrica de cerámica cuns aforros que tiña de tanto pintar. E Rey Romero quixo entrar na sociedade. Puxemos 500.000 pesetas cada un. Viñemos ao Castro, onde había algunhas terras da familia de Mimina. Mercámoslle ao meu sogro unha parte das terras, e aquí mesmo, onde estamos agora, é onde naceu a fábrica.

-¿Funcionou ben a Fábrica de Cerámicas do Castro?

-Cando marchei para América, quedaban aquí xa cen empregados. Mercamos outra casa do meu sogro e montamos un taller de decoración. Núñez Búa estivo na fábrica, a fabriquiña que era daquela, e del saíu a idea de intentar montar unha fábrica semellante en América.

Eu deixei pasar a cousa, pero seguiu insistindo tanto, que en 1951 marchei para América. Alí estudamos as posibilidades, e logo dun tempo quedou a cousa planificada para levala adiante. A Fábrica de Cerámicas da Magdalena, cun nome que viña dos indios que viviran alí.

En América estaban Seoane, Lorenzo Varela, Dieste, Blanco-Amor. A moitos xa os coñecía. Con Luís Seoane colaborara no taller do meu pai, e a través de Paco del Riego na revista *Galicia Emigrante*. Magdalena traballaba fundamentalmente cousas industriais, produción de vaixelas e xogos de café, pero xa había algo de arte. Seoane pasaba alí moito tempo e alí fixo moitas pezas. Estivo tamén Laxeiro vivindo con nós, e moitos que pasaban, emigrantes en París que volvían a Bos Aires, xudeus que ía coñecendo Luís.

-¿E como xurdiu logo a idea da creación do Laboratorio de Formas?

-En Arxentina estaban algúns dos exiliados máis importante, Lois Tobío, Antonio Baltar, Luís Seoane, Blanco Amor, Núñez Búa... Reunírase alí unha ducia de persoas que cavilaban moito no que facer ao volver a Galicia. E o que había que facer era, fundamentalmente, recuperar a memoria histórica.

Era un grupo moi unido, sen discrepancias. Luís Seoane, Lorenzo Varela e Rafael Dieste realmente formaban un castelo impenetrable. Con Luís Seoane era co que eu tiña máis confianza, uníannos máis cousas. Queríamos recuperar o Seminario de Estudos Galegos para non deixar que a memoria morrese. Recuperar a fábrica de Sargadelos. Pero tamén un museo de arte moderna. Facer unha editorial que realmente falase das cousas, porque Galaxia daquela, e aínda hoxe, era máis literaria que informadora.

Reunímonos no ano 63, e firmamos os primeiros documentos. Non tiñamos nin nome, que logo se foi concretando en Laboratorio de Formas. E naceu daquela tamén Edicións do Castro, con dous libros de gravados de Seoane, o *Toro Júbilo* e *O Meco*, que teñen verdadeiramente un sentido humano e político, e inmediatamente comezamos a editar ensaios, investigacións. Todo cun compromiso político que non era capaz de detectar o réxime. E o Museo Carlos Maside, unha vella idea de Luís Seoane. Dicía que Galicia debía ter unha institución que reunise a estes artistas cun sentido político moi fondo. Xente represaliada, exiliados... A arte galega dese momento tiña un verdadeiro compromiso político, cunha clara idea ética e estética. E de aí nace o Museo Carlos Maside.

O Laboratorio de Formas naceu, pois, coa idea de recuperar a memoria histórica de Galicia, recuperar as formas, que non son só materiais, senón ideas. Como logo se faría coa fábrica de Sargadelos, que tiña detrás unha idea verdadeiramente excepcional. Esa conciencia que rememoraba Bello Piñeiro no seu libro. Como tiñamos deixado morrer unha industria tan importante, que non era só unha fábrica de cerámica, senón unha factoría industrial e cultural.

A fábrica e o Museo Carlos Maside inaugúranse ao mesmo tempo. A fábrica cun congreso de deseño internacional, organizado polo Colexio de Arquitectos que dirixía Albalat.

-E logo deste enorme percorrido ao longo da túa vida, como se prepara finalmente a operación para traizoar ao Laboratorio de Formas e separarte da dirección das empresas.

-Por aí circula a idea de que me botaron fóra a min. Pero non é certo. Eu non son socio de Sargadelos. A socia é miña muller cun pouquiño de diñeiro que puxo, xunto coa muller do outro socio. Pero eu non teño de dereito algún a pertencer a Sargadelos. Eu era o representante do Laboratorio de Formas en Sargadelos. Era o Laboratorio de Formas o socio. Así que ao botarme a min, foi ao Laboratorio de Formas ao que botaron fóra.

A conspiración argallouse antes da xunta de Sargadelos do ano 2006. Ata ese momento eu non me enterei de nada. Había 50 anos que eu tiña unha persoa de total confianza. Santiago Sineiro era avogado, e tiña coñecementos de economía. Levaba as actas, contas, etc. Eu non me metía na administración. E nese momento é cando fai a trampa de sacar ao Grupo Técnico Organizador da Cerámica de Sargadelos e meter ao Castro. Pero verdadeiramente non sabemos se ese home podía estar servindo a outros intereses. Fixo todo aquilo aproveitándose da total confianza que eu tiña posta nel.

Esas xentes deixaron todo escarallado. Todo o que era un grupo de empresas. Edicións do Castro era o que máis lles molestaba, pero tamén destruíron a imprenta, e o Museo non, porque non lles pertence. E logo o IGI, que demostrou ser economicamente rendible, e era o que lle deu vida ás galerías. Pero eles o único que fixeron foi acabar con todo.

O único mérito meu era que tiña moita fame e moito entusiasmo

Fátima Otero.

El Correo Gallego, 1.05.2011.

Isaac Díaz Pardo é un luxo para Galicia e enche de satisfacción a Correo TV por telo en “Espacio de Arte”, onde foi entrevistado por Fátima Otero. É un grande intelectual, un emprendedor, un artista, pero sobre todo un home bo, vital, xeneroso e amado por todos. Analizamos a grande antolóxica que se presenta nestas datas na compostelá Casa da Parra e que constitúe un prodixio de creación, vitalidade. Aborda todos os ámbitos: pintura, cerámica, mural, cartel...

-Don Isaac, ¿Por qué titula esta exposición “Pinturas e fracasos”?

-Iso foi cousa dos que organizaron esta exposición: Daniel Varela e José Lorenzo, comisarios da mostra. Eles levaban tempo detrás da idea e por fin puideron sacala adiante. Trataron de convencerme e convencéronme. A min é fácil convencerme das cousas. Ben, fíxose unha parte da exposición cuns restos de pintura que tiña desde hai tempo, porque eu non teño nada máis que iso, non me queda nada máis para expoñer. Non é pintura profesional. Eu desde o ano 49 son un industrial, fracasado tamén, pero non pintor. Iso hai tempo que pasou á historia.

-Aquí temos exemplos de hai moitos anos. Vemos unha obra súa característica. Os espídeos carnosos, con esas tonalidades rosadas, que despois os pasou á cerámica.

-Eu non me fío moito do que fago. Foron moitas cousas as que fixen ao longo da miña vida. Abandonei a pintura profesionalmente hai moito tempo e case todo o que hai aí exposto son restos que quedaron. Eu pintaba, estudei debuxo. O que hoxe se expón son cousas que quedaron acantoadas. Son traballos que facía en anacos libres.

-Vostede estudou debuxo. En realidade, licenciouse na Facultade de Belas Artes de San Fernando e non con notas normais. Foi alumno destacado, con moitísimas matrículas de honor e incluso rematou en dous anos unha carreira de catro.

-Iso foi consecuencia da guerra. Despois da guerra as facultades traballaban a metade por lei. Non teño moitas medallas das que presumir na miña biografía.

-Estase quitando méritos...

-Non. O único mérito meu era que tiña moita fame e moito entusiasmo e, claro, iso acelerábame e tivo unha influencia decisiva na miña vida. E traballaba moi ben e, en efecto, iso deu lugar a que tivese moitos premios inmediatamente. O premio do Estado, a bolsa do Conde de Cartaxena. Fun a Italia co delegado de España a un congreso. Finalmente fun profesor de debuxo na Escola de San Jordi de Cataluña. Era moi novo, tiña 22 ou 23 anos.

-Xa que fala da súa viaxe a Italia, ¿Qué supuxo na súa produción o contacto coa gran pintura europea?

-Nos poucos meses que estiven en Italia vivín tempos moi difíciles porque era no ano 1942. Hai que darse de conta de que poucos días despois os norteamericanos desembarcaron no norte de África e inmediatamente invadían Sicilia. Así que asistín a un momento moi difícil de Italia, con moita fame, non se comía. As prazas estaban levantadas para plantar cousas. Era moi complicado. Pero non me pareceu mal ver como estaba a vida que tiña Italia a pesar de todas as dificultades e vivir aquelas experiencias. Si, a arte italiana é unha cousa excepcional.

-Nesta exposición vemos unha evolución, pero tamén como asimilou a influencia dos grandes mestres da pintura europea. Non só aparecen os italianos, tamén influencias de Ribera. Porque vostede meteuse de cheo no Prado.

-É certo. Esas cousas hai que ter en conta que aconteceron cando eu era moi novo. Eu estaba estudando en San Fernando e tiña tempo para ir ao museo e copiar obras emblemáticas. Eu aproveiteino todo o que puideron e, de feito, foime ben, pero logo dinme de conta de que era unha sociedade moi complicada...

-Sobre todo facendo retratos. Deuse conta diso porque fixo moitos para a burguesía, e non estaba moi satisfeito.

-Había que vivir e empuxábanme as condicións miñas. Era a mellor saída para ir tirando. Pero non me satisfacía moito.

-Pero había boa técnica. ¿Cantos retratos de burgueses realizou?

. -Eu que sei. Non me acordo, porque ademais a xente que tiña cartos era a que había que retratar. Iso disparábame máis ben para dicir: “Hai que acabar con isto”. Cada un que facía custábame máis traballo.

-Esas miradas tan expresivas, esos ollos con tanta vida...

-Non eran os retratos precisamente que eu quería facer. Os retratos de señoras con cartos tiñan que ser como elas querían que fosen. Non querían ter defectos, engurras... Moi complicado.

-Esos ollos tan expresivos que aparecen na súa produción, sobre todo na segunda sala da Casa da Parra, son excepcionais. “Neses rostros e nesas xentes”, titúlase.

-Si. Iso foi o leiv motiv que levou aos comisarios a ampliar a exposición. Por iso terminei aceptando a oferta. E aí está. Os ollos son parte expresiva da miña obra, desde sempre.

-Isaac, ¿como cambia a súa obra despois de sentir que necesita falar do pobo galego e de todo o que sufriu! Daquela, a temática social pasa a estar por todas partes.

-A temática social é importante. Preocupámonos no Laboratorio de Formas de recuperar a historia con Luís Seoane e despois co arquitecto Albalat. En América convivimos con moitos exiliados estupendos como Baltar, Dieste...Había unha ducia de exiliados que sabían moi ben o que había que facer, pero morreron todos. Non queda ningún. O único que queda son eu.

-O único republicano vivo en Galicia, como se define. ¿Pódese seguir sendo hoxe republicano?

-Si, desde logo. Aínda que todos os da miña xeración morreron, as ideas sobreviven.

-Pero antes de morrer regresaron moitos grazas a vostede, e tamén sacou do esquecemento outra boa mancha deles.

-É certo; démoslle aloxamento. Tiñamos un piso en Madrid que estaba a disposición dos exiliados que viñan. E logo despois tamén a nosa casa do Castro. Axudamos a retornar e colaborar aquí. Pero ao pouco tempo morreron todos.

-Témolo a vostede aquí para que fale deles, que xamais os esquece, aí está o labor tan importante que fixo con Luís Seoane.

-Luís Seoane era un individuo excepcional. Eu xa o coñecía de antes da guerra, en Santiago. No taller de meu pai fixo decoracións e outras cousas. Aquí, ao lado de *El Correo Gallego*, había unha institución, que era o Círculo Mercantil, e alí facíanse exposicións e moitas cousas. É curioso, porque había o Casino de Caballeros, onde estaba a xente ben, pero no Mercantil había artistas e un pouco de todo. E tiña unha sala de exposicións, facíanse bailes...Eran outros tempos.

-Falemos de máis cousas significativas de vostede. Despois de deixar os pinces, todo ese caudal que levaba dentro traspásase ás cerámicas do Castro e Sargadelos. Foron pioneiros ao facer a cerámica máis revolucionaria do momento.

-Fíxose cerámica, que foi sempre ben, pero tamén se puido facer unha editorial, Edicións do Castro, que tiña 1.500 títulos publicados. Creouse o Instituto Galego de Información (IGI), que fixo cousas excepcionais. Montou todas as galerías, pero incluso materialmente, porque tiña talleres de metalurxia e de carpintería. O IGI conseguiu a casa da Galería Sargadelos de Santiago da Rúa Nova, que ten cinco plantas e está protexida, desde a que se ven as torres da catedral. A obra é de Domingos de Andrade. Para reconstruíla houbo que loitar moito.

-Loitouse moito por todo, porque na creación do Museo Carlos Maside, no que vostede tivo tanto que ver, habería moito que dicir.

-Teño que dicir que a idea dun museo galego é de Luís Seoane, xa antes do Laboratorio de Formas. Cando se puido facer iso, fíxose. Pero a idea primeira era a de reunir xentes en torno ao noso ideario e á mellora e promoción da nosa terra. Porque, claro, a arte galega nese momento, a partir de Castelao, adquire un compromiso con Galicia e coa modernidade que sorprende fronte ao anterior. Creo que segue sendo interesante e ten unha influencia decisiva hoxe en día. Temos que andar prestando obra constantemente, que vai a Madrid, a Barcelona... Sempre falta obra no Museo porque hai que prestala a moitas partes do mundo onde se aprecia o noso esforzo.

-¿Que importancia tivo o deseño sempre no seu traballo e tamén nas súas teorías! Vostede é un amante das teorías de Ruskin, tamén da Bauhaus.

-Nós publicamos un libro sobre os estudos do ruso, o primeiro que empeza tendo importancia, logo a Bauhaus, e logo vén tamén o colectivo de Hulm... Fixemos moitas cousas innovadoras que foron un importante revulsivo na Galicia da época.

-No ámbito formal, moitos deses deseños son un tanto utópicos. Eu véxoos nesas máquinas que se expoñen, nas escaleiras en caracol que van ao ceo, obras que recordan a Vladimir Tatlin...

-Recordan porque verdadeiramente trátase de cousas universais que había. Coinciden co máis impactante da época. O deseño é unha cousa que enlaza con cada momento. Tanto a rusa como a alemá son institucións que morren por consecuencias sociais e políticas. Estamos en Sargadelos morrendo tamén polas mesma cousa, aínda que aquí hai outras que fan dano.

-Dentro das obras que vemos na exposición, ¿a cal lle ten máis cariño?

-Nunca pensei niso, pero non quixera desprenderme da *Nave Espacial*. Teño especial agarimo por este peza.

-Realmente, a Nave Espacial é un cartel de cego. ¿Meteríanos aí aos galegos? Porque conta a historia de Manuela e o seu marido. Cóntenolo vostede.

-É a descrición de xente que vén en avións, e alugan unha tenda e van facendo polo aire o que fan na terra. Hai outro tamén pequeniño... Son as últimas cousas que fixen xa hai 40 anos.

-Eu creo que deixou a pintura, pero os pinceis e os debuxos no aire, nunca deixou de facelos...

-Como tiña liberdade, porque eu vivía doutra cousa, podía inventar cousas.

-¿Levará todo este gran proxecto á Cidade da Cultura?

-Mandamos 105 caixas de material documental bibliográfico á Cidade da Cultura e temos que estudar para corrixir moitas cousas. Esta bibliografía é documentación que teño eu, porque morreron todos e quedei eu só. Diso non había nada nas outras bibliotecas porque están dedicadas a outras cousas.

Pero este contacto que eu tiven co exilio creou unha serie de cousas que era conveniente que estivesen gardadas porque eu non podo conservalas ben. O arquivo do Gaiás, indubidablemente, tecnicamente, como biblioteca, é o mellor que hai en Galicia e onde hai máis seguridade. Despois hai que estudar cousas para que todo quede en condicións. Isto xa está feito así. Podemos estar de acordo ou non.

A arquitectura que fai Peter Eisenman, metida en Santiago de Compostela, quedará sempre como algo excepcional. Dentro diso, creo que lle faltan cousas que o arquitecto non tivo en conta. Porque o Gaiás é un monte e préstase moi ben para o turismo. Pero o arquitecto non contou con que tiña que ter un hotel. Un dos edificios podía ser un hotel, aínda que se chamase albergue ou como se quixese... para fomentar tamén o turismo aí.

-Para rematar, ¿Qué libro levaría a unha illa deserta?

-A Divina Comedia.

-Moito lle gusta o descenso aos infernos. Eu quedo cun cadro, “A barca de Caronte”, da que se fixeron moitas versións.

-Esa barca que hai aí pode ser de Caronte ou do que queiramos.

-¿Qué obra universal destacaría da historia da humanidade? ¿Cal lle impactou máis?

-A obra conxunta, sen ningunha dúbida, é a de Italia. Xa o dixo Miguel Ángel, que a obra de Italia ten unha xeometría interna que destaca por enriba de todas as cousas.

-Un home mítico da esencia natural do noso pobo. Un home que intentou unirnos a todos nunha idea común: Galicia, Galicia única e exclusiva.

A República vivina con moita intensidade

-¿Cre que a vida o tratou ben?

-Nalgúns casos tratoume mellor do que merezo, como por exemplo hoxe, por estar aquí con vostede. Estar en *El Correo Gallego* é moi agradable. Aquí teño bos amigos.

-¿É optimista ou pesimista sobre a natureza humana?

-Hai de todo. Hai moitas equivocacións na xente. É un tema moi longo este. Máis ben son pesimista.

-¿Qué feito considera transcendental na súa vida.

-Os fracasos. Iso foi transcendental. Moito máis cós acertos.

-¿Qué acontecemento de Galicia viviu con máis intensidade?

-Na época da República. No ano 36, cando se fixo o primeiro plebiscito de autonomía, eu fixen uns carteis. Hai un que firmo incluso eu, que foi o único que me deixou asinar meu pai. Aquilo, sen ningunha dúbida, todo o que pasou, foi moi dramático por un lado, moi de vivir por outro, pero a vida é así.

-¿Cal foi o mellor consello que recibiu de seu pai?

-Que non fose imbécil e que me axustase ás cousas... Eu era máis avanzado có meu pai. Meu pai era máis tradicional.

-¿E o consello que lle quere dar e que lle dá aos seus fillos?

-Non me fan caso. Dígolles que non teñen necesidade de seguirme a min. Pero que non fagan cousas estrañas.

-¿Séntese feliz, despois de declarar que descendera aos infernos en momentos da súa vida?

-Eu supoño que irei alí. Feliz, feliz... Xa ve.

-¿Qué espera hoxe despois de tanto triunfo conseguido na súa longa vida?

-Os triunfos son relativos... Eu coido que na miña vida houbo máis fracasos ca triunfos.

-Falemos deses fracasos que os demais non vemos...

-Si. Non é literatura. E os fracasos son realidade. Naqueles días tan turbulentos eu abandonei a pintura, porque era un tempo en que España tiña moitas dificultades. Os españois aínda estaban pelexando. A min no me parecía ben seguir pintando naquela situación, servindo cos pinceis a unha sociedade que estaba enferma, ferida de morte.

Índice onomástico

- Adrio, Gonzalo, 206
 Albalat, Andrés, 37
 Alberti, Rafael, 51
 Alcántara, Jacinto, 211
 Andrade, Domingos de, 260
 Alonso Montero, 54, 123, 127, 129, 231
 Álvarez, Santiago, 51
 Álvarez, Moisés, 78-79
 Álvarez de Soutomaior, 210
 Arias de Castro, Carme, 211
 Arias de Castro, Carme (Mimina), 67
 Asorey, 67, 165, 238
 Bakunin, 48
 Bal y Gay, 210
 Baltar, Antonio, 69, 92, 165, 235, 255
 Barrié de la Maza, Pedro, 93
 Barro, Senén, 200, 239
 Beiras, 50, 57, 65
 Bello Piñeiro, 243, 254, 256
 Bill, Max, 185
 Blanco Amor, 69, 80, 92, 165, 171, 179, 191, 213, 237-238, 250, 255
 Borobó, 183
 Botana Agra, Manuel, 214
 Cabanillas, Ramón, 67, 165, 168, 238
 Calzado, Daniel, 104
 Candeira, Constantino, 72, 122, 170
 Carballo Calero, Ricardo, 229
 Carbonell Ruiz, Daniel, 207
 Casal, Ánxel, 67, 73, 123, 135, 168, 199, 204, 238-239, 252-253
 Casas, Álvaro de las, 123, 204
 Castelao, 35, 38, 40, 43, 46-47, 53-54, 56, 63-64, 67, 72-73, 82, 92, 103-104, 107, 112, 117, 122-124, 129, 135, 137, 150, 168, 175-177, 179, 182-184, 193-194, 204-205, 228-229, 236, 238, 240, 242, 244, 249, 253, 260
 Castro, María Xosé, 157
 Cernuda, Luís, 125, 210
 Cézanne, 33
 Colmeiro, 250
 Conde, Alfredo, 50
 Cora, José, 57
 Coullat Valera, 210
 Cristóbal Castillo, Primitivo Ramón, 207
 Cuadrado, Arturo, 69, 165, 184
 Cuevas, José María, 96
 Cunqueiro, Álvaro, 79
 Curros Enríquez, 236
 Dalí, 33
 Dègas, 33
 Díaz, Antonio, 226
 Díaz, Xosé, 86
 Díaz, José María, 246
 Díaz Balaño, Camilo, 15-16, 67, 72, 135, 199, 238
 Dieste, Rafael, 69, 104, 107, 126, 148, 171, 175, 179, 183-184, 191, 197, 226, 235, 237, 242, 255
 Dónega, Marino, 231
 Eisenman, Peter, 262
 Enríquez Casas, Henrique, 214

- Espríu, Salvador, 182
Fandiño, Xaime, 10, 252
Fandiño, Xosé Ramón, 3, 9, 199, 238, 250
Fernández, 4, 17, 50, 79, 94, 148, 152, 155, 165-167, 185, 207, 214, 219
Fernández Albor, 17, 50, 219
Fernández del Amo, José Luis, 207
Ferreiro, Celso Emilio, 244
Fole, Ánxel, 83, 130
Fra Filippo, 33
Fraga, Isaac, 67, 72-73, 167-168, 202, 252-253
Fraga, Manuel, 17, 64-65, 155, 219
Fraguas, Antonio, 72
Franco, 8, 44, 76, 84, 125-126, 133, 135, 138, 149, 179, 184, 205, 207, 210-211, 227-228
Frondizzi, Arturo, 81
Gallástegui, Cruz, 92, 94
García Calvo, 54
García, Segismundo, 156-157
García-Sabell, 51, 55, 83, 127, 129
Garrido Serrano, Julio, 207
Garrote, Crisanto, 206-207
Gaugin, 33
Gómez Franqueira, Euloxio, 94
González Laxe, 17, 64, 219
González Moro, 206
Goya, 30, 33
Gradañlle Sierra, Eduardo, 214
Granell, 250
Guerra, Alfonso, 51
Ibáñez, Antonio Raimundo, 77, 218, 241
Iglesias Corral, 55, 146
Ledo, Manuel, 79
Leizaola, 63, 127
López, Marisol, 176, 196
López Bravo, 82, 172
López Veiga, Rodolfo, 74
Lorenzo, José, 257
Losada, Basilio, 231
Lucca della Robbia, 30
Lugrís, 250
Manet, 33
Marentes, Luís, 157, 211, 213
Martínez Torner, 210
Massaccio, 33
Maside, 16-17, 31, 37, 52, 55, 63, 70, 104, 106-107, 126, 128-129, 133-134, 148, 156, 164-165, 171, 183, 186, 188, 213, 226, 231-232, 251, 255-256, 260
Mayán Fernández, 79
Menéndez Parada, 78
Miguel Ángel, 262
Monet, 33
Mosquera, Antonia, 213
Mourelle, Ricardo, 79
Muguraza, Pedro, 210
Muntaner Muns, Luís, 209
Neira Vilas, 184
Nogueira, Camilo, 65, 217
Nogueira, Federico, 37, 68, 78, 211
Nóvoa, Leopoldo, 250
Núñez Búa, 69, 80, 126, 148, 165, 171, 175, 184, 212, 235, 254-255
Núñez de Celis, Francisco, 207

- Osorio-Tafall, 64, 128
Otero Pedrayo, 72, 122, 128, 152, 155, 165, 167-168, 209, 238, 253
Parga Pondal, Isidro, 70, 92-93, 214
Paz-Andrade, Valentín, 56, 78, 83, 90, 92, 94, 128, 149, 168, 189, 253
Peña Novo, Lois, 94
Pereira, Dionísio, 198
Pérez Aguilera, Miguel, 207
Picasso, 30, 33, 112
Piniés, Jaime, 64
Piñeiro, Ramón, 4, 15, 54-55, 83, 93, 128-129, 167
Polo, Carmen, 44
Pousa Antelo, Avelino, 197, 203
Primo de Rivera, Pilar, 241
Puente Castro, 74, 124, 169, 204, 254
Quintana, Anxo, 230
Raimúndez, Alexandre, 210
Rajoy, Mariano, 198
Rebollo Dicente, José, 207
Rego Martínez, Efrén, 79
Remeseiro, 217
José Rey Romero, 37, 68, 78
Riego, Paco del, 51, 129, 158, 197, 250, 255
Risco, Vicente, 72, 165, 238
Rodríguez Zapatero, 151, 244
Rodríguez-Losada Trulock, Jacobo, 207
Rolle Fernández, Antonio, 214
Romay Becarí, 206
Rosenthal, Felipe, 79
Ruppén, Víctor, 218
Sáenz de Tejada, Carlos, 76, 125, 207
Sánchez Álvarez, Cesáreo, 207
Sánchez Mosquera, 36
Sánchez Salorio, 36
Santiso Girón, 203
Seoane, Luís, 16-17, 82, 84, 92, 104, 107, 126-127, 129, 135, 138, 147-148, 152-153, 155-156, 164-165, 171-172, 175, 177, 182-185, 191, 197-199, 212, 215, 226, 229, 231, 234-236, 255, 259-260
Seoane, Xavier, 86
Sineiro, Santiago, 145, 157, 165, 191, 200, 214, 216-217, 256
Solana, 34
Suárez, Adolfo, 49, 63, 127
Taibo, 67
Taracido, Arturo, 206
Tarradellas, 63, 91, 127
Tatlin, Vladimir, 261
Teijeiro, José, 35, 253
Tellería, Juan, 241
Teresa dos chismes, 253
Tintoretto, 33
Valera, Juan, 210
Varela, Andrés, 187, 214-216
Varela, Daniel, 257
Varela, Lorenzo, 69-70, 80, 92, 104, 107, 126, 130, 132, 148, 165, 171, 179, 184, 191, 197, 212, 226, 235, 237, 242, 255
Vázquez, Francisco, 229
Vázquez Freire, 211, 213-215

Vilanova, Alberto, 69, 184, 191
Villamarín, Xosé, 212
Villar Ponte, 67
Vinci, Leonardo da, 208
Virgós, Leoncio, 67

Este libro sobre a
Restauración da Memoria Histórica
e das Formas Tradicionais
de
Isaac Díaz Pardo
saíu do prelo en Compostela
no mes de decembro
do ano 2020,
como memoración
do centenario de
Isaac



ISBN 978-84-453-5366-0



9 788445 353660



XUNTA
DE GALICIA